- **Programa Nutriescolas 0 e Nutriescolas 1, modalidade Aliméntate Ben do Plan Proxecta, coordinado por Marina Caramés .**
- **Programa Froita na Escola do Plan Proxecta, FOGGA**
- **Programa de consumo de leite fresco, Plan Proxecta, FOGGA**
- **Plambe.**
- **Clubs de lectura, dentro do plan LÍA de Bibliotecas Escolares**
- **Radio na Biblio, coordinado por Ramona Bello.**
- **Participación en Contratos Programa, nas modalidades de Innova e Inclúete.**
- **Generación Eco.**

# 15. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

## 0. INTRODUCIÓN

O Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe O Grupo é un centro público pertencente ao ámbito urbano. Está situado no centro urbano da vila pesqueira de Ribeira, na península do Barbanza (A Coruña).

Ribeira é un dos concellos punteiros da comarca da Barbanza e de Galicia. O municipio ten 69 quilómetros cadrados e pola súa situación xeográfica conta cunha actividade e unha economía intimamente ligada ao mar, sendo o seu porto un dos máis importantes da UE, a isto súmanse unhas altas expectativas de cara o incremento do turismo. A poboación ascende a máis de 27.000 persoa

Podemos **esquematizar as características do contexto**:

I Situado nun concello rural-urbano, cuxa poboación se dedica nun 35 % ao sector primario, nun 30% ao sector secundario, nomeadamente á construción, e nun 35 ao sector terciario.

II Nivel de instrución da poboación medio.

III Dinamización cultural media/alta.

IV Poboación galego-falante maioritariamente, aínda que se está a producir un proceso de substitución lingüística acelarado nas xeración máis novas, precisamente as que están a facer ou van cursar estudos universitarios.

V Detéctase certa realidade diglósica, que se ve influída polo desprestixio da variante dialectal (con seseo e gheada).

## 1. DATOS DO CENTRO

O **claustro do profesorado** está formado por 37persoas e como PAS traballan: un auxiliar de conversa, catro coidadoras e un administrativo de capacitación para empregar o galego na actividade docente é suficiente en xeral, mais cumpriría reforzar a súa formación con cursos de actualización normativa e con achegas de bibliografía sobre terminoloxía e sobre planificación lingüística.

Neste ano académico presenta unha matrícula de 430 alumnos/as nos que a súa maioría son castelán falantes, e onde unha pequena porcentaxe é galego falantes.

No seguinte cadro mostramos a **distribución do alumnado por cursos**.

| **Tipo de Alumnado** | **Curso** | **Nº de Alumnos/as** |
|---|---|---|
| Alumnado de EI | 4º | 26 |
| | 5º | 44 |
| | 6º | 42 |
| **Total EI** | | 112 |
| Alumnado de EP | 1º | 44 |
| | 2º | 61 |
| | 3º | 46 |
| | 4º | 53 |
| | 5º | 49 |
| | 6º | 42 |
| **Total EP** | | 295 |
| **Total de alumnado de todo o centro** | | **407** |

No tocante á **ambientación lingüística do centro** dicir que:

- A lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro, na rotulación, nas notas informativas dos taboleiros, nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.

- A dotación de fondos en galego non é suficiente canto a libros e revistas. Cumpriría pois aumentar a adquisición de materiais editados en CD, DVD, discografía galega e bibliografía en xeral.
- O centro  posúe unha páxina web que está en galego.

Dende hai anos vense traballando para que o alumnado acade unha competencia comunicativa en galego empregando este idioma como lingua viva e vehicular no curriculoa máis doutras estratexias que ao final buscan a dignificación da cultura galega. As comunicacións por escrito así coma os documentos, rexistros, libros de actas, programacións … do centro fanse en galego.

Neste contexto, e co noso esforzo, teremos que afinar para descubrir e atallar os aspectos que quedan por superar con respecto ó menosprezo da nosa lingua.

## 2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

### 2.1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

No curso 2008/2009 comezouse a elaborar o PSC, deseñando e pasando distintas enquisas para obter datos dos distintos axentes educativos. Estes datos reflicten distintos aspectos (uso, valoración, prexuízos...) da realidade ca que nos imos enfrontar como institución educativa. As distintas enquisas foron baleiras, sendo esta a primeira fase do PSC, e o punto de partida cara este curso.

Cos datos obtidos (enquisas para o PSC, mapas lingüísticos, datos do PEC...) podemos afirmar que **a  lingua maioritaria do entorno no que se ubica o CEIP Plurilingüe O Grupo é o castelán**. En canto o profesorado, a lingua vehicular de tratamento co alumnado é maioritariamente en galego, aínda que a relación entre profesionais sexa en moitas ocasións en castelán, conlevando o risco dun desaxuste na percepción do alumnado cara nós coma referentes, polo tanto este será un dos focos de atención que teremos como EDL.

O feito de formar parte da Coordinadora de Equipos de Dinamización e Normalización do Barbanza, xunto con outros 20 centros, enriquece e amplía o marco comparativo do uso e valoración da lingua.

### 2.2. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO

Reproducimos uns datos esclarecedores do uso do galego por parte do profesorado no CEIP Plurilingüe O Grupo que foron tomados o curso 2007/08 entre o profesorado.

| ENQUISA USO DO GALEGO NO PROFESORADO | | |
|---|---|---|
| | Mostra | % |
| **1. Que lingua empregas habitualmente fóra do contorno educativo?** | | |
| **a.** Só castelán | 3 | 19% |
| **b.** Predomina o castelán | 3 | 19% |
| **c.** Castelán e galego por igual | 4 | 25% |
| **d.** Predomina o galego | 3 | 19% |
| **e.** Só galego | 3 | 19% |
| **2. Que lingua empregas habitualmente non centro educativo?** | | |
| **a.** Só castelán | 1 | 6% |
| **b.** Predomina o castelán | 2 | 13% |
| **c.** Castelán e galego por igual | 4 | 25% |
| **d.** Predomina o galego | 3 | 19% |
| **e.** Só galego | 3 | 19% |
| **3. Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?** | | |
| **a.** Moi baixa | 0 | 0% |
| **b.** Baixa | 0 | 0% |
| **c.** Media | **7** | 44% |
| **d.** Alta | 5 | 31% |
| **e.** Moi alta | 4 | 25% |
| **4. Cal é a túa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada?** | | |
| **a.** Ningunha | 0 | 0% |
| **b.** Pouca | 0 | 0% |
| **c.** Moderada | 4 | 25% |
| **d.** Boa | 6 | 38% |
| **e.** Plena | 6 | 38% |

## 2.3.SITUACIÓN DO ALUMNADO

Reproducimos agora uns datos do uso do galego por parte do alumnado no CEIP Plurilingüe O

Grupo que foron tomados o curso pasado entre o alumnado.

| ENQUISA USO DO GALEGO NO ALUMNADO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Infantil | 1º ciclo Primaria | 2º ciclo Primaria | 3º ciclo Primaria | Total PRIMARIA |
| | % | % | % | % | Media Primaria % |
| **En Que lingua aprendiches a falar?** | | | | | |
| 1.En castelán | 58,33% | 60,53% | 41,27% | 49,21% | 50,33% |
| 2.En galego | 20,83% | 10,53% | 15,87% | 15,87% | 14,09% |
| 3.Nas dúas | 12,50% | 26,32% | 38,10% | 33,33% | 32,58% |
| 4.Noutra (s) | 8,33% | 2,63% | 4,76% | 1,59% | 2,99% |
| **Que lingua se fala habitualmente na túa casa?** | | | | | |
| 1.Só castelán | 11,11% | 15,79% | 22,95% | 22,22% | 20,32% |
| 2.Predomina o castelán | 44,44% | 36,84% | 8,20% | 27,78% | 24,27% |
| 3.Castelán e galego por igual | 16,67% | 23,68% | 47,54% | 27,78% | 33,00% |
| 4.Predomina o galego | 22,22% | 13,16% | 13,11% | 16,67% | 14,31% |
| 5.Só galego | 0,00% | 10,53% | 6,56% | 5,56% | 7,55% |
| 6.Outra (s) | 5,56% | 7,89% | 1,64% | 0,00% | 3,18% |
| **Que lingua usas habitualmente?** | | | | | |
| 1.Só castelán | 45,83% | 34,21% | 38,71% | 14,29% | 29,07% |
| 2.Predomina o castelán | 25,00% | 39,47% | 9,68% | 31,17% | 26,77% |
| 3.Castelán e galego por igual | 12,50% | 7,89% | 33,87% | 25,97% | 22,58% |
| 4.Predomina o galego | 8,33% | 15,79% | 3,23% | 20,78% | 13,26% |
| 5.Só galego | 4,17% | 0,00% | 11,29% | 7,79% | 6,36% |
| 6.Outra (s) | 4,17% | 2,63% | 3,23% | 0,00% | 1,95% |
| **Que lingua usas habitualmente na escola?** | | | | | |
| 1.Só castelán | 23,81% | 15,79% | 12,90% | 7,94% | 12,21% |
| 2.Predomina o castelán | 28,57% | 26,32% | 3,23% | 31,75% | 20,43% |
| 3.Castelán e galego por igual | 19,05% | 23,68% | 64,52% | 41,27% | 43,16% |
| 4.Predomina o galego | 23,81% | 34,21% | 11,29% | 19,05% | 21,52% |
| 5.Só galego | 4,76% | 0,00% | 3,23% | 0,00% | 1,08% |
| 6.Outra (s) | 0,00% | 0,00% | 4,84% | 0,00% | 1,61% |
| **En Que lingua aprendiches a falar?** | | | | | |
| 1.En castelán | | 60,53% | 41,27% | 49,21% | 50,33% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2.En galego | | | 10,53% | 15,87% | 15,87% | 14,09% |
| 3.Nas dúas | | | 26,32% | 38,10% | 33,33% | 32,58% |
| 4.Noutra (s) | | | 2,63% | 4,76% | 1,59% | 2,99% |
| **Que lingua se fala habitualmente na túa casa?** | | | | | | |
| 1.Só castelán | | | 15,79% | 22,95% | 22,22% | 20,32% |
| 2.Predomina o castelán | | | 36,84% | 8,20% | 27,78% | 24,27% |
| 3.Castelán e galego por igual | | | 23,68% | 47,54% | 27,78% | 33,00% |
| 4.Predomina o galego | | | 13,16% | 13,11% | 16,67% | 14,31% |
| 5.Só galego | 0,00% | | 10,53% | 6,56% | 5,56% | 7,55% |
| 6.Outra (s) | 5,56% | | 7,89% | 1,64% | 0,00% | 3,18% |
| **Que lingua usas habitualmente?** | | | | | | |
| 1.Só castelán | 45,83% | | 34,21% | 38,71% | 14,29% | 29,07% |
| 2.Predomina o castelán | 25,00% | | 39,47% | 9,68% | 31,17% | 26,77% |
| 3.Castelán e galego por igual | 12,50% | | 7,89% | 33,87% | 25,97% | 22,58% |
| 4.Predomina o galego | 8,33% | | 15,79% | 3,23% | 20,78% | 13,26% |
| 5.Só galego | 4,17% | | 0,00% | 11,29% | 7,79% | 6,36% |
| 6.Outra (s) | 4,17% | | 2,63% | 3,23% | 0,00% | 1,95% |
| **8.Que lingua usas habitualmente na escola?** | | | | | | |
| 1.Só castelán | 23,81% | | 15,79% | 12,90% | 7,94% | 12,21% |
| 2.Predomina o castelán | 28,57% | | 26,32% | 3,23% | 31,75% | 20,43% |
| 3.Castelán e galego por igual | 19,05% | | 23,68% | 64,52% | 41,27% | 43,16% |
| 4.Predomina o galego | 23,81% | | 34,21% | 11,29% | 19,05% | 21,52 |
| 5.Só galego | 4,76% | | 0,00% | 3,23% | 0,00% | 1,08 |
| 6.Outra (s) | 0,00% | 0 | 0,00% | 4,84% | 0,00% | 1,61% |

Estes datos obtidos no centro indícannos que máis do 50% do alumnado aprenderon a falar en castelán, e supera amplamente o 50% o alumnado que se expresa só en castelán ou maioritariamente en castelán.

## 3. AS LINGUAS QUE SE EMPREGAN NAS ÁREAS OU ÁMBITOS DE COÑECEMENTO NO CEIP Plurilingüe O GRUPO

### 3.1. EDUCACIÓN INFANTIL

O Artigo 5º do D. 79/2010, establece no seu apartado referido á educación infantil:

*"1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e procurará de que o alumnado adquira, de xeito oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo.*

*2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo, de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes de comezo do curso escolar acerca da lingua materna de seu fillo ou filla.*

*3. Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.*

**Dende o grupo docente de Educación Infantil, maniféstase un progresivo uso do galego nas clases dende os 3 anos ata os 5.**

### 3.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

No CEIP Plurilingüe O Grupo impartiranse obrigatoriamente en galego as áreas de: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Valores Sociais e Cívicos, tal como reflicte o D. 79/2010.

Así consta que os libros destas áreas, nos tres ciclos son en galego.

Asemade tamén se imparten, en galego, no noso centro **as áreas de Relixión Católica, Relixión Evanxélica** (con algúns grupos) **e Música.**

**Obxectivos que se plantexan para EP**

- Consolidar a competencia plena en galego garantindo que non se abandone na práctica oral.
- Desenvolver actitudes positivas de cara ao fortalecemento do galego como lingua vehicular**.**

## 4. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO.

Neste curso o Departamento de Orientación tomará as medidas axeitadas para mellorar a competencia lingüística dos nenos/as se fora preciso: Grupos de adquisición das linguas, grupos de adaptación da competencia curricular, agrupamentos flexibles, atención individualizada… en definitiva, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado/a.

## 5. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO

Manéxanse fontes documentais para poder determinar a lingua predominante no contorno, entre elas están:

• Seminario de Sociolingüística/RAG (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.

• Seminario de Sociolingüística/RAG (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.

• Seminario de Sociolingüística/RAG (1996).*Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.

• Instituto Galego de Estatística (2004). *Enquisa de condicións de vida das familias: coñecemento e uso do Galego. Ano 2003*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

• Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (2005). *A sociedade galega e o idioma:evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Indicar tamén que o pasado curso se construíu unha enquisa coa que se obtiveron importantes datos sobre a situación lingüística do centro.

Propone **que cada 3 cursos académicos se volva a pasar esta enquisa para determinar a lingua ambiental do centro**.

## 6. OBXECTIVOS XERAIS DA DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CEIP Plurilingüe O GRUPO

- Estender e optimizar o uso da lingua galega no centro educativo.
- Mellorar os usos cultos do alumnado.
- Dignificar a imaxe da lingua galega entre o alumnado e aumentar a súa autoestima lingüística respecto da súa variedade dialectal.
- Ofrecer a toda a comunidade educativa unha imaxe moderna da lingua galega, vinculándoa ás novas tecnoloxías e amosando o seu uso en sectores sociais prestixiados.

- Implicar todos os axentes escolares neste proceso que debe ser liderado polo equipo directivo asesorado e apoiado polo EDL .

-Abordar o escenario educativo e escolar e contribuír á dinamización lingüística e cultural do contexto municipal.

## 6.1. OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO 2022/2023

### 6.1.1. CARA O PROFESORADO

Os obxectivos cara o profesorado, camiñan fundamentalmente en dúas liñas: Potenciar o uso do galego naqueles casos onde aínda non existe a presenza desexada e por outra banda sensibilizar da importancia e responsabilidade que temos dende o noso rol docente en tódalas dimensións o que implica o uso e valoración da nosa lingua: prexuízos, aposta polo seu uso nas TIC… Preocúpanos especialmente o feito de que sexa o castelán moitas veces a lingua de comunicación entre os profesionais. Partindo desta realidade estes son os obxectivos que nos propoñemos:

- Transmitir respecto e valoración pola lingua do noso alumnado.
- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado, co alumnado, cos pais e nais, coa administración e servizos.
- Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación escrita en tódolos elementos da ambientación e de información do centro e das aulas: taboleiros, murais.
- Utilización do galego atendendo ás directrices legais sendo lingua vehicular e de aprendizaxe do centro aspirando a xeneralizar o seu uso no maior número de materias posibles.

- Buscar fórmulas de actuación para que os prexuízos lingüísticos detectados non vaian en incremento, e se limen a través da análise, reflexión e diálogo.

- Buscar e crear espazos para a reflexión co alumnado sobre distintas situacións cotiás relacionadas ca lingua: uso nos medios, presenza en Internet, uso nas saídas.

- Formarnos en materia das TIC para poder espremer o seu potencial como ferramenta e soporte da nosa lingua.

### 6.1.2. CARA O ALUMNADO

A nosa actuación vai encamiñada a potenciar o seu valor como identidade e uso nos distintos ámbitos da súa vida cotiá (música, cultura, deporte…) espazos cos que se sintan identificados/as e libres de prexuízos.

- Contribuír a desenvolver a conciencia lingüística borrando prexuízos lingüísticos cara a lingua galega.

- Potenciar actitudes positivas e de valor cara a súa lingua.

- Conseguir que o alumnado use a lingua galega en calquera situación.

- Buscar fórmulas de actuación para subliñar o valor da nosa lingua como identidade e a posibilidade real de ser usado en calquera contexto.

- Visualizar usos do galego en contextos e soportes de vangarda: Internet, roupas…

- Crear espazos de diálogo e reflexión sobre a propia lingua (cos rexistros das saídas, comentando novas dos xornais…)

- Achegar ao alumnado ao mundo das TIC, animándoos a elaborar materiais en galego (por exemplo blogs) e a navegar por páxinas na súa lingua con contidos actuais conectados con temas do seu interese (música, deporte…)

- Utilizar diversidade de soportes para o uso da lingua escrita e oral.

### 6.1.3. CARA O PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita con e entre o persoal non docente e o resto da comunidade educativa.

- Implicalos/as en distintas propostas (ambientación do centro, relatos de experiencias vividas nas aulas…).

### 6.1.4. CARA A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Partindo do propio Equipo de Dinamización sinalaremos:

- Deseñar e desenvolver experiencias dinamizadoras cá máxima cobertura posible na comunidade educativa: profesorado, alumnado, ANPA…
- Ser autocríticos para mellorar como dinamizadoras avaliando proxectos iniciados o curso pasado.
- Asumir proxectos realistas adaptados ás características e necesidades do entorno, do centro e do alumnado.
- Ser un equipo receptor de propostas que partan doutros mestres, alumnado, familias…
- Formarse como axentes dinamizadores da nosa lingua e en materia de TIC.
- Continuar e avanzar nas liñas de colaboración establecidas o curso pasado de xeito interdisciplinar cos outros equipos do centro: biblioteca, actividades extraescolares…
- Sensibilizar e informar sobre distintas problemáticas sociolingüísticas que se detecten.

- Potenciar a dignificación do uso do galego como lingua de prestixio, analizando os distintos prexuízos que se detectan.
- Optimizar os recursos do centro e facer unha previsión co que sería recomendable contar.
- Divulgar experiencias innovadoras no centro: a través da revista, páxina web…
- Adquirir material bibliográfico e multimedia de interese para o profesorado e alumnado, informándoos de sofware, plataformas… que traballen con recursos en galego.
- Apostar polo audiovisual en galego.
- Facernos eco de distintas campañas que propoñen distintas institucións, asociación, centros… Estas campañas serán penduradas dos taboleiros informativos.
- Utilizar o uso do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre os membros da ANPA e o resto da comunidade educativa (comedor, actividades extraescolares…).
- Sensibilizar a toda a comunidade na carga sexista do uso da linguaxe tal e como se indica no Decreto124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Informar e difundir a labor que se está realizando a favor do uso e valoración da lingua na escola (con carteis, notas, …).
- Facernos un oco nos medios de comunicación locais.

- Facer propostas para implicar ás familias visualizando a nosa aposta pola lingua e potenciando valorando o uso escrito e oral da mesma (en recollida de información, valoracións…).
- Participar activamente na Coordinadora da Barbanza: organizando proxectos conxuntos, intercambiando experiencias… asistindo ás reunións da Coordinadora da Barbanza e participar na rolda de correos electrónicos que está funcionando.
- Implicar activamente ó alumnado no contacto con outros centros: con visitas, intercambios

  epistolares, por email, vídeos…

## 7. CONCLUSIÓNS

1º) Dende o grupo docente de Educación Infantil, manifféstase un progresivo uso do galego nas clases dende os 3 anos ata os 5. **Débese utilizar máis o galego nesta etapa.**

2º) En **EP cúmprese coas áreas obrigatorias a impartir en galego**, aínda así debería utilizarse o galego na lingua oral.

3º) **O Claustro deberá determinar a lingua predominante** en base aos criterios propostos neste Proxecto Lingüístico.

4º) Sería positivo insistir na necesidade compensar en E.Infantil a situación minoritaria da lingua galega, tendo o en conta o contexto castelán falante no que estamos.

5º) A vista dos datos anteriormente expostos podemos inferir que no noso centro se **precisa intervir educativamente para que o alumnado poida chegar ao final dos sistema educativo tendo a mesma competencia lingüística en ambas linguas**.

## ANEXO

Para a elaboración deste documento fíxose un rastrexo da normativa existente para trazar un marco legal sobre o que apoiarnos, salientando aqueles que fan referencia á política lingüística respecto o uso da lingua galega no ensino:

- Constitución Española (1978) no seu artigo 3.
- Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 5
- Lei de Normalización Lingüística 3/1983
- Decreto 247/1995 polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, decreto xa derrogado.
- Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no 2004-Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

# 16. LIBROS DE TEXTO E DEMÁIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

## 1º PRIMARIA

| ASIGNATURA | EDITORIAL | ISBN |
|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ | **ANAYA**<br>Caderno lecto escritura | 978-84-143-1695-5 |
| LINGUA GALEGA | **Santillana**<br>Lectoescritura "Construíndo mundos" | 978-84-9185-399-2 |
| | Lingua "Construíndo mundos"<br>NON MERCAR HASTA FALAR COA TITORA | 978-84-9185-532-3 |
| CIENCIAS NATURAIS | **Anaya**<br>Operación mundo<br>NON MERCAR HASTA FALAR COA TITORA | 978-84-698-9512-2 |
| CIENCIAS SOCIAIS | **Anaya**<br>Operación mundo<br>NON MERCAR HASTA FALAR COA TITORA | 978-84-698-9650-1 |
| MATEMÁTICAS | **Anaya**<br>"Operación mundo" | 978-84-698-9351-7 |
| RELIXIÓN CATÓLICA | Non mercar hasta falar coa titora | 978-84-698-4024-5 |
| INGLÉS | **Oxford**<br>**All About Us Now 1 Class** Book with Digital Book | 9780194074223 |
| MÚSICA ( EN GALEGO) | **GALINOVA**<br>Xograr 1, Século XXI.GALEGO | 978-84-9737-116-2 |

## 2º PRIMARIA

| ASIGNATURA | EDITORIAL | ISBN |
|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ | **Anaya**<br><br>Operación mundo<br><br>NON MERCAR HASTA FALAR COA TITORA | 978-84-143-1728-0 |
| LINGUA GALEGA | **Anaya**<br><br>Operación mundo | **978-84-698-9322-7** |
| CIENCIAS NATURAIS | **Anaya**<br><br>Operación mundo<br>NON MERCAR HASTA FALAR COA TITORA | 978-84-698-9516-0 |
| CIENCIAS SOCIAIS | **Anaya**<br><br>Operación mundo<br><br>NON MERCAR HASTA FALAR COA TITORA | 978-84-143-1725-9 |
| MATEMÁTICAS | **Anaya**<br>Operación mundo | 978-84-698-9373-9 |
| RELIXIÓN CATÓLICA 2.G | **Anaya**<br><br>NON MERCAR.<br>FALAR COA TITORA | 978-84-698-4027-6 |
| INGLÉS | **OXFORD**<br><br>All About Us Now 2 .CLASS BOOK With Digital Book | 978-01-940-7443-8 |
| MÚSICA ( EN GALEGO) | **GALINOVA EDITORIAL**<br><br>XOGRAR 2,SÉCULO XXI | 978-84-9737-117-9 |

## 3º PRIMARIA

| ASIGNATURA | EDITORIAL | ISBN |
|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ | **Vicens-Vives**<br>Comunidad zoom<br>NON MERCAR HASTA FALAR<br>COA TITORA | 978 84 682 83944 |
| LINGUA GALEGA | **Anaya**<br>Operación mundo<br>NON MERCAR HASTA FALAR<br>COA TITORA | 978-84-698-9948-9 |
| CIENCIAS NATURAIS | **VICENS-VIVES**<br>Comunidad zoom<br>NON MERCAR HASTA FALAR<br>COA TITORA | 9788468285337 |
| CIENCIAS SOCIAIS | **VICENS-VIVES**<br>Comunidad zoom<br>NON MERCAR HASTA FALAR<br>COA TITORA | 9788468285375 |
| MATEMÁTICAS | **VICENS-VIVES**<br>Comunidad zoom<br>NON MERCAR HASTA FALAR<br>COA TITORA | 978 84 682 8283 1 |
| RELIXIÓN CATÓLICA | Non mercar hasta falar coa titora | |
| INGLÉS | **OXFORD**<br>**All About Us Now 3 Class** Book with Digital Book<br>NON MERCAR HASTA FALAR<br>COA TITORA | 9780194074650 |
| | All About Us Now 3 **Activity** Book+ ALK with Digital Book Essential | 9780194079761 |
| MÚSICA ( EN GALEGO) | **GALINOVA EDITORIAL**<br>XOGRAR 3,SÉCULO XXI | 978-84-9737-185-8 |

## 4º PRIMARIA

| ASIGNATURA | EDITORIAL | ISBN |
|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ | **VICENS-VIVES** | CZ 9788468291949 |
| LINGUA GALEGA | **ANAYA** | 978 8414319635 |
| CIENCIAS NATURAIS | **VICENS-VIVES** | CZ 9788468292502 |
| CIENCIAS SOCIAIS | **VICENS-VIVES** | CZ 9788468292533 |
| MATEMÁTICAS | **VICENS-VIVES** | CZ 9788468291857 |
| RELIXIÓN CATÓLICA | Non mercar hasta falar coa titora | |
| INGLÉS | **OXFORD** | |
| | All About Us Now 4 Class Book with Digital Book. | 9780194074803 |
| | All About Us Now 4 Activity Book+ ALK with Digital Book Essential. | 9780194079792 |
| MÚSICA ( EN GALEGO) | **GALINOVA EDITORIAL**<br>XOGRAR 4,SÉCULO XXI | 978-84-9737-186-5 |

## 5º PRIMARIA

| ASIGNATURA | EDITORIAL | ISBN |
|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ* | O CENTRO PARTICIPA NO PROXECTO E-DIXGAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN .<br>POLO TANTO NON HABERÁ QUE MERCAR NINGÚN LIBRO DE TEXTO. | |
| LINGUA GALEGA* | | |
| CIENCIAS NATURAIS* | | |
| CIENCIAS SOCIAIS* | | |
| MATEMÁTICAS* | | |
| RELIXIÓN CATÓLICA 5.G* | | |
| INGLÉS | | |

| | | |
|---|---|---|
| MÚSICA ( EN GALEGO) | **GALINOVA EDITORIAL**<br>XOGRAR 5,SÉCULO XXI | 978-84-9737-211-4 |

**6º PRIMARIA**

| ASIGNATURA | EDITORIAL | ISBN |
|---|---|---|
| LINGUA CASTELÁ | O CENTRO PARTICIPA NO PROXECTO E-DIXGAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN .<br>POLO TANTO NON HABERÁ QUE MERCAR NINGÚN LIBRO DE TEXTO. | |
| LINGUA GALEGA | | |
| CIENCIAS NATURAIS | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | | |
| MATEMÁTICAS | | |
| RELIXIÓN CATÓLICA 6.G | | |
| INGLÉS | | |
| MÚSICA ( EN GALEGO) | **GALINOVA EDITORIAL**<br>XOGRAR 6,SÉCULO XXI | 978-84-9737-212-1 |

## 17.PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

**Debido á relevante importancia que teñen no proceso formativo dos alumnos e alumnas as actividades complementarias e extraescolares, este Centro levará a cabo unha serie de actividades e actos conmemorativos entre os que cabe destacar:**

**Actos conmemorativos:**

- **O Samaín**
- **A Festa do Magosto**
- **O Nadal**
- **O Día da Paz**
- **Día da muller**
- **Violencia de xénero**
- **Día Internacional da Discapacidade**
- **Día da lingua materna**
- **Día de Rosalía**
- **Día da poesía**
- **Semana da prensa**
- **O Entroido**
- **Semana do Libro**
- **Día mundial da saúde**
- **O Día da árbore**
- **Semana das Letras Galegas**
- **Día das Artes Galegas**
- **Día internacional contra o Acoso Escolar**
- **Día do Medio Ambiente**

**. Festa Fin de Curso**

**<u>Saídas do Centro:</u>**

**Recolleranse en acta de Claustro e Consello Escolar as viaxes que determinen os Equipos de Ciclo para o curso 2023/2024. Están programadas as seguintes.**

- **Saídas ao entorno: Cines Barbanza, Auditorio Municipal,Lustres Rivas, Biblioteca Municipal, Museo etnográfico de Artes, Pedra das Cabras. Dolmen de Axeitos, Castro da Cidade, lugares patrimonio cultural e histórico, Parque de San Roque, Parque dunar, illas Atlánticas, lugares patrimonio natural , visitas á lonxa e ao mercado municipal, ...**
- **Saídas pola comarca do Barbanza: castro de Neixón, castro de Baroña. Unha conserveira, Granxas-escola, programas de marisqueo na Pobra do Caramiñal, participación nas xornadas deportivas promovidas pola administración, parque do río Coroño., visitas a lugares de patrimonio cultural..**
- **Saídas dentro da Comunidade Autónoma, polas catro provincias, para participar en distintos eventos culturais, exposicións, talleres, visitas a museos, andainas dos camiños de Santiago e lugares de interese didáctico, con posible pernoctación fóra do domicilio familiar.**
- **Saídas co alumnado de 6º, dentro do territorio nacional (Asturias, Cantabria, Madrid, Segovia, Ávila,..) , con pernoctación fóra do seu domicilio familiar.**
- **Encontros co club de lectura do CEIP P. De Artes , roteiros literarios e saídas didácticas.**

**Calquera alteración nesta programación deberá contar coa aprobación destes Órganos Colexiados.**

**Aqueles alumnos/as que non asistan ás viaxes culturais organizadas polos seus titores, sempre que o número de participantes na viaxe sexa superior ao dos alumnos que non participan, serán atendidos por outros**

**mestres ou mestras e arbitraríanse as medidas pertinentes para buscar a mellor organización.**

**Exposicións presenciais e virtuais, coa participación e colaboración das familias**

- **Samaín**
- **Magosto**
- **Receitas, pratos e sobremesas de produtos de outono**
- **Medio ambiente**
- **O noso patrimonio cultural mariño**
- **Natureza en perigo en Galicia**
- **Día das Artes galegas**
- **Día das Letras Galegas**

**O mestre coordinador das Actividades Complementarias e Extraescolares, nomeado polo Director a proposta da Xefa de Estudios é Elvira Fernández Vidal.**

# 18. PLAN DE AUTOPROTECIÓN DO CENTRO

**O seguinte Plan, aprobado polo Consello Escolar, foi adaptado á composición do centro no curso académico 2023/2024.**

**Foi elaborado pola empresa especializada Gesplan. Estamos inscritos no REGAPE, e en todos os organismos oficiais requiridos legalmente.**

**NORMAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA:**

**O toque de serea para casos de emerxencia será unha sucesión continuada de 3 sons longos de timbre.**

**O mestre/a que se encontre impartindo clase a un grupo de nenos acompañará a este grupo e farase cargo del, aínda que non sexan nenos/as da súa titoría.**

**A evacuación farase de maneira ordenada e seguindo as directrices da sinalización:**

**I.-EDIFICIO ANEXO**

**<u>Planta baixa:</u>**



- **Os alumnos de Infantil A, Infantil F e Aula específica sairán pola DEREITA do corredor, pola porta de infantil do edificio anexo ao patio de deportes do Colexio.**

- **Os alumnos de Infantil D, Segundo B e Infantil B sairán pegados á parede ESQUERDA do corredor, pola porta de infantil do edificio anexo cara o patio de deportes do Colexio.**

- **O alumnado que se atope no cuberto de infantil, sairá por esa porta ao patio de deportes.**

**Primeira planta:**




PLANTA 1 ( PRIMEIRA )

- **O alumnado de Infantil C, Infantil E, AL2 e 1ºB, 2ºC de E.P, baixarán polas escaleiras pola súa dereita, arrimados á parede e sairán pola súa porta do edificio anexo hasta a pista de**

**deportes, entrando polos laterais da portería próxima ao seu edificio, e colocaranse no lugar asinado a cada grupo do colexio.**

- **Os alumnos de 1ºA, e os que se atopen nos aseos, baixarán pola escaleira pola súa marxe dereita arrimados á parede e sairán pola súa porta do edificio anexo entrando polos laterais da portería próxima ao seu edificio, e colocaranse no lugar asinado a cada grupo do colexio.**
-

**Nota: En caso de facerse insuficiente a porta da primeira planta para a evacuación, os mestres/as, se observan que as saídas do corredor da planta baixa quedaran libres, deberán dirixir aos alumnos/as que baixen pola parte esquerda da escaleira cara as saídas dese corredor.**

**II.-EDIFICIO PRINCIPAL**

**<u>Planta baixa:</u>**




- **Os nenos/as de 2ºA, 4ºA de E. Primaria e o alumnado que se atope na Biblioteca, aula de relixión evanxélica e nos aseos de nenas**

**sairán ao campo de deportes pola porta principal dianteira esquerda, á pista de deporte.**

- **Os alumnos de 3ºA, 3ºB e alumnado que se atope nos aseos de nenos, sairán ao campo de deportes do colexio pola porta lateral traseira dereita, que queda enfronte das súas aulas, e dirixiranse á pista de deporte.**

**<u>Primeira planta:</u>**




- **Os alumnos de 4ºB, 5ºB, 6ºB, 4ºC e AL1, e o alumnado que se atope nos aseos de nenas baixarán pola escaleira pegados á parede, e sairán pola porta da fachada principal que queda á súa dereita, e dirixiranse despois ó campo de deportes do colexio.**

- **Os alumnos de 6ºA, 5ºA e PT1, as persoas que se atopen en Orientación, na titoría deste andar e nos aseos de nenos, baixarán pola súa dereita pola escaleira, pegados á parede e sairán pola porta da fachada principal que queda á súa dereita, e dirixiranse despois ó campo de deportes do colexio.**

- **O responsable da emerxencia será a directora.**

# 19. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

## a) Auxiliar administrativo:

**As funcións dos auxiliares administrativos están recollidas no artigo 41.2.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia:**
**d) "O corpo auxiliar. Intégrase neste corpo o persoal funcionario seleccionado para ocupar postos que teñan atribuídas as funcións de carácter complementario ao instrumental nas áreas de actividade administrativa, así como tarefas ofimáticas e de despacho de correspondencia, transcrición de tramitación de documentos, arquivo, clasificación e rexistro, ficheiros, atención ao público, manexo de máquinas reprodutoras e traslado de documentos ou similares". E dicir realizar tarefas de oficina.**

## b) Coidadoras:

**O Centro dispón de tres coidadoras a tempo total e unha que vén de mércores a venres, para atender ao alumnado con n.e.a.e. que o necesiten.**

**Entre as súas funcións están:**

- **Recoller e levar os nenos/as ás entradas e saídas escolares no seu caso.**
- **Atención en limpeza, aseo e coidado persoal, atención sanitaria,...**
- **Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos, e á adquisición de técnicas de orientación, mobilidade e autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.**

- **Guiar e/ou axudar ao alumno a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do Centro.**
- **Colaborar co profesorado na vixilancia dos recreos, contribuíndo á súa inclusión.**
- **Axudar aos alumnos na súa integración social no contexto educativo (entradas, saídas, recreos, excursións, etc.).**

**c) Conserxe:**

**A dependencia e relación laboral do conserxe é exclusivamente co Concello.**

**A xornada laboral é de 37 horas trinta minutos semanais, cos descansos semanais, licencias, permisos e vacacións que legalmente lle corresponda.**

**O horario para prestar os seus servizos acomodaranse ó horario que teña establecido o Centro, de 08:30 a 14:30, de luns a venres; de 16:00 a 18:00 de luns a xoves.**

**Traballos a realizar:**

- **Apertura e peche das portas e accesos principais do Colexio, antes do comezo e despois do remate da actividade escolar.**
- **Control do apagado do alumeado (tanto interior como do patio escolar), no momento de peche do Centro.**
- **Control do cerrado das ventás, no momento do peche do Centro.**
- **Acendido e apagado do sistema de calefacción, e purga dos radiadores.**
- **Recollida e reparto de correspondencia.**
- **Recollida e reparto de documentos e material escolar entre as diversas dependencias do Colexio.**
- **Realizar, dentro das instalacións do Centro, os traslados de mobiliario que sexan precisos.**

- **Adquisición nos establecementos comerciais máis próximos do material necesario para o Colexio.**
- **Realizar as fotocopias, encadernacións e traballos similares que sexan necesarios para a actividade escolar e mantemento, non técnico, das máquinas.**
- **Custodia das chaves das diversas dependencias e instalacións do Centro.**
- **Atención das chamadas telefónicas que reciba o Centro.**
- **Vixilancia e custodia das instalacións, mobiliario e maquinaria, tanto interiores como exteriores, controlando a entrada ao Centro das persoas alleas ó mesmo.**
- **Realizar pequenas reparacións e/ou reposicións (lámpadas, pechaduras, persianas, cristais, cisternas, desatasco de canos, ...)**
- **Limpeza do patio exterior de todo tipo de latas, botellas, maleza, polas caídas das árbores, ..., e o seu traslado aos contenedores.**
- **Rega periódicas de árbores, plantas existentes no Centro.**
- **Aquelas outras funcións propias da función subalterna que se lle poidan encomendar.**

**d) Empresa de limpeza:**

**Como no curso pasado, faise cargo da limpeza a empresa GERMANIA.**

**Traballos a realizar:**

**Diariamente:**

- **Fregado, limpeza e desinfección dos aseos, tanto dos inodoros e lavabos como do chan e paredes dos mesmos.**
- **Limpeza do chan das aulas e corredores, así como das oficinas, mediante varrido e fregado.**

- **Baleirado das papeleiras.**
- **Traslado aos contedores dos restos procedentes das tarefas anteriores.**
- **Reposición dos artigos de aseo.**

**Semanalmente:**

- **Limpeza mediante varrido e fregado daquelas dependencias que no se limpen a diario.**
- **Limpeza do po depositado no mobiliario durante a semana.**

**En períodos de vacacións limparanse cristais, persianas,canalóns, ...**

## 20. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

**O horario de atención ó público será:**

**A dirección atenderá en horario de 09:00 a 09:40 h. e de 13:20 a 14:00 h.**

**A xefa de Estudios recibirá de 9:00 a 09:50 h. e de 12:20 a 13:10 h.. os mércores e de 13:10 a 14:00 h. os martes e venres.**

**O horario de secretaria será os martes, xoves e venres de 12:30 a 14:00 h. Os luns e mércores de 10:40 a 11:30 h. e de 12:20 a 13:10 h.**

## 21. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

**Un clima de bo entendemento entre o profesorado e as familias é fundamental se queremos mellorar a calidade do ensino e que os noso alumnado consiga unha formación académica que lle sirva para cimentar as bases do seu futuro ingreso na ESO.**

**Para acadar este obxectivo plantexamos que haxa unha información fluída entre o mestres e as familias, facilitando que os pais/nais poidan estar en contacto co colexio e os mestres e mestras, para interesarse pola marcha académica do seu fillo/a.**

**Os martes en horario de 17:00 a 18:00 h será a hora de atención aos pais/nais, que este ano se fará preferentemente de xeito presencial. No caso que por motivos de traballo, enfermidade... os titores/as poderán atendelos nas súas horas de garda, sempre pedindo cita con antelación, xa sexa por teléfono, por escrito...**

**As reunións serán en grupo ou individuais dependendo a información que queiramos transmitir ás familias.**

**Con pais/nais en grupo:**

- **Reunións conxuntas:**

  - **Primeira reunión : A comezo de curso (información sobre liñas xerais do centro, da clase, etc).**
  - **Segunda reunión : No medio do curso (analizar a evolución da clase).**
  - **Terceira reunión : Final de curso (valoración global do curso).**

**- O D.O. organizará trimestralmente charlas – coloquio para tratar temas de índole educativo dirixidas a conseguir unha maior implicación das familias no proceso educativo do alumnado.**

**- Outras reunións cando se considere necesario.**

**Con cada pai/nai individualmente :**

- **Entrevista persoal.**
- **Carta, nota, informe,...**
- **Cualificacións, circulares, ....**

## 22. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

**O CEIP PLURILINGÜE O GRUPO está ubicado no centro da cidade de Ribeira, a súa zona de influencia esta límitada polas rúas que comprende o casco urbán, por conseguinte non temos transporte escolar. Aqueles alumnos/as que viven fóra de zona de influencia son trasladados polos seus propios pais en transporte particular.**

## 23. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

**Desde o curso 2009/2010 funciona no Centro o comedor en horario de 14:00 a 16:00 h. O comedor escolar está a ser xestionado pola ANPA Sta. Uxía. Nel comen regularmente uns 12 nenos/as, alumnos do colexio.**

**O servizo de catering é a cargo do restaurante Baiuca e as camareiras e monitoras pertenecen a empresa Golfiño, ambas as dúas sitas no Concello de Ribeira.**

**PROGRAMA DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN**

**Asegurar que no comedor escolar se leven a cabo e de xeito correcto, as operacións de limpeza e desinfección das instalacións destinadas ao comedor escolar.**

**Avaliar as necesidades hixiénicas en función do risco sanitario, tendo en conta que teñen que limparse todas as instalacións do comedor escolar e ademáis desinfectar aqueles elementos que están en contacto cos alimentos.**

**Empregar productos autorizados para o seu uso en industria alimentarias.**

**PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN**

**Descrición e detalle dos métodos de limpeza e desinfección:**

**Método 1**

**Varrer: Farase con cepillo de porcas suaves, sen levantar po. Recollida e retiro dos residuos.**

**Método 2**

**Lavar o chan e superficies en contacto con alimentos, cadeiras e mesas:**

1. **Utilización de luvas.**
2. **Procederase a unha limpeza previa, utilizando auga e estropallo e recóllense os residuos.**
3. **Enxaugue en auga fría evitando salpicar.**
4. **Aplicarase deterxente e/ou desinfectante e déixase actuar 2 ou 3 minutos , fregando con estropallo as zonas que o necesiten.**
5. **Enxaugadura final e déixase escorrer e secar.**

**Método 3**

**Lavado de mans do persoal:**

1. **Utilizarse auga quente ou morna.**
2. **Enxáugarase as mans, dispensarase xabón, freganse as mans, antebrazos e cóbados.**
3. **Procederase á descontaminación e á enxaugadura con auga quente ou morna e secanse as mans con papel dun só uso.**

**A limpeza das mans realizarase en todas as ocasións en que se tocan materiais ou obxectos que poden dar lugar.**

**Frecuencia da limpeza da instalación destinada a comedor escolar:**

| | | COMEDOR |
|---|---|---|
| | DIARIA | Chan.<br>Superfie de traballo.<br>Caldeiro de lixo.<br>Cadeiras e mesas |
| FRECUENCIA | MENSUAL | Estanteiras.<br>Recunchos.<br>Zonas de debaixo das estanterías. |
| | SEMESTRAL | Desinfección de todas as zonas. |

**Desinfección e limpeza dos útiles do comedor:**

**Todo o material necesario para o comedor (vaixelas, cuchillos, bandexas...) proporciónao o servizo de Catering Baiuca. Son os responsables da limpeza e desinfección de todo o material.**

# 24. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN DO CENTRO

## 24.1. Estado das instalacións

**O Colexio Público de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe O Grupo de Ribeira está situado no núcleo urbano desta cidade, na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, número 22, polo que absorbe un elevado número de alumnos do centro da cidade.**

**Os domicilios da maioría dos alumnos pertencen a este núcleo urbano, polo que non é necesario o servizo de transporte escolar.**

**As dependencias escolares están ubicadas en dous edificios dentro dun mesmo recinto.**

**O edificio principal consta de dúas plantas e nel hai 10 aulas de E.P., unha dependencia empregada como aula de P.T. e unha empregada para PT e A.L, unha biblioteca, a aula de relixión evanxélica, un despacho compartido pola Dirección, Xefatura de estudos e Secretaría, a sala de administrativa, unha conserxería, unha titoría, unha cociña, e catro aseos.**

**O edificio anexo tamén consta de dúas plantas e, presenta 5 aulas de E.P., 6 de E.I., unha de AL, unha aula de educación específica, comedor escolar, unha sala de mestras, 3 aseos, un pequeno almacén, a sala de caldeira e un patio cuberto para EI.**

**Como instalacións deportivas o Centro conta con un pavillón de deporte e unha pista exterior no patio de primaria, dividida en dúas zonas, rodeada dunha área con distintas zonas de xogos inclusivos e de faladoiro, e a leopatio.**

## 24.2 Equipamento:

**As aulas e outras dependencias do Colexio están dotadas do material esencial para o seu fin. Faltan, nembargantes, estanterías con andeis, e renovación dos pupitres e cadeiras en varias aulas e materiais didácticos actualizados, que nos permitan levar a cabo metodoloxías STEAM, e que favorezan o desenvolvemento integral das competencias nos nosos alumnos e alumnas. Tamén temos que renovar a equipación informática, agardando que desde consellería nos doten dos paneis interactivos que faltan en primaria e tamén de computadores nas aulas para o mestrado, que nos fagan posible impartir a docencia con metodoloxías adecuadas e nos permitan un mellor achegamento e aproveitamento do libro dixital e outros recursos en liña, para o noso alumnado.**

## 24.3. Uso das instalacións.

**Ao ser este Centro o máis solicitado para a súa utilización por organismos e entidades alleas á comunidade escolar, é preciso establecer unha normativa de uso das mesmas para evitar que se dean abusos ou que se entorpeza o normal desenvolvemento das actividades escolares.**

**É por iso que para a utilización de dependencias do Centro esixirase a presentación previa da correspondente solicitude e o compromiso de facerse cargo dos posibles danos que se ocasionen ás instalacións e/ou mobiliario. Será a Xefatura Territorial da consellería de Educación e O. U. que, previo informe do Consello Escolar e informe da Inspección Educativa, autorice a utilización das instalacións.**

**A ANPA Sta. Uxía e os seus colaboradores, e o Concello de Ribeira, terán preferencia no uso das instalacións, e nesa orde.**

**En caso de cursiños prolongados a limpeza das aulas utilizadas será por conta dos organizadores dos mesmos.**

## 25. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA “Sta Uxía”

**A finalidade última deste plan de actividades é conseguir que os pais/nais do centro participen no proceso educativo dos seus fillos/as, e que lles permita a estes últimos gozar dunha oferta de ocio e cultura, colaborando de maneira conxunta co centro.**

**Por esta razón propóñense varias liñas de intervención:**

**• *Colaborar* nas demandas necesarias para acadar as melloras que permitan manter unha infraestrutura aceptable do centro e das súas instalacións, a través de entrevistas/cartas ó Concello e o Xefe Territorial da Consellería de Educación segundo o tema a tratar. Entre as demandas neste curso 2023/2024 están as que seguen:**

- ***Establecer os mecanismos necesarios para xestionar, organizar e materializar as actividades que permitan a conciliación laboral e familiar.***
- ***Realizar as actuacións oportunas para dotar ao centro de materiais didácticos innovadores que potencien no noso alumnado todas as súas competencias, e o seu desenvolvemento integral. Asemade , tamén potenciarán a convivencia, inclusión e igualdade.***
- ***Organizar* actividades extraescolares:**

- ***Baloncesto :* Nas pistas e pavillón deportivo do Centro.**
- ***Inglés:* Nunha aula do colexio.**
- ***Ximnasia acrobática :* No pavillón do colexio**
- **Parkour: Nas pistas e ximnasio do Centro**

**- Escola de inverno de iniciación ao fútbol, coa colaboración do Celta e o Cidade de Ribeira C.F.**

**- Representacións teatrais, contacontos, festas, outras actividades...**

**· Festival de Entroido, sen custo económico para os asistentes socios da ANPA, realizarase fóra do horario escolar no Ximnasio do Centro.**

**· Excursións no terceiro trimestre do curso, para os socios da ANPA**

**· Festa fin de curso, para os socios da ANPA**

**. *Colaborar* con:**

**-Servizos Sociais do Concello de Ribeira.**

**-Cos distintos organismos públicos locais, provinciais e autonómicos.**

## 26. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

**Avaliación do alumnado:**

**En todos os niveis haberá tres avaliacións, unha ao remate de cada trimestre. As datas sinaladas son as seguintes:**

**1ª Avaliación:**

**-Exames do 11 ao 15 de decembro de 2022**

**Reunións avaliacións**

**- INFANTIL : 12 decembro (17:00-19:00 h.)**

**-PRIMARIA: 18, 19 decembro (16:00-19:00 h.) , entrega de boletíns o 21 de decembro.**

**2ª avaliación:**

**-Exames do 11 ao 15 de marzo.**

**Reunións avaliacións**

**- INFANTIL : 12 marzo (17:00-19:00 h.)**

**- PRIMARIA: 18, 19 marzo (16:00-19:00 h.), entrega de notas o 22 de marzo.**

**3ª avaliación:**

**Exames do 10 ao 14 de xuño**

**Reunións avaliacións**

**- INFANTIL : 25 de xuño**

**-PRIMARIA : 25 de xuño (10:00-14:00)**
**3ºciclo 09:00**
**2ºciclo 10:00**
**1º ciclo 11:00**
**Infantil 12:00**
**e 26 de xuño .**
**Entrega de notas por Abalar,**

**Nas sesións de avaliacións dos diferentes niveis reuniranse todos os mestres/as que imparten áreas no nivel, coordinados polo respectivo titor/a.**

**Os boletíns informativos serán os que proporciona a aplicación XADE. A Comisión de Coordinación Pedagóxica poderá realizar tódolos axustes e modificacións que coide necesarios a proposta dos equipos de ciclo.**

**Os criterios de promoción están recollidos na concreción curricular aprobada polo claustro e no PE do Centro.**

**A Comisión de Coordinación Pedagóxica efectuará calquera modificación que se considere oportuna.**

## 27. PROXECTO LECTOR DO CENTRO

**Doc. Anexo.**

## 28. PLAN ANUAL DE LECTURA.

**Doc. Anexo**

## 29. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

**Doc. Anexo.**

## 30. PLAN DE ORIENTACIÓN

**Doc. Anexo.**

## 31. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

**Doc. Anexo.**

## 32. PROXECTO LINGÜISTICO

**Doc.. Anexo.**

## 33. PLAN DE CONVIVENCIA

**Doc.. Anexo.**

## 34. PLAN DE IGUALDADE

**Doc.. Anexo.**

## 35. PLAN DIXITAL

**https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=15014544**

**DILIXENCIA:**

**Esta Programación Xeral Anual foi elaborada polo Equipo Directivo tendo en conta as propostas do Claustro e as directrices do Consello Escolar.**

**Tamén se tiveron en conta as aportacións feitas a este respecto pola ANPA deste Centro a través da súa representante no Consello Escolar.**

**Unha vez aprobada, remítese copia ó Servizo de Inspección Educativa e entrégase copia a todos os membros desta Comunidade educativa, quedando o orixinal asinado polo Secretario co visto e prace do director na secretaría do centro.**
**Ribeira, a 20 de outubro de 2023.**
**Vº e Pr.**

**A directora:**

**Asdo.: Mª Nieves Lampón González.**

**A secretaria:**

**Asdo.:Juana Mª Elorduy Callón**

1949

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo

# PROXECTO LECTOR
# DE
# CENTRO

**Curso 2023/2024**

**CEIP Plurilingüe O GRUPO**

**RIBEIRA (A CORUÑA)**

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

# ÍNDICE

1.- Introducción

2.- Análise do contexto

3.- Obxectivos.

4.- Principios de actuación didáctica.

5.- Proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Concreción de obxectivos.
- Tarefas da lectura.
- Tratamento das dificultades da aprendizaxe.
- Tarefas extraescolares relacionadas coa biblioteca.

6.- Familias e entorno.

- Relación, colaboración con familias.

7.- Recursos:

- materiais
- humanos

8.- Formación do profesorado.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

9.- Avaliación do P.L.C.

# PROXECTO LECTOR DE CENTRO

## 1. Introducción

O proxecto lector de centro permite contemplar a lectura e a escritura como unhas destrezas de carácter transversal que impregnan todo o currículo escolar. Ambas son competencias básicas que resultan esenciais para facer posible a aprendizaxe ao longo da vida; o desenvolvemento da competencia lectoescritohhra axuda a integrar e adaptar as persoas á sociedade e potencia a construción de coñecementos nas distintas áreas. Por iso , o PLC, adaptado ás características e circunstancias do noso centro, pode resultarnos un instrumento moi útil para a adquisición das competencias básicas, propiciando unha práctica educativa baseada na aprendizaxe significativa.

O marco normativo que regula o PLC atópase nos artigos **19, 24 e 26 da LOE** , que establece que a lectura na ensinanza básica será traballada dende todas as áreas,dedicando un tempo diario á mesma na Educación Primaria e considerándoa esencial na evolución das diferentes competencias básicas. O artigo 113 da mesma lei regula o papel das bibliotecas escolares , que será un eido de grande relevancia na execución do PLC.

O PLC permitiranos realizar unha planificación seria e sistemática da lectura , contextualizada no noso centro, tendo en conta as nosas señas de identidade, as características do alumnado que este centro acolle, o profesorado e as necesidades reais do contexto no que se vai desenvolver .

É un proxecto de intervención educativa integrado no proxecto educativo de centro que persegue o desenvolvemento da competencia lectora e escritora no alumnado , así coma o fomento do hábito lector e o desenrolo da alfabetización informacional, froito dunha actuación planificada e coordinada dos procesos didácticos.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

Nel incluiremos principios xerais e estratexias didácticas que impulsen o progreso das competencias básicas e das áreas curriculares. Recollerá actuacións globais que involucren aos distintos ciclos e ao conxunto do centro. Precisaremos ter en conta aspectos de organización , funcionamento e integración curricular da biblioteca escolar , concibida como un centro de recursos para a ensinanza e a aprendizaxe .

O PLC será o eixe que articule o desenvolvemento das demais competencias básicas; así coma unha ferramenta para a mellora educativa. A súa realización responde a unha necesidade obxectiva: a realidade das aulas evidencia un dominio insuficiente do alumnado na competencia lectora. Por outra banda, as prácticas escolares relacionadas coa lectura e a escritura poucas veces se plantexan en conexión cos usos sociais e culturais que a lingua escrita ten na vida cotiá. Hai que engadir a isto, tamén, que a educación en habilidades de información e en técnicas documentais foi pouca, e isto reclama unha revisión de concepcións, estratexias metodolóxicas e actividades que viñan caracterizando
o traballo lector no noso centro .

Pode contribuír a ese cambio educativo, que se valora necesario para o desenvolvemento das competencias básicas, se o configuramos coma un eixe organizativo e didáctico capaz de impulsar o avance lector en conexión co traballo nas diversas materias .

A inclusión das competencias básicas no currículo cumpre, entre outras, a finalidade de permitir aos rapaces integrar as súas aprendizaxes e poñelos en relación cos diferentes tipos de contidos para usalos de maneira efectiva cando lles resulten necesarios, en diferentes situacións e contextos.

Por todo o ata aquí exposto, O PLC terá como finalidade :

- Integrar as aprendizaxes relacionadas coa competencia lectora e informacional.
- Potenciar o carácter instrumental destas aprendizaxes .

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

- Integrar a aprendizaxe lectora en todo o currículo e facer un tratamento integral dela.

Por tanto, elaborase este PLC para o CEIP Plurilingüe O Grupo, partindo dunha análise do contexto, plantexándonos uns obxectivos e marcando uns principios de actuación didáctica. Estes plantexamentos xerais concretaranse no proceso de ensino-aprendizaxe mediante:

- A concreción de obxectivos, principios e estratexias de actuación para cada área curricular e competencia básica .
- Tarefas globais e interdisciplinares de promoción da lectura e escritura.
- O tratamento das dificultades da aprendizaxe e a atención á diversidade.
- Tarefas relacionadas co programa anual de actividades extraescolares e complementarias, e tamén relacionadas coa apertura do centro á comunidade .
- Valoraranse os recursos necesarios e os dispoñibles, así coma as necesidades de formación do profesorado .

## 2. Análise do contexto

O C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo atópase no concello de Ribeira ( Coruña ) , é un dos cinco centros que existen nesta localidade, ten unha matrícula de 430 alumnos. Está situado no centro da cidade, que debido ó intenso aumento da edificabilidade, permite unha estabilidade demográfica e un equilibrio de matrícula no noso Centro.

A área de influencia do Colexio comprende a grupos sociais urbanos (mariñeiros traballadores de industrias e servizos). Nos últimos anos estamos recibindo poboación emigrante procedente de Latinoamérica e Marrocos e desde o curso pasado tamén recibimos alumnado procedente de Mauritania.cos problemas de adaptación que lle son propios (descoñecemento da lingua,…)l

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

**3. Obxectivos Xerais**

- Adquirir e desenvolver a competencia lecto-escritura e o hábito lector.
- Potenciar a alfabetización na información en distintos soportes.
- Fomentar o pracer pola lectura
- Crear e consolidar o hábito de lectura diaria.
- Estimular o emprego de metodoloxías activas e aprendizaxes máis significativas.
- Orientar á comunidade educativa sobre os plantexamentos asumidos no ámbito da ensinanza da lectura, impulsando a participación do alumnado e das familias na creación dun ambiente lector.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS CON RESPECTO A :

CENTRO

1. Favorecer a integración curricular da lecto-escritura e da alfabetización en información.
2. Permitir a interrelación didáctica de aspectos anteriormente considerados compartimentos estancos.(aprendizaxe inicial da lecto-escritura, hábitos de lectura e escritura e alfabetización en información, etc..)
3. Potenciar a lectura de libros e lecturas noutros soportes, textos escritos e mensaxes icona –verbais, textos de carácter informativo e de ficción.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

4. Respectar e favorecer os gustos lectores dos alumnos potenciando a súa autonomía de
cara á selección dos textos.
5. Crear un clima e unha cultura lectora en todo o centro.
6. Facer da biblioteca un centro de documentación, información e recursos aportando ó
centro uns materiais axeitados e o espazo dispoñible.

BIBLIOTECA

7. Propiciar o funcionamento da B.E. como centro de recursos para o ensino e a aprendizaxe.
8. Favorecer a consulta nas diferentes fontes de información:

- desenvolvemento de proxectos.
- práctica en educación documental.
- realización de traballos de investigación.

9. Actualizar e dinamizar a biblioteca.
10. Actuar como elemento compensador das desigualdades sociais presentes no noso
entorno.
11. Impulsar a colaboración con outras institucións do entorno (Bibliotecas públicas,
Concello, etc.)

PROFESORADO

12. Estimular o traballo cooperativo e a innovación educativa favorecendo o intercambio
de criterios e experiencias en torno o desenvolvemento, a evolución lecto-escritora e a
educación en habilidades de información.
13. Fomentar no alumnado a aprendizaxe comprensiva , espertando nel unha actitude
positiva cara á lectura.
14. Favorecer a creación literaria espontánea e creativa dos alumnos fomentando a súa
autoestima.

**4. Principios de actuación didáctica**

Teremos en conta unha serie de principios para convertelo P.L.C. nun instrumento efectivo que favoreza o desenvolvemento curricular e a mellora educativa:

1. Considerándoo un instrumento de planificación educativa que parte da análise das nosas necesidades , no noso contexto : tendo en conta as características do alumnado , as prácticas didácticas do profesorado os recursos do centro o papel das familias e o funcionamento da biblioteca escolar.

Partindo da situación do noso entorno na que nos atopamos cos dous polos opostos no gusto e valoración da lectura, contando con unha porcentaxe elevada de alumnado ricamente estimulado neste campo e con outra porcentaxe tamén importante que valora pouca a lectura e non dispón no seu ambiente da estimulación axeitada; consideramos que un principio de actuación sería ofertarlles medios, materiais, tempos e incluso situación que lles permitan descubrir, disfrutar e valorar a lectura.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

2. Favorecendo a integración curricular da lectoescritura e da alfabetización en información.

A integración curricular supón desenvolver actividades que aborden obxectivos curriculares de cada área do coñecemento, aspectos concretos das competencias básicas e obxectivos relacionados coa competencia lectoescritora e a alfabetización informacional.

Non se demanda unha materia nova con un tempo específico, senón a implicación e a cooperación de todo o profesorado desde o seu nivel e materia e unha maior motivación do alumnado cara a lectura e a escritura.

Integrarase en todas as áreas do currículo a lecto-escritura e a alfabetización informacional, formando parte do proceso de ensino-aprendizaxe habitual.

3. Facendo do PLC un referente didáctico para o profesorado na elaboración e aplicación das programacións docentes : non será un anexo ao resto dos plans educativos do centro nin un capítulo para obxectivos relacionados coa lectoescritura, senón que influirá neles cunha relación de interdependencia. O desenvolvemento da competencia lectora plantexarase coma un proceso a longo prazo que se construirá sobre actividades habituais integradas no currículo, permitindo a interrelación didáctica de aspectos que viñamos considerando coma compartimentos estancos ( aprendizaxe inicial da lectoescritura, desenrolo da comprensión lectora e expresión escrita alfabetización en información, ler para aprender ...) Potenciaranse actividades orientadas á lectura de libros, pero tamén de textos electrónicos e noutro tipo de soportes , de textos informativos e de ficción, etc.

Favorecerase as actividades de pescuda da información en diferentes soportes.

4. O funcionamento da biblioteca escolar coma centro de recursos para o proceso de ensino e aprendizaxe será un punto fundamental. A biblioteca escolar ten que ser un recurso básico no desenvolvemento de todas as áreas e materias ,

un instrumento de apoio á aprendizaxe: favorecendo a consulta de diferentes fontes de información, a realización de proxectos ,a introdución de prácticas en educación documental a promoción da lectura , a realización de traballos de investigación. A súa apertura á comunidade e servirá como elemento compensador de desigualdades sociais .

A biblioteca ten que ser o centro de recursos para todas as áreas, favorecendo a consulta de diferentes fontes de información e ofertando espazos e tempos que favorezan a educación documental e promoción da lectura.

Actuará como compensador das desigualdades sociais do centro, permitindo que todo o alumnado teña acceso a todas as fontes documentais. Intentando que aquí a colaboración do profesorado sexa plena pois é fundamental.

5. O PLC estimulará o emprego de metodoloxías activas e aprendizaxes máis significativos para o alumnado: integrando a lectura e a escritura no desenvolvemento das diversas materias potenciaremos a progreso da competencia lectoescritora e informacional na medida en que propiciemos prácticas docentes cada vez menos reprodutivas ( merece especial atención o emprego de diferentes fontes de información , o traballo con proxectos documentais, etc.)

O principio de actuación didáctica que rexerá o noso facer diario nas aulas basearase no desenrolo das competencias básicas propiciando a aprendizaxe significativa.

6. A potenciación do traballo cooperativo do profesorado: Porque o PLC implica a todo o claustro e a todas as áreas e vai favorecer o intercambio de experiencias e criterios en torno ao desenrolo lectoescritor e a educación en habilidades de información .

É necesario o traballo cooperativo do profesorado cuns criterios comúns, igual que unha formación continua en habilidades da información.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

7.- O PLC será un elemento dinamizador da lectura e das novas alfabetizacións , tanto no centro coma no seu contorno. Por iso orientaremos á comunidade educativa sobre os plantexamentos asumidos no ámbito do ensino e aprendizaxe da lectura , e impulsarase a participación do alumnado e das familias na creación dun ambiente lector no centro e no fogar . Orientarase, informarase e formarase ás familias , implicándoas como protagonistas activos no obxectivo común de fomentar a lectura e a escritura, de utilizar a biblioteca e manexar fontes documentais diversas .

A colaboración coas familias deberá ser un eixe fundamental para levar a cabo este proxecto lector, o cal requirirá unha información permanente entre o centro e as familias, sendo elas coñecedoras do enfoque que se pretende dar o proxecto orientándoos e formándoos para lograr unha mellora educativa

8. Neste proxecto tamén se contemplará a colaboración con outras institucións que interveñan con obxectivos comúns, aínda que dende perspectivas diferentes, na promoción da lectura e da escritura ( bibliotecas públicas, concello, librerías, etc.)

Posibilitarase a apertura de biblioteca en horario extraescolar que permitirá o acceso ao centro en horas non lectivas na que as familias e alumnado poidan dispoñer dun espazo e recursos que non posúen no seu fogar. O profesorado facilitará a súa apertura de luns a xoves, en horario de 16 a 18:00 h.

Por tanto, elaborase este PLC para o CEIP Plurilingüe O Grupo, partindo dunha análise do contexto, plantexándonos uns obxectivos e marcando uns principios de actuación didáctica. Estes plantexamentos xerais concretaranse no proceso de ensino-aprendizaxe mediante:

- A concreción de obxectivos , principios e estratexias de actuación para cada área curricular e competencia básica .
- Tarefas globais e interdisciplinares de promoción da lectura e da escritura.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

- O tratamento das dificultades da aprendizaxe e a atención á diversidade.
- Tarefas relacionadas co programa anual de actividades extraescolares e complementarias, e tamén relacionadas coa apertura do centro á comunidade.
- Valoraranse os recursos necesarios e os dispoñibles, así coma as necesidades de formación do profesorado.
- Este PLC someterase a un proceso de revisión e avaliación permanente, que facilite realizar os cambios pertinentes no mesmo, para axustalo mellor ás necesidades do noso centro e ao contexto no que está inmerso .
-

## 5. Proceso de ensinanza aprendizaxe: Concreción dos obxectivos, principios e estratexias de actuación para cada área curricular e competencia básica

As estratexias e principios de actuación relacionadas co PLC que se desenvolverán en cada área curricular e que contribuirán ao desenvolvemento de competencia lectora e informacional, o fomento do hábito lector empregarán todas as actividades cotiás da aula e o desenrolo das competencias básicas.

CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS PARA CADA ÁREA:

- Fomentar a competencia lectora nas distintas áreas.
- Realizar pescudas de información en distintos soportes para cada área.
- Facer uso da biblioteca escolar como centro de documentación.
- Favorecer a aprendizaxe comprensiva.

Todos estes obxectivos permitirán acceder ás diferentes competencias básicas do alumnado (competencia lingüística, matemática, dixital, aprender para aprender, etc.) nas diferentes áreas do currículo

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

TAREFAS GLOBALES E INTERDISCIPLINARES DE PROMOCIÓN DA LECTURA E ESCRITURA

a) Plan lector: Unha tarefa fundamental da posta en práctica do Plan Lector que consiste en vinte minutos diarios dedicados a lectura . Abrangue a todas as materias. A lectura pode ser:

- Silenciosa e libre
- O mestre le para o alumnado.
- A alumnado pode ler en voz alta, etc.

b) Xestión de biblioteca: Os fondos de biblioteca están catalogados no Programa Meiga. Hai unha biblioteca centralizada da que se poden levar en empréstito lotes de libros que axudan a conformar a biblioteca de aula.

A biblioteca está xestionada polo coordinador de biblioteca e coa colaboración dun equipo de profesorado.

Fomentarase a lectura en sala, pero tamén se potenciará o servizo de empréstito á casa axeitaranse os tempos e os modos para que todo o alumnado dispoñan, ben sexa en horario lectivo ou en tempo de lecer dun momento para ir á biblioteca a facer uso deste servizo.

c) A biblioteca terá en conta as necesidade de toda a comunidade educativa, sendo ben certo que o alumnado é un pilar fundamental,non é menos que o conxunto da comunidade ten ansia de ler, por iso a biblioteca dedicará seccións a nenos, na rama literaria e documental, pero tamén terá un espazo para literatura de adultos. Pais, mestre persoal non docente, etc.atoparán aquí material bibliográfico do seu interese, tanto de carácter pedagóxico como estritamente literario.

d) A educación en técnicas documentais e as habilidades de información: necesidade de aprender a prender ten que propiciar a parte en práctica de estratexias de pescuda de información en diferentes soportes; a formación

documental non vai ser exclusiva dunha determinada área en materia senón que se tentará que esta forme parte dunha educación integral, terá como material base a biblioteca, que aportará documentación e medios técnicos( ordenadores, e ...) e como recurso persoal estará todo o profesorado, promovendo actividades de pescuda de información, favorecendo a consulta de diferentes fontes bibliográficas, propoñendo traballos de investigación, etc.

e) As actividades de animación á lectura: a achega ao centro de autores e ilustradores a presenza de actividades de contacontos, as celebracións especiais (día do libro, ano de...) certames literarios, xogos de pescuda de información etc. Pretenderán espertar o interese do alumnado pola lectura e o gusto pola escritura, servirán de motivación para acercar os libros aos cativos.

f) Coordinación biblioteca-Tic: axudará á formarnos en técnicas de pescuda de información e formación documental. Os recursos coordenados de ambas enriquecerá a actividade educativa cotiá.

TRATAMENTO DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

Sendo o desenvolvemento da competencia lectora un pilar básico sobre o que se sustenta a consecución de numerosas aprendizaxes; faise preciso ten en conta pautas de actuación educativa que permitan ao alumnado con dificultades de aprendizaxe relacionadas coa lectura e a escritura afrontar ditas dificultades e pouco a pouco ilas superando para iso:

- Dispoñerán de profesorado de apoio (dentro e fóra da aula) que poñerán en práctica
  medidas de apoio ou reforzo para desenvolver a competencia lecto-escritora
- Formación de clubs de lectores que estimulen o interese pola lectura neste grupo de

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

alumnado.

TAREFAS EXTRAESCOLARES RELACIONADAS COA BIBLIOTECA

A apertura do centro á comunidade e axudar a eliminar as desigualdades sociais, tan presentes no contorno do noso centro que se traducen nun elevado índice de fracaso escolar..

## 6. Familias e entorno

RELACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

A familia ocupa un ámbito educativo básico que debemos ter en conta á hora de dar forma ao proxecto lector do centro. Contemplaremos accións que favorezan a implicación dela na promoción da lectura e da escritura nos rapaces.

- Realizando sesións informativas:onde se lles explique como axudar a mellorar a competencia lectora dos seus fillos e fillas ( charlas – coloquio organizadas polo D.O.)..

- Creando un ambiente de lectura en familia (recordemos que se os rapaces ven á súa familia lendo, tamén eles terán máis interese pola lectura). Para iso potenciaranse actividades de lectura en familia, concursos literarios,.. Ex. as mochilas viaxeiras; pescudas de información para traballos en familia, etc.

- Tendo ben dotada a sección de libros para adultos a biblioteca do centro, a cal atraerá a estes lectores maiores e creará exemplo nos máis pequenos.
- Valorando a participación das familias en actividades escolares: lendo para os máis pequenos.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

COORDINACION CON OUTRAS INSTANCIAS DO ENTORNO

Dende o centro buscarase a colaboración con outras instancias para favorecendo desenrolo a competencia lectora e escritora:

- Colaboración coa biblioteca municipal.
- Exposicións en colaboración con librerías do entorno (feiras do libro).
- Participación en actividades ofertadas por outras institucións (Concello, Deputación...)

que fomenten a lectura e a escritura. ( semanas do libro, animación a lectura, exposicións, contacontos...

## 7. Recursos

Os recursos para facer operativo o PLC e desenrolalo axeitadamente serán de dous tipos:

- Recursos materiais. A presenza no centro de material bibliográfico abundante, a dotación de ordenadores nas aulas con conexión a internet, a existencia dunha biblioteca ben equipada a nivel de volumes e de soporte informático . A inversión nun ambiente estético agradable, que facilite o uso da biblioteca como recurso frecuente nas tarefas de investigación e documentación, que posibilite o traballo co alumnado na sala, así como a dotación dun soporte audiovisual estable que permite un acceso fácil e rápido ás novas tecnoloxías (ex. Canon de vídeo, pantallas, ordenadores, etc.) .todo posibilitará que a competencia lectora e escritora reciba un impulso importante. Asemade, no espazo de “Diálogo e xogo compartido”,faranse propostas de letura para o momento de lecer. Estarán expostos os volumes relacionados cos proxectos a desenvolver durante o

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

curso, para uso de mestrado e alumnado, onde poderá ler e/ou consultar neste espazo nos momentos máis axeitados, para cada griupo.

É fundamental distribuír tempos para cada grupo de alumnos a fin de optimizar os recursos dispoñibles, que poderán ser tempos semanais fixos en tempos semanais variables en función das necesidades de cada titor.

- Recursos humanos : resultan imprescindibles e serán o eixe que articule todo o PLC. A disposición do profesorado, o interese por un enfoque metodolóxico baseado na aprendizaxe significativa , que valore a educación en habilidades de información e fomento o hábito lector en todas e cada unha das áreas do currículo servirá de sustento a este PLC, só coa súa colaboración pode ser posto en práctica.

NECESIDADES

- É de necesidade no centro a figura dun bibliotecario/a que atenda a biblioteca a tempo completo.
- É necesaria a presenza de mais profesorado de apoio que permita axudar a atender os grupos máis masificados do centro, en especial no tempo que se dedique á pescuda de información e as técnicas documentais.
- É preciso dotar ás bibliotecas de aula con recursos suficientes para levar a cabo un enfoque metodolóxico máis activo e menos reprodutivo.

## 8. A formación do profesorado

A formación do profesorado ten un papel fundamental de apoio os procesos de ensinanza-aprendizaxe da lectura, non só para a actualización de cada profesor/a, naqueles aspectos que precise senón tamén para apoiar procesos de reflexión

que hai que levar a cabo nos centros educativos para coordinarse entre os distintos niveis ou ciclos do centro.

Así, pois, será preciso primar accións formativas non só de carácter individual senón, sobre todo, de carácter colectivo, no contexto do centro, de xeito que se poidan atopar solucións ós problemas que se vaian atopando.

Nesa dirección, cobra maior sentido unha formación centrada nos problemas reais do centro, en relación con desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector, e unha formación que se basee nos procesos de reflexión a partir de problemas reais para buscar solucións eficaces.

De este xeito, a formación permanente é un eixe fundamental, xa que pode exercer de apoio e recurso de todos eles.

Para iso estableceranse uns obxectivos básicos dentro da formación permanente do profesorado que poderían ser:

- Outorgar á lectura un ámbito de actuación prioritario nos plans de formación, incluíndo neles actuacións e formación referidas a modelos para a ensinanza da lecto-escritura como de estratexias para o desenvolvemento da competencia lectora.
- Establecer itinerarios formativos que permitan distintos niveis de formación ó profesorado e que ofrezan diferentes modalidades de formación.
- Potenciar a innovación dos procesos de ensinanza no campo da lectura.
- Favorecer a concienciación do profesorado no seu papel de mediador nos procesos de desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- Impulsar o intercambio de experiencias, materiais e recursos en relación co ámbito da lectura.
- Para iso deberían establecerse as seguintes actuacións:

1. Proposta de diferentes itinerarios formativos que axuden a desenvolver os obxectivos deste Plan Lector
2. Planificación de determinadas actuacións formativas destinadas o profesorado en tempo lectivo.
3. Impulso ó intercambio de experiencias en relación co Plan Lector.
4. Elaboración e difusión de materiais e recursos axeitados, contextualizados á práctica educativa.
5. Seminarios, grupos de traballo… cos asesores/as de formación, responsables do Plan Lector.

## 9. Avaliación do PLC

O coordinador do Proxecto Lector de Centro, xunto cos coordinadores dos ciclos, realizará unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos Plans Anuais de Lectura, informando á Comisión de Coordinación Pedagóxica da marcha do mesmo, e propoñendo, se fosen precisas, as medidas de corrección. A avaliación final recollida na memoria do curso permitirá establecer os obxectivos para o ano seguinte.

- Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta os índices de lectura e a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria, sendo quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, e a actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe .
- Avaliarase o desenrolo de competencia lecto-escritora e de alfabetización informacional, ben sexa mediante enquisas ou a través da observación directa.

O feedback deste proceso permitiranos realizar os cambios pertinentes para que o alumnado mellore na achega á competencia lectoescritora.

Avaliaranse tamén as prácticas educativas, valorando os cambios metodolóxicos realizados e se estes melloran ou non o proceso de ensino-aprendizaxe.

En Ribeira. a 15 de setembro de 2023

# PLAN ANUAL DE LECTURA
## 23-24

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo

## CEIP PLURILINGÜE O GRUPO
15014544

# PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/24

## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS.
2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN.
3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.
4. SECCIÓNS (BIBLIOTECA DE AULA OU DEPARTAMENTO).
5. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SITEMÁTICAS:
6. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA
7. ITINERARIOS LECTORES.
8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

A) PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS, PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS, CAMPAÑAS DE LECTURA, PROGRAMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA INFORMACIONAL E MEDIÁTICA..

b) ACTIVIDADES PUNTUAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS….)

C) RECURSOS E MATERIAIS.

9. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.
10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

## 1. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS.

O CEIP Plurilingüe O Grupo de Ribeira, ten unha matrícula de 407 alumnos no curso 2023/24, repartidos en 20 unidades e organizados en dúas liñas A e B e nalgúns casos C, excepto en Educación Infantil que se organiza en seis grupos : A, B, C, D, E e F.

Os obxectivos que temos marcados e que están relacionados co proxecto lector de centro e tendo en conta o contexto do curso actual son os seguintes:

- Facilitar os medios para que toda a comunidade educativa use o material da biblioteca, facilitando as canles de organización e participación dos distintos sectores.
- Desenvolver hábitos de formación de lectores dende o inicio da escolaridade, facendo fincapé no bo uso, coidado e conservación dos fondos nos seus diferentes soportes.
- Fomentar actitudes tolerantes e abertas ante calquer tipo de documento escrito e analizar contidos discriminatorios que poidan derivarse da lectura ou interpretación da información gráfica ou escrita.
- Potenciar a actualización dos fondos existentes en diferentes formatos e fomentando os de tipo virtual, seguindo criterios dos diferentes equipos docentes, ANPA, alumnado…
- Concienciar aos diferentes sectores da comunidade educativa da necesidade dunhas normas para o normal funcionamento de actividades dentro do espazo físico da biblioteca.
- Favorecer o achegamento das familias e dos nenos/as aos recursos de tipo virtual.
- Aumentar a cantidade de fondos inclusivos da nosa biblioteca (lecturas con pictogramas, libros de lectura fácil, apps para alumnos con Acneae..)
- Potenciar a relación entre a biblioteca do Ceip Plurilingue O Grupo e outras institucións e / ou axentes externos para a organización das distintas actividades.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro, para non caer en estereotipos.

- Acadar máis participación nas actividades promovidas dende a biblioteca.

Con respecto ás necesidades resoltas no curso 2022/23 acadamos un gran aumento do número de fondos tanto informativos como de ficción así como, a ampliación do número de recursos materiais para o espacio maker do centro, destacando a impresora en 3D.
Tamén fixemos partícipes ao pobo de Ribeira do produto final do noso proxecto: "Coas mans na nasa", unha exposición dentro do colexio organizada desde infantil aos últimos cursos de primaria e na sala de usos múltiples do concello, a cal tivo unha grande acollida. O noso PDI, saíu fóra das aulas e tivo gran implicación da comunidade educativa e unha gran repercusión mediática (xornais, TV local e comarcal, ….) e a través da nosa radio escolar RAdioTOdiño.

Potenciamos a participación do alumnado nos distintos retos e actividades programados dende o equipo de Biblioteca. Neste momento no que as redes sociais están en pleno apoxeo, potenciaremos a realización de actividades que se publicarán a través do Blogue da Biblioteca e do perfil de Instagram RAdioTOdiño, co que manteremos informadas ás familias e seguidores das actividades tanto das que se están a realizar como das novas referentes á biblioteca e radio.

Atendendo ás necesidades máis urxentes que cómpre atallar durante este curso serían seguir a continua actualización dos fondos e a ampliación de recursos audiovisuais actualizados, materiais en distintos soportes favorecendo ademais dos recursos informativos en soporte impreso, o soporte audiovisual e electrónico. Tamén sería necesario contar con soportes de tipo libro electrónico, cámara fotográfica, máis tablets, ... para favorecer a accesibilidade ao currículo de todos os alumnos e a utilización destas ferramentas que facilitan a aprendizaxe, potenciando así o carácter inclusivo da biblioteca escolar.

Tamén continuaremos participando na convocatoria de Radio na Biblio.

Tentaremos proporcionar materiais que axuden ao desenvolvemento do pensamento crítico, obxectivo que nos parece primordial e que xa ven sendo habitual na dinámica do noso centro escolar.

O noso centro está inmerso nos seguintes programas:

- Edixgal

- Plurilingüismo
- PLAMBE

  -**Plan de Melloras de Bibliotecas Escolares** coordinado por Josefa Pazos Pouso.

  - Participación no programa de **Voluntariado de Lectura-A** coordinado por Josefa Pazos Pouso.

  - **Radio na Biblio**, coordinado por Ramona BelloFernández de Sanmamed.

  - Este ano tamén solicitaremos a participación no programa de **CLUBS de LECTURA.**
- Plan de Formación Permanente do Profesorado, que este ano

ten catro liñas:

- Webs dinámicas , coordinado por Manuel A. Sobral Rial
- Polos Creativos, coordinado por Manuel A. Sobral Rial
- Formación en TEA, coordinado por Elvira Fernández Vidal
- Elaboración de programacións en Proens, coordinado por Elvira Fernández Vidal

- Programa Nutriescolas 0 e Nutriescolas 1, Aliméntate Ben do Plan Proxecta, coordinado por Marina Caramés .
- Proxectos de vida activa, Milla diaria, Móvete+ e Xogade, coordinado por Aida García Arnoso.
- Programa Froita na Escola do Plan Proxecta, FOGGA
- Programa de consumo de leite fresco, Plan Proxecta, FOGGA
- Participación en Contratos Programa, nas modalidades de Innova e Inclúe.

Continuaremos colaborando coa asociación ***Teachers for future*** na iniciativa de "Recreos residuos cero" e sumándonos aos retos de ***Generación ECO*** by ecovidrio.

## 2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN.

Consideramos que os espazos e tempos de lectura non se deben reducir ao espacio físico da aula. Por iso dende anos atrás tentamos propiciar que tamén os corredores e o patio conten con contos, libros e xogos inclusivos para os nenos/as que prefiran actividades tranquilas.

No patio do centro continuaremos coas dinámicas na Bibliopatio. Este espazo contará con caixas con libros que se irán cambiando e manterial funxible para que se poidan expresar ademais de permitir ás diferentes aulas cos titores e titoras ou mestres especialistas gozar de momentos de diálogo, debate, resolución de conflitos, lectura,… ao longo de toda a xornada, incluida a hora do patio.

En todas as aulas existe unha biblioteca adaptada á idade dos nenos/as e nas que poden buscar información para unha tarefa concreta ou utilizala en momentos de lecer.

Os alumnos do centro de primaria do colexio poderán consultar os libros informativos e divulgativos no transcurso das materias para realizar actividades das diferentes tarefas competenciais segundo acorden coa súa mestra /titora.

Durante este ano para a realización dos empréstitos, teremos a sesión do recreo para que os alumnos escollan e fagan as devolucións.

O noso CLUB DE LECTURA “LEOTODIÑO”, realizarase unha vez máis fóra do horario lectivo e de xeito presencial. Este curso 23-24 realizase os xoves de 14:00 a 16:00 h. cunha periocidade de 2 sesións mensuais, facendo o xantar no centro e procedendo logo á lectura. Escolleranse as lecturas según as preferencias dos integrantes do club de lectura e lerase algún capítulo do libro, debatirase arredor del, compartiremos videos ou outro tipo de recursos relacionado coa temática do mesmo,… Ademais como ven sendo habitual nos últimos anos seguiremos mantendo a relación co club de lectura do Ceip de Artes, compartindo lecturas e outras actividades. Este primeiro trimestre lerase “Carme e a serea Mariña”, dunha escritora nobel do noso pobo e que está relacionado co Proxecto Documental Integrado sobre o mar que desenvolveremos este curso escolar.

## 3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

- **En relación coa organización e xestión, a configuración da biblioteca como "laboratorio creativo de aprendizaxes"**

  - Continuarase na mellora da organización da biblioteca escolar tendo en conta aqueles recursos que se queren potenciar. Búscase que a biblioteca sexa un espazo cada vez máis integrado na vida da nosa comunidade educativa: incentivar a participación, a exploración, a investigación..

Seguiremos aumentando recursos que inciten o uso do Maker Space, distribuídos en espazos para a ciencia, para a tecnoloxía, para o ámbito matemático e artístico. Tentaremos incorporar recursos tecnolóxicos novos, como por exemplo a impresora 3D que foi doada pola ANPA para o alumnado do noso centro.

- Programa de Voluntariado, que volverá formar parte do noso centro para os nenos e as nenas de 5º e 6º de EP. O alumnado que repite experiencia seguirá formándose e axudándolle ao alumnado que comeza novo, contando sempre coa formación por parte do profesorado pertinente.
- É moi posible que ao longo deste curso nos iniciemos no programa KOHA formaremos ao profesorado e ao equipo de voluntariado. En caso contrario, seguiremos traballando e formándonos para o bo manexo do Programa Meiga.
- Seguiremos actualizando o blog da biblioteca "Mergúllate nos contos" así como as publicacións na web do centro, as novas da radio escolar e no perfil de Instagram para difundir as nosas novas.
- En coordinación co equipo TIC tentaremos incrementar a gravación de titoriais, contos e outros recursos que faciliten o uso da biblioteca escolar e a creación de contido para mellorar ó acceso ao currículo.
- O bo uso da radio escolar seguirá latente de cara o vindeiro curso: entrevistas a persoas referentes da nosa comunidade educativa, pequenas gravacións por parte das aulas, sección de novas,… seguirán formando parte das nosas xornadas.

- En relación coa dinamización e promoción de recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Durante o curso 2022/2023 o noso PDI de centro, arredor do cal xiraron todas as actividades que se fixeron no centro estivo relacionado co mundo mariño e coa súa sostibilidade. Dado o amplo xogo de actividades que nos oferta esta temática pretendemos que durante o curso 2023/2024 o PDI volva xirar arredor do mar. Neste curso centrándonos nas illas, faros, catástrofes mariñas e sostibilidade. Enmarcados neste ámbito, a biblioteca de centro será a encargada de seguir mercando material complementario, recursos bibliográficos, recursos visuais e recursos interactivos que proporcionen tanto a alumnado como a profesorado novas oportunidades de aprendizaxe, investigación e emprego no seu día a día.

- Para a adquisición deste novo material teranse en conta as necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso. Tamén se fará unha selección de fondos que poidan resultar de maior interese para o desenvolvemento do proxecto, dándolle prioridade a aqueles recursos de tipo dixital axudando a acadar os obxectivos do Plan Dixital do centro.
- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital)
- Dende a biblioteca nace a necesidade de deseñar e planificar (tendo en conta o material e/ou recursos dos que se dispón) diferentes actividades que potencien a autonomía das persoas usuarias na mesma, podendo deste xeito, de forma totalmente independente, ser capaces a realizar labores de procura, selección, acceso e uso da información dispoñible.
- A metodoloxía por proxectos, o PDI de centro, é unha das metodoloxías activas e colaborativas que mellor se adapta aos obxectivos da biblioteca xa que as actividades están directamente relacionadas coa procura e selección da información. Porén, de cara o vindeiro curso, a comunidade educativa continuará involucrada no PDI, deseñando actividades nas que se traballe de xeito competencial e transversal.

- Débese ter en conta que neste eido do PDI, a selección e o contraste da información é unha das tarefas de maior dificultade para o noso alumnado. Dende a biblioteca potenciaremos diferentes actividades que, ademais de contribuír de forma directa ao proxecto no que se traballa, axuden ao alumnado a saber onde pode localizar a información, como ten que ser localizada e cales son os distintos formatos nos que esta se pode presentar.
- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)
- O uso do pasaporte lector é un éxito entre o noso alumnado: ver como incrementan os selos da nosa mascota Leotodiño nos seus pasaportes a medida que se incrementa o goce pola lectura é unha satisfacción persoal que fai que de forma directamente proporcional aumente o número de persoas usuarias da nosa biblioteca.

Neste curso 2023/2024 seguirase potenciando o seu uso pero cunha lixeira modificación: ata o de agora os pasaportes cambiaban de cor segundo o ciclo no que estivese o alumnado (pasaportes azuis para o alumnado de Educación Infantil, pasaportes vermellos para o alumnado de 1º ciclo de EP, pasaportes verdes para o alumnado de 2º ciclo de EP e pasaportes amarelos para o 3º ciclo de EP), no vindeiro curso os pasaportes non terán cor, desta forma diminuímos o gasto en tinta e aproveitamos mellor o sobrante destes pasaportes sen depender do ciclo no que estea, contribuíndo así ao coidado do medioambiente (un dos nosos obxectivos prioritarios no noso centro).

- A lingua galega, de fala minoritaria no noso centro, terá un peso fundamental no noso Plan Lector, fomentando a lectura en galego. Para poder levar a cabo esta acción, continuaremos coa compra de material bibliográfico e outros recursos nesta lingua. Dende a biblioteca animarase a que dende Educación Infantil se continúe co préstamos semanal de libros e materiais para a casa así como tamén se anima a que dende as titorías se lles intente motivar para fomentar a lectura en galego.

- Así mesmo, para axudarlle con estas actividades ás titorías, mensualmente notificaráselles ás aulas cales son as novas incorporacións bibliotecarias. As cuñas na radio da biblio con reseñas e comentarios sobre os diversos libros pode ser unha boa ferramenta para motivar ao alumnado. Outra boa opción é continuar coa campaña que estableceu este ano despois da semana do libro "Contando coas familias" para que tanto nais, pais, avós como avoas veñan ás aulas para lernos ou contarnos contos na lingua galega.

A subscrición a revistas mensuais como o xornal O Papagaio (para o alumnado) ou a Revista Galega de Educación (para o profesorado) e a revista CLIJ seguirán vixentes .

o Continuarase colaborando co resto de departamentos do centro para poder levar a cabo conmemoracións e festividades de especial importancia como poden ser: Samaín, Magosto, o Día da Lingua Materna, o Día de Rosalía de Castro, a Semana da Prensa, a semana das Letras Galegas, entre outras co fin de que se promovan actividades de lectura e escritura na lingua galega.

o O "Club de lectura" ten moita importancia neste eido xa que os libros que se len e traballan nestes martes intentar ser, de forma maioritaria, en lingua galega.

o Participación por parte do centro educativo en todas as actividades que se nos oferten dende o departamento de Normalización da Lingua do Concello de Ribeira.

- En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.

Ampliación da colección con textos adaptados, pictogramas, de lectura fácil, textos exclusivamente en letras maiúsculas, compra de audiolibros e adquisición de libros en diferentes linguas (fomentando así a integración do alumnado estranxeiro).

No noso Maker Space ampliarase o material manipulativo e sensorial que se adapte ás diferentes características do alumnado independentemente das necesidades que este presente.

Seguirase traballando para que biblioteca e Maker Space sexan espazos de fácil accesibilidade, onde todo o mundo se poida desprazar sen barreiras que llo limite.

Utilizarase a Radio do centro para poñer pequenos textos e contos escritos para o alumnado, que se poderán converter en contos audibles de fácil acceso para todo o alumnado.

- **Outras actuacións**

A biblioteca debe ser un espazo de actualización continua, que axude a satisfacer as necesidades que vaian xurdindo na comunidade educativa.

Teranse en conta todas as actividades que se vaian realizando dende as titorías e nas aulas co profesorado especialista e, en base ao que se vaia traballando poranse en marcha outro tipo de actividades máis lúdicas para o alumnado, como poden ser os encontros cos autores dos libros/ contos que se están lendo neses momentos, representacións teatrais que nos proporcionen as editoriais ou os organismos públicos, actividades que nos poidan ofertar dende diversas asociacións...

Aproveitaremos tamén todas aquelas ocasións nas que as familias se mostren voluntarias para participar nas lecturas do noso centro.

- **Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.**

Valoraranse os servicios e recursos ofertados pola biblioteca escolar, así como a participación da comunidade educativa nas actividades deseñadas dende a biblioteca (si son significativas, motivadoras, dosificadas, interrelacionadas co proxecto… ), as relacións con outros axentes (bibliotecas públicas, Anpas, concello). Empregarase unha enquisa para valorar a puntuación que Mestres, alumnos e familias lle dan á biblioteca. Ademais desta avaliación final, farase unha avaliación continua das actividades desenvolvidas por se é necesario modificalas ou adaptalas ás circunstancias que poidan xurdir.

## 4. SECCIÓNS (BIBLIOTECA DE AULA OU DEPARTAMENTO).

En cada clase haberá unha serie de libros tanto de educación documental como libros de ficción, ubicados alí de forma fixa. Ademáis co préstamo semanal de aula, iranse rotando unha serie de libros escollidos polas titoras entre o grupo clase. Tamén se contará con outros libros informativos que respondan ás temáticas dos proxectos que se estén traballando en cada momento.

Polo que se refire aos diferentes ciclos, en cada titoría existen materiais de distinto formato adecuados á idade dos nenos e que temos en depósito para poder rotalos polas aulas.

## 5. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS:

Son obxectivos do noso proxecto lector, o desenvolvemento das competencias lectoras, fomentando o hábito de lectura, escritura e oralidade, favorecer as competencias literarias, así como a educación documental, educando no uso crítico da información, apoiar a adquisición das competencias básicas e a formación de usuarios.

As tecnoloxías da información e a colaboración das familias constitúen unhas ferramentas vitais na consecución destes obxectivos. Por esta razón están integradas nas propostas da biblioteca e pretendemos desenvolver un proxecto anual común. Continuaremos tamén fomentando o traballo en proxectos de aula estreitamente relacionados co currículo. Nos cursos de Primaria, hai unha selección de títulos e textos para investigar, analizar e disfrutar ao longo do ano escolar. Nesta actividade a lectura pode ser en voz alta, para desenvolver a competencia literaria (de xeito individual, por parellas, en pequenos grupos, segundo sexan os textos a traballar: poesía, narrativa, teatro…), combinado con outros momentos de lectura silenciosa individual.

**Destacamos dentro das actividades programadas no curso 2023/24 as seguintes:**

- As actividades de formación de usuarios, que se levarán a cabo ao longo do curso.
- Continuaremos este curso escolar, co **"Club de Lectura",** que se puxo en marcha fai sete cursos e que tivo unha gran acollida por parte dos alumnos e alumnas. Consideramos fundamental que o alumnado aprenda a pensar e a reflexionar para que sexan lectores competentes e vaian adquirindo tamén, unha serie de recursos para poder filtrar a información que lles chega por numerosas canles nesta era predominantemente dixital. Pero, sen dúbida , o que queremos proporcionarlles é compartir con eles un tempo para gozar do pracer da lectura. Teremos dúas sesións mensuais os xoves de 14:00 a 16:00 h.

- **Hora de biblioteca no horario lectivo**: unha sesión semanal na biblioteca de cada grupo clase, cos seus titores segundo o horario asignado. Nos

cursos de infantil, as dúas mestras de apoio acuden coa metade da clase en cada sesión; actividades de préstamo bibliotecario (para a lectura na casa, na aula, ao longo de todo o curso no horario antes citado. Tamén se realizarán actividades de formación de usuarios, para que o alumno aprenda a manexar a biblioteca, levaranse a cabo no primeiro trimestre para todos os niveis. E finalmente actividades de formación documental: traballo previo de búsqueda e selección para a creación de materiais a partir do proxecto anual, onde fomentaremos a investigación nos distintos espazos e soportes documentais, o traballo en equipo, a creación de novos materiais. Proporanse actividades mensuais e nas diferentes celebracións iremos facendo propostas a todos os cursos, usando a mascota da biblioteca como vehículo para impulsar a busca de información e a elaboración de materiais en variados soportes, fomentando así as competencias lingüística e dixital.

**OUTRAS ACTIVIDADES que tentaremos realizar ao longo do curso son as seguintes:**

- **Libros do Proxecto:** Exposición temática anual de libros para os mestres ubicada na biblioteca para que acompañen as súas explicacións e sirvan de axuda para as investigacións.
- **Novidades:** Exporanse a través do Blog da Biblioteca e Instagram para que os nenos/as descubran as novidades, así como tamén faremos unha exposición na entrada do centro.
- **Celebracións**: Día das bibliotecas escolares, onde poremos en marcha as mochilas viaxeiras, Samaín, Magosto, Día da Violencia de xénero, Nadal, Día da Paz, Día da ligua materna e de Rosalía, Entroido, Día da muller, Día das artes Galegas, Día da Poesía, Semana do Libro, Semana da prensa, Letras Galegas … que nos serven de apoio para realizar actividades de formación de usuarios e de formación lectora, coa complicidade da familia en moitos casos.
- **Contacontos:** Seguiremos abordando a dinamización da biblioteca con estas actividades grazas á participación das nais, pais, avós e avoas ou profesionais que poidan achegarse ao noso colexio, ou os mesmos nenos

que queiran compartir unha sesión de contacontos cos seus compañeiros. Ademais tamén estamos en conversacións con distintas editoriais para realizar Encontros con autores, sesión de contacontos,…. Según os libros lidos nos distintos itinerarios lectores dos ciclos.

- **Exposicións temáticas**: Exposición de creacións feitas polos alumn@s.
- Temos solicitada a **Maleta Literaria (contos por un planeta)** do CEIDA - Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia que será exposta do 8 de novembro ao 8 de decembro aproximadamente.
- **Participación en Retos** que se lle proporán aos alumnos en relación ao proxecto.
- **Colección**: seguiremos aumentando a colección, atendendo especialmente aos fondos relacionados coa narrativa, a poesía, o teatro e a educación documental, tentando priorizar este curso fondos inclusivos.
- **Actividades mensuais de recomendación de libros por parte dos nen@s a través de RAdioTOdiño**. A mesma actividade de recomendación tamén se fará elaborando podcasts sobre os escritores e entrevistas en directo na radio con autores/as.
- **Biblio Patio "LeoPatio":** contamos no recreo cun espazo para debuxar e ler contos.
- **Actividades de Voluntariado**: Préstamo, catalogación, participación en actividades de animación…
- **Actividades do Club de Lectura**. Lectura compartida, roteiros literarios, xornada de convivencia co Club do Ceip de Artes.
- **Mochilas viaxeiras**: realizarase a actividade, proporcionando ás familias un calendario. A maioría dos cursos solicitaron participar nesta actividade, na cal cada semana un neno de cada aula levará para a casa unha mochila cunha selección de libros, DVD´s, CD´s, etc., para que poida compartir coa súa familia ao mesmo tempo que van descubrindo o gusto e o interese pola lectura.
- **Participación in streaming** das actividades culturais propostas dende Normalización lingüística do Concello de Ribeira.
- **Mercadillo solidario**: colaborando con Cáritas e ICE Renovación que xestiona o comedor social do concello. Un libro (procedente do expurgo ou

doado expresamente polas familias para esta actividade) por un kilo de alimentos. ( Este curso, coma todos os anteriores gustarianos sacar o mecadillo solidario á rúa, pois sempre ten moi boa acollida e en colaboración co CEIP de Artes.

## 6. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

Por un lado temos a función dos titores e do profesorado en xeral coa planificación de actividades de dinamización lectora segundo as características do grupo clase, reservando tempos para o uso da biblioteca segundo as directrices que se acorden, elevando propostas de mellora ao grupo de apoio á biblioteca, informar sobre adquisicións ou expurgo de material segundo as necesidades observadas no traballo cotiá, durante o curso e na programación, ou cando se utilice a biblioteca.

Por outro lado o equipo de apoio á biblioteca escolar recopilará información, materiais e recursos necesarios para un bo funcionamento do servicio bibliotecario cara toda a comunidade escolar, recoller actividades levadas a cabo na biblioteca escolar e difundir os traballos e propostas, establecer criterios para a adquisición e actualización de fondos en distintos formatos, recoller propostas da comunidade educativa para mellorar a competencia lectoescritora, o gusto pola lectura e a busca de información. A través das reunións do equipo procederase a análise destes materiais e iniciativas para incluír na memoria e que nos permitan realizar propostas de mellora.

Como recursos humanos que interveñen por un lado teríamos ao Concello coa Concellería de Normalización lingüística coas actividades programadas de Contacontos e Teatro na Biblioteca Municipal e o auditorio como complemento das actividades da escola en relación con conmemoracións importantes tales como o mes do libro, o día da lingua materna, o día das linguas, o día da muller, da violencia…

Por outra banda, colaboramos tamén con distintas editoriais e librarías locais que nos ofertan novidades de libros que logo se complementan con actividades de contacontos ou con encontros con autores, ilustradores, artistas gráficos,...

Tamén temos en conta as asociacións existentes no noso concello e que contribúen dun ou outro xeito a dinamizar e complementar as accións que levamos a cabo dende o centro. Durante este curso solicitaremos a colaboración para desenvolver o proxecto do mar ao Centro de Estudos Mariños de Riveira (GEMM) e a asociación Alfaia.

## 7. ITINERARIOS LECTORES.

En educación infantil tentamos seleccionar por un lado lecturas en relación coas conmemoracións e por outro as directamente relacionadas co tema do proxecto:

- Camiño, de Marisa Núñez e Mariona Cabassa.
- *A figueira de Pelostortos,* de Ana García Castellano e Mikel Mardones.
- *Carabuñas,* de Margarita del Mazo e Charlotte Pardi.
- *cascabel da gata,* de Pablo Albo e Raúl Nieto Guridi.
- *Corre,corre cabaciña,* de Eva Mejuto e André Letria.
- *Primeiro día na escola de vacas, de Andy* Cutbill e Russell Ayto.
- *Iriña bailarina*, de Cristina Justo e Paloma Rodríguez.
- *Antón e o apalpador*, de Manuel Castro Lima e Mª del Mar Ameixeiras Sánchez.
- *La ovejita que vino a cenar*, de Steve Samllman e Joëlle Dreidemy.
- Entre outros.

No Primeiro ciclo: seguen principalmente a liña das conmemoracións, así teremos libros, entre outros, como:

- 1º de educación primaria:
    - *A bruxa regañadentes*, de Tina Meroto e Maurizio Quarello.
    - *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e Victor Rivas.
    - *Unha manchea de bicos*, de Antonia Rodenas.
    - *Antón e o apalpador*, de Manuel Castro Lima e Mª del Mar Ameixeiras Sánchez.
    - *Mis primeros calcetines.*

- 2º de educación primaria:

- *Fiz, o coleccionista de medos*, de Fina Casalderrey e Teresa Lima.
- *O noso Samaín*, de Loretta Birott Bermejo.
- *Marosa e Mariña camiñan a Compostela*, de Iago López e Macus Romero.
- *O chuvasqueiro de Aurora*, de María Márquez.
- *Malena Ballena*, de Cali Davide e Sonja Bougaeva.
- *"Escuela de monstruos".*

No 2º ciclo:

- 3º de educación primaria:
  - *O tempo do revés,* de María Solar.
  - *Mortiña: unha historia para esmendrellarse de risa,* de Bárbara Cantini.
- 4º de educación primaria:
  - *Noiteboa de Pantasmas*, de Charles Dickens.
  - *Carme e a serea Mariña*

No 3º de ciclo as aulas farán as seguintes lecturas:

- 5º de educación primaria:
  - *A lavandeira de San Simón* de Eva Mejuto.
  - *Nata y chocolate*, de Alicia Borrás Sanjurjo.
  - *No corazón do bosque*, de Agustín Fernández Paz.
  - *Nata y chocolate*, de Alicia Borrás Sanjurjo.
- 6º de educación primaria:
  - *Las piernas de Amaidú*, de Luis Matilla.
  - *Sopa de Marsopa*, de Isabel Freire.
  - *Oliver Twist*, adaptación de Pablo Antón Pascual.
  - *A illa de todas as illas*, de Xabier P. Docampo.
  - *Mitos y leyendas del Antiguo Egipto*, de Robert Swindells.
  - *Lazarillo de Tormes*, adaptación de Eduardo Alonso.
  - *Intercambio con un inglés*, de Christine Nöstlinger.
  - *Don Quijote*, de Miguel de Cervantes.
  - *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Ledicia Costas.

## 8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

**A) PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS, PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS, CAMPAÑAS DE LECTURA, PROGRAMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA INFORMACIONAL E MEDIÁTICA..**

Neste novo curso poremos en marcha as mochilas viaxeiras. Comezaremos no mes de outubro, aproveitando para tal fin o Día das Bibliotecas Escolares. Cada aula contará coa súa mochila, a cal estará composta por libros de contos, álbumes ilustrados, CD´s de música, DVD´s, entre outros. Cada semana un neno ou nena de cada aula levará a mochila para a súa casa e traeráa de volta á semana seguinte (de luns a luns), para así poder compartir a experiencia coa súa familia. Cada mochila contará tamén cun bloc onde os nenos e as nenas, así como as súas familias nos poidan contar como disfrutaron desta actividade, ben sexa con fotografías, debuxos, descricións, etc.

Neste curso continuaremos o proxecto documental integrado iniciado o curso pasado sobre o noso patrimonio e o mar. Neste ano centrándonos nos faros, illas, rutas do Camiño de Santiago (A Orixe_ Corrubedo), naufraxios e perigos do mar e a súa sostibilidade.

Polo tanto, son proxectos nos que traballamos de forma directa o coñecemento do noso entorno próximo creando actitudes de respecto, pertenza ... Dende **Radio Todiño,** seguiremos apostando por artistas locais, aos cales poderemos entrevistar, ao mesmo tempo que, no caso de artistas do ámbito musical, poderemos difundir a súa música a través da nosa plataforma.

Dende **Biblioteca e Normalización da Lingua**, seguiranse ampliando os fondos bibliográficos, levarase a cabo a biblio patio (aproveitando o refuxio lector, cabaña que se montou no patio).

A mascota da biblioteca, Leotodiño, aproveitará para traernos libros informativos, interactivos, de arte que nos permitan investigar e desenvolver a nosa curiosidade ao respecto. Traballaremos de forma coordinada, cos equipos de Dinamización da Lingua Galega, Arts, Medioambiente, TICS, Extraescolares, Radio Escolar para compartir ideas, dándolles un carácter global e interdisciplinar e que nos permitan avanzar na contrución do coñecemento.

Actividades de formación de usuarios: levarase a cabo a formación de grupos de cinco nenos/as, sendo un total de 25 aproximadamente que se irán rotando a

razón dun grupo por día na hora do recreo e que serán os voluntarios e voluntarias da biblioteca.

Amosaráselle o funcionamento do programa Meiga para facer empréstitos e devolucións fundamentalmente, familiciaranse coa organización dos libros de infantil por temáticas co seu correspondente pictograma e cor, colaborarán na ubicación dos libros nos seus andeis correspondentes.

Logo na zona de primaria a organización por cores e atendendo primeiramente ao apelido do autor. Finalmente centrarémonos na CDU, para achegar aos nenos e nenas á catalogación. Terá lugar na primeira quincena de novembro.

**B) ACTIVIDADES PUNTUAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS….)**

As actividades puntuais estarán estructuradas en trimestres:

a. **Primeiro trimestre: DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES, SAMAÍN, MAGOSTO, VIOLENCIA DE XÉNERO, DÍA MUNDIAL DA DISCAPACIDADE E NADAL.**

- Saída á Biblioteca Municipal a realizar o seu carné os alumnos/as que non o teñan. Visita ao espazo para o seu coñecemento.
- Exposicións de contos, vídeos e outros recursos de medo e de outono, violencia e igualdade no blogue da biblioteca, así como nos corredores.
- Decoración libre de cabazas na casa, e exposición das mesmas na escola, na cal habilitaremos un lugar para que os nenos e as nenas poidan deixar as súas cabazas e logo, poderemos pasar a velas. Tamén lle sacaremos fotografías para logo compartilas na nosa páxina web co resto da comunidade educativa.
- Polo Samaín todo o centro educativo traballará a literatura de tradición oral e popular a través de adiviñas e refráns de medo, trabalinguas, receitas, lendas e música de medo, etc. Convocarase un concurso de historias de medo e as gañadoras serán lidas na radio ademais de recibir un premio.
- Pintar ao personaxe literario favorito do Samaín. Exporanse nos corredores do centro e os máis debuxados serán representados en cadros grandes.
- Creación de sardiñas asasinas polo Samaín.
- Ambientación dun espazo de luz negra.

- Concurso para buscar o título do PDI deste curso.
- Ditos, refráns e adiviñas relacionadas co magosto.
- Ditos, refráns, adiviñas e poesías relacionadas co mar: faros, illas…
- Selección de cancións de Samaín, Magosto e Nadal, coa colaboración da mestra de música.
- Comezaremos a traballar o PDI deste ano, en infantil empezarase de novo por facer un microproxecto sobre especies mariñas.
- Violencia de xénero: selección de cancións e libros sobre esta temática, como por exemplo *O chubasquero e Auroa*, *Las jirafas no pueden bailar* ou *Las lavanderas locas* entre outros. Elaboración de actividades relacionadas co conto.
- Día do voluntariado (5 de decembro): faremos un programa de radio.
- Día Mundial da discapacidade: o 9 de decembro teremos a festa de integración co festival *"Festiritití"*, en colaboración con AMICOS.
- Convocatoria para a proposta da felicitación navideña.
- Díptico de recomendacións navideñas.
- Folleto de recomendacións sobre xoguetes e colaboración co Departamento de Orientación e co Equipo de Medio Ambiente.

**b. Segundo trimestre: DÍA DA PAZ, LINGUA MATERNA, DÍA DE ROSALÍA, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, DÍA DA POESÍA, SEMANA DA PRENSA.**

- Búsqueda de información sobre o día da Paz, sobre homes e mulleres destacados na loita pola irmandade entre os pobos.
- Selección da canción en colaboración coa mestra de música para celebrar o día da PAZ.
- Selección de Lecturas para a celebración da paz, lecturas coeducativas para o día da muller, e poemarios de Rosalía e outros autores recollidas no Blog do cole. Gravación na radio escolar de poemas de Rosalía, por parte do alumnado do centro.

- Exposición de fotografías aportadas polas familias relacionado co PDI de centro de construcións adxectivas relacionadas co noso Patrimonio en relación co mar.
- Os xornais ás aulas enfocándoo dende o acoso escolar e o ciberacoso. Achegamento ao xornal Papagaio, de Moito Conto, íntegro en galego con seccións de actualidade, ecoloxía, ciencia, historia, actualidade, tecnoloxía, arte, literatura….
- Elboración propia de poesías para celebrar o día.

c. **Terceiro trimestre: DÍA DAS ARTES GALEGAS, DÍA MUNDIAL DA SAÚDE, SEMANA DO LIBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR, SEMANA DAS LETRAS GALEGAS E DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE.**

- No noso centro dende fai tres cursos quedou instaurado o mes de abril coma o Mes das Artes. O 1 de abril vóltase a adicar este ano á figura do escultor Francisco Asorey. Dende a biblioteca e xunto cos outros equipos do centro traballaremos a súa figura.
- Proposta de Radio e biblio: Algún familiar ou alumn@ constrúa unha historia arredor dun faro, ou unha illa á que foi, … para ler na radio.
- Letras Galegas: figura Luisa Villalta e a súa aportación ás nosas letras. Lectura de biografías sobre a súa figura, na cal coñeceremos un pouco sobre a súa vida e investigaremos sobre as súas obras máis representativas. Faremos unha reseña das mesmas no Blog da Biblioteca, así como tamén poderemos levara cabo un programa de radio, no cal destaquemos a súa figura. Lectura de poemas e ensaios…
- Semana do Libro: centrarémonos no acoso escolar, traballando esta temática con lectura de libros e/ou contos, como poderán ser *Orellas de Bolboreta*, *A crebeira maravillas*, *A formiga destemida*, entre outros.
- Selección de lecturas sobre o medio ambiente e a súa importancia para a vida das especies. Excursión á Praia.
- Saída ao faro de Corrubedo e a algunha illa da nosa contorna.
- Recomendacións de lecturas de verán.

**C) RECURSOS E MATERIAIS.**

Os recursos que empregaremos serán variados e dependerán das actividades que se realicen:

- **Materiais tecnolóxicos**: ordenador, impresora, netbooks, pizarra dixital, e-books, pizarras interactivas,...
- **Materiais para o desenvolvento lingüístico**: kamishibai, marionetas…
- **Material funxible**: rotuladores, témperas, gomets, papel continuo, forro, arxila, pasta blanca de modelar, platos de plástico, acuarelas…
- **Recursos humanos**: equipo de biblioteca, equipo de voluntariado, titores, Mestres de plástica, equipo de dinamización da lingua galega e de complementarias e extraescolares; comerciais e autores das distintas editoriais, familias, o concello e principalmente a concellería de normalización que nos ofertan actividades en moitas datas significativas (Letras Galegas, lingua materna…)

## 9. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

- Contamos cunha grande resposta e implicación por parte das familias ás que informaremos puntualmente do proxecto que imos a desenvolver e das distintas actividades solicitando a súa colaboración. Esto fai que escola e familia estén vinculados e que os pais/nais sigan e participen da realidade diaria dos seus fillos e viceversa.
- Ofreceraselle ás familias información de lecturas de tipo educativo, charlas con profesionais… involucrándoos no proceso educativo e desenvolvemento físico e psicolóxico dos seus fillos, con atención a momentos importantes como a preadolescencia.
- Charlas con profesionais atendendo á irrupción das novas tecnoloxías nas vidas dos nenos e nenas e os efectos negativos da súa excesiva presenza.
- Colaboración na exposición de fotografía achegándonos escenas relacionadas co noso patrimonio marítimo nos que imos a basar as nosas investigacións.

Polo tanto, queremos este ano seguir desenvolvendo este tipo de actividades para que a familia e a escola estean íntimamente relacionadas xa que temos un

obxectivo común que é que queremos o mellor para os nenos en todos os ámbitos da súa vida.

## 10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Para poder avanzar é necesario levar a cabo unha avaliación, e a avaliación final responderá a estas tres premisas básicas:

- Cumpríronse os obxectivos propostos?
- Os resultados estiveron acordes coas expectativas?
- Que deficiencias deben subsanarse? En que podemos mellorar?

Todas estas premisas referiranse á organización e xestión de biblioteca, tendo en conta á valoración das familias e outros traballadores do centro e tamén dos alumnos ademáis de ter en conta o uso e disfrute da sala de lectura e dos refuxios lectores.

Estas premisas terán resposta a través dos resultados tirados das diferentes enquisas que se lles facilitará aos membros da comunidade educativa. Esta obtención de datos permitiranos subsanar deficiencias e mellorar a práctica educativa con respecto á biblioteca escolar.

Podemos levar a cabo unha recollida de datos segundo os seguintes aspectos, para poder avaliar a nosa actividade e introducir as modificacións oportunas nos fallos detectados. Os aspectos sobre os que recoller datos son os seguintes:

- Número de empréstitos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula.
- Nivel de participación do alumnado no Club de lectura.
- Participación en distintas actividades (concursos, mochilas viaxeiras,…)
- Número de profesorado voluntario nas actividades de biblioteca.
- Número de visitas ao blog e a Instagram.
- Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
- Calidade dos traballos realizados.

Ribeira, a 30 de setembro do 2023

Josefa Pazos Pouso

A coordinadora da biblioteca

# PLAN
# DE
# INTRODUCIÓN
# DAS
# TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo

CEIP PLURILINGÜE. O GRUPO

2023-2024

## INDICE


| | |
|---|---|
| 1.- Conceptualización | 3-6 |
| 2.- Referentes legais das TIC na lexislación actual. | 6-14 |
| 3.- O Estudo inicial do CEIP Plurilingüe O Grupo. | 15-18 |
| 4.- Obxectivos: centro, alumnos e profesorado. | 19-21 |
| 5.- Organización do profesorado. | 21-23 |
| 6.-Organización Alumnado. | 24 |
| 7.- Organización dos Recursos. | 24-29 |
| 8.- Organización Software. | 30-31 |
| 9.- Metodoloxía de traballo coas TIC. | 31-33 |
| 10.- Niveis Competenciais en Habilidades Informáticas. | 33-35 |
| 11.- Avaliación do Plan | 35-36 |
| ➢ Rúbricas de avaliación | |

## 1. CONCEPTUALIZACIÓN

*As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) son un conxunto de servizos, redes, software, aparatos que teñen como fin a mellora da calidade de vida e das persoas dentro dun entorno, e que se integran a un sistema de información interconectado e complementario. Esta innovación servirá para romper as barreiras que existen entre cada un deles.*

En poucas palabras, as Tecnoloxías da información tratan sobre o emprego de computadoras e aplicacións informáticas para transformar, almacenar, xestionar, protexer, difundir e localizar os datos necesarios para calquera actividade humana. Atopámonos con un conxunto de tecnoloxías que permiten a adquisición, produción almacenamento, tratamento, comunicación, rexistro e presentación de informacións en forma de voz, imaxes e datos contidos en sinais de natureza acústica, óptica ou electromagnética.

A potencialidade educativa é indiscutible, non obstante imos sintetizar un listado de vantaxes e desvantaxes:

***VANTAXES DAS TIC NA ESCOLA***

- ✓ Maior Interese e motivación.
- ✓ Interacción. Continua actividade intelectual, constantemente interactúan co ordenador e entre eles a distancia.
- ✓ Multiplica as canles de comunicación, visual, verbal, táctil, kinestésico...
- ✓ Optimiza a xestión do centro, bibliotecas.
- ✓ Melloran a comunicación cas familias e co entorno.
- ✓ Melloran a relación e intercambio de experiencias entre os centros.
- ✓ Melloran o acceso e creación de materiais didácticos para optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- ✓ Potenciación desenrolo da Iniciativa.
- ✓ Aprendizaxe a partires dos errores.

- ✓ Maior comunicación entre mestres e alumnos.
- ✓ Aprendizaxe cooperativo.
- ✓ Alto grado de Interdisciplinariedade.
- ✓ Alfabetización dixital e audiovisual.
- ✓ Desenrolo de habilidades de investigación, busca, selección síntese de información.
- ✓ Mellora das competencias de expresión e creatividade.
- ✓ Fácil acceso a todo tipo de información. Internet e os contidos en soporte CD ou DVD posibilitan acceso a un gran volume de información.
- ✓ Visualización de simulacións, estruturación da realidade para facilitar a comprensión de contidos complexos. Os programas informáticos permiten simular secuencias de diferentes fenómenos ou procesos.

***DESVANTAXES DAS TIC NA ESCOLA***

- ✓ Distraccións.
- ✓ Dispersión, desvíase a atención do obxectivo.
- ✓ Perda de tempo na procura de información.
- ✓ Información pouco fiable, qué fontes son fiables?.
- ✓ Aprendizaxes incompletos ou superficiais.
- ✓ Visión parcial da realidade.
- ✓ Ansiedade pola continua interacción co ordenador.
- ✓ Dependencia dos demais no traballo en grupo, uns alumnos convértense en espectadores do traballo doutros.
- ✓ Necesidade de formación didáctico tecnolóxica do profesorado.
- ✓ Custo elevado en material, equipos, infraestruturas, licencias...
- ✓ Introducir NNTT na aula non supón directamente un cambio de modelo educativo, facer un ditado tradicional no encerado é o mesmo modelo que facelo nun ordenador escoitando unha gravación.

O destino deste Plan de Introdución das TIC non é soamente cubrir a obriga legal de crear un Plan TIC para o Proxecto Educativo do centro segundo a norma LOMCE. Preténdese que este documento se integre na nosa realidade, na dinámica de traballo do propio centro continuando co traballo que xa se viña facendo ata agora.

Sabemos que a formación dos distintos membros da nosa comunidade é moi variada, por iso pedimos que cada un se comprometa na medida das súas posibilidades e formación actuais con espírito de equipo e colaboración, aportándonos cousas uns aos outros para fortalecer as experiencias que poidamos levar a cabo e por extensión o noso propio centro.

**A idea principal deste proxecto** non é que os nosos alumnos aprendan informática, iso xa se irá conseguindo implicitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón **que as TIC nos sirvan para achegalos a todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación**.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a todo os rapaces/zas, polo que debemos habilitar, na medida das nosas posibilidades, os recursos e medios necesarios para que os rapaces/zas teñan a oportunidade de aproveitarse destas tecnoloxías e os mestres decidir o seu grao de implicación no uso das mesmas. Non se pretende que as TIC sexan a panacea universal para a aprendizaxe nin que substitúan a algo ou a alguén, senón consideralas como un elemento ou recurso máis co que contamos para acadar uns determinados obxectivos que xa tiñamos propostos. En Internet hai moita de información pero pode ser unha auténtica perda de tempo se non sabemos cando, para qué e cómo imos utilizala dirixindo ós rapaces/zas da forma máis apropiada. Non é a máquina a que determina a importancia da mensaxe, senón quen usa esa máquina.

Por último, os contidos deste plan non teñen por qué ser exactamente os que se propoñen a continuación; aínda que tratamos de incluír todo aquilo que nos puidera ser de utilidade, a propia experiencia nas aulas nos indicará que

elementos son os máis apropiados para o noso centro e cales debemos modificar ou rexeitar. O mellor plan é aquel que funciona e dá bos resultados.

## 2.REFERENCIAS LEGAIS.

Un referente claro á hora de elaborar un Plan sempre é a lexislación e a colaboración con outros centros e compañeiros, neste apartado recollemos algúns fitos relevantes na lexislación LOE, LOMCE e LOMLOE:

A **Lei Orgánica 2/2006 do 3 de outubro,** de Educación e a **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, de Mellora da Calidade Educativa** recollen : "*mejorar la capacitación de los docentes, desarrollar las aptitudes necesarias para la sociedad del conocimiento, garantizar el acceso de todos a las tecnologías de la información y la comunicación*,"

No artigo 17: Entre os obxectivos xerais da educación primaria aparece:
*i) Iniciarse en la utilización, para el aprendizaje, de las tecnologías de la información y la comunicación desarrollando un espíritu crítico ante los mensajes que reciben y elaboran.*

No artigo 19: Entre os principios pedagógicos:
*"2. Sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de las áreas de la etapa, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audiovisual, las tecnologías de la información y la comunicación y la educación en valores se trabajarán en todas las áreas".*

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación**, presentaba como unha das novidades as Competencias Clave ou Competencias Básicas e sinala entre estas competencias básicas que debe conseguir o alumnado, o tratamento da información e a competencia dixital, e recolle nos últimos decretos que a

desenrolan, o protagonismo relevante que teñen as novas tecnoloxías no currículo común:

"*...4. TRATAMIENTO DE LA INFORMACIÓN Y COMPETENCIA DIGITAL Esta competencia consiste en disponer de habilidades para buscar, obtener, procesar y comunicar información, y para transformarla en conocimiento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde el acceso a la información incluso su transmisión en distintos soportes una vez tratada, incluyendo la utilización de las tecnologías de la información y la comunicación como elemento esencial para informarse, aprender y comunicarse. Requiere el dominio de lenguajes específicos básicos (textual, numérico, icónico, visual, gráfico y sonoro) y de sus pautas de decodificación y transferencia, así como aplicar en distintas situaciones y contextos el conocimiento de los diferentes tipos de información, sus fuentes, sus posibilidades y su localización, así como los lenguajes y soportes más frecuentes en los que esta suele expresarse. Disponer de información no produce de forma automática conocimiento. Transformar la información en conocimiento exige de destrezas de razonamiento para organizarla, relacionarla, analizarla, sintetizarla y hacer inferencias y deducciones de distinto nivel de complejidad; en definitiva, comprenderla e integrarla en los esquemas previos de conocimiento (...)"*.

***Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.***

Este decreto no título terceiro regula as bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do **proceso de educación dixital**, no que a promoción do uso das tecnoloxías da información e a comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia.

Artigo 3: Obxectivos da educación Primaria:

*i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.*

Artigo 5. Competencias clave

1. *Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:*

*– 1º. Comunicación lingüística (CCL).*

*– 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).*

– ***3.º Competencia dixital (CD).***

*– 4º. Aprender a aprender (CAA).*

*– 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).*

*– 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*

*– 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC)*

Artigo 11. *Elementos transversais*

*Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.*

TÍTULO III. Programas educativos

Artigo 19. Educación dixital

*1. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.*

*2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.*

*3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.*

*4. Os centros docentes que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería competente en materia educativa, segundo o procedemento que se estableza.*

*ANEXO I. Disciplinas troncais* : aparecen referencias á Competencia Dixital en todas as áreas do currículo. Tamén nas orientación metodolóxicas de cada bloque. Por exemplo:

– Área de Ciencias da natureza.

Orientacións metodolóxicas: *Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinoaprendizaxe.*

**DECRETO 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia)** ***ANEXO V***

**Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación**

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación, e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula coa participación activa de todo o equipo docente, que unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á súa memoria.

Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a situación xeográfica, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles. Deseñaranse unhas pautas para realizar un seguimento e avaliación do plan, polo menos trimestral, polas persoas coordinadoras de ciclo e –en caso de existir- pola persoa coordinadora do plan, que determinarán, se é o caso, aspectos de mellora.

- **Estudo inicial do centro** referido ás características de toda a súa comunidade educativa. Poden recollerse aquí as iniciativas xa realizadas neste campo e mais as expectativas e os intereses de cara ao futuro.
- **Obxectivos** que, a **curto e longo prazo**, se pretenden alcanzar, así como a metodoloxía e actividades concretas que se aplicarán para acadalos. Deberán

incluírse iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que redunden nun mellor aproveitamento das TIC nas aulas.

• **Estratexias de coordinación do profesorado** das distintas áreas e niveis educativos.

• Utilización e **aproveitamento dos recursos existentes** no centro en beneficio do proxecto.

• **Organización dos espazos do centro**.

• Fomento dos **valores democráticos**, t**ratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo** e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.

• Uso da **biblioteca escolar como centro de recursos multimedia** para a obtención de información e para a aprendizaxe.

• Plan de avaliación anual tendente a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

• **Detección de necesidades formativas do profesorado**. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos dos compañeiros e compañeiras docentes.

• **Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado**, as familias e a comunidade educativa en xeral, para que se fomente a súa participación nel.

Cada plan deberá recoller ademais os seguintes obxectivos xerais:

• Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

• Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

• Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.

• Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.

• Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

• Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.

• Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.

• Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

• Potenciar a comunicación cos seus iguais.

• Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.

• Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

• Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.

• Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.

• Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

• A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

• Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

***Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.***

*"3. **Competencia digital***

*La competencia digital es aquella que implica el uso creativo, crítico y seguro de las tecnologías de la información y la comunicación para alcanzar los objetivos relacionados con el trabajo, la empleabilidad, el aprendizaje, el uso del tiempo libre, la inclusión y participación en la sociedad.*

*Esta competencia supone, además de la adecuación a los cambios que introducen las nuevas tecnologías en la alfabetización, la lectura y la escritura, un conjunto nuevo de conocimientos, habilidades y actitudes necesarias hoy en día para ser competente en un entorno digital.*

*Requiere de conocimientos relacionados con el lenguaje específico básico: textual, numérico, icónico, visual, gráfico y sonoro, así como sus pautas de decodificación y transferencia. Esto conlleva el conocimiento de las principales aplicaciones informáticas. Supone también el acceso a las fuentes y el procesamiento de la información; y el conocimiento de los derechos y las libertades que asisten a las personas en el mundo digital.*

*Igualmente precisa del desarrollo de diversas destrezas relacionadas con el acceso a la información, el procesamiento y uso para la comunicación, la creación de contenidos, la seguridad y la resolución de problemas, tanto en contextos formales como no formales e informales. La persona ha de ser capaz de hacer un uso habitual de los recursos tecnológicos disponibles con el fin de resolver los problemas reales de un modo eficiente, así como evaluar y seleccionar nuevas fuentes de información e innovaciones tecnológicas, a medida que van apareciendo, en función de su utilidad para acometer tareas u objetivos específicos.*

*La adquisición de esta competencia requiere además actitudes y valores que permitan al usuario adaptarse a las nuevas necesidades establecidas por las tecnologías, su apropiación y adaptación a los propios fines y la capacidad de interaccionar socialmente en torno a ellas. Se trata de desarrollar una actitud activa, crítica y realista hacia las tecnologías y los medios tecnológicos, valorando sus fortalezas y debilidades y respetando principios éticos en su uso. Por otra parte, la competencia digital implica la participación y el trabajo colaborativo, así como la motivación y la curiosidad por el aprendizaje y la mejora en el uso de las tecnologías.*

*Por tanto, para el adecuado desarrollo de la competencia digital resulta necesario abordar:*

*– La información: esto conlleva la comprensión de cómo se gestiona la información y de cómo se pone a disposición de los usuarios, así como el conocimiento y manejo de diferentes motores de búsqueda y bases de datos, sabiendo elegir aquellos que responden mejor a las propias necesidades de información.*

*– Igualmente, supone saber analizar e interpretar la información que se obtiene, cotejar y evaluar el contenido de los medios de comunicación en función de su validez, fiabilidad y adecuación entre las fuentes, tanto online como offline. Y por último, la competencia digital supone saber transformar la información en conocimiento a través de la selección apropiada de diferentes opciones de almacenamiento.*

*– La comunicación: supone tomar conciencia de los diferentes medios de comunicación digital y de varios paquetes de software de comunicación y de su funcionamiento así como sus beneficios y carencias en función del contexto y de los destinatarios. Al mismo tiempo, implica saber qué recursos pueden compartirse públicamente y el valor que tienen, es decir, conocer de qué manera las tecnologías y los medios de comunicación pueden permitir diferentes formas de participación y colaboración para la creación de contenidos que produzcan un beneficio común. Ello supone el conocimiento de cuestiones éticas como la identidad digital y las normas de interacción digital.*

*– La creación de contenidos: implica saber cómo los contenidos digitales pueden realizarse en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imágenes) así como identificar los programas/aplicaciones que mejor se adaptan al tipo de contenido que se quiere crear. Supone también la contribución al conocimiento de dominio público (wikis, foros públicos, revistas), teniendo en cuenta las normativas sobre los derechos de autor y las licencias de uso y publicación de la información.*

*– La seguridad: implica conocer los distintos riesgos asociados al uso de las tecnologías y de recursos online y las estrategias actuales para evitarlos, lo que supone identificar los comportamientos adecuados en el ámbito digital para proteger la información, propia y de otras personas, así como conocer los aspectos adictivos de las tecnologías.*

*– La resolución de problemas: esta dimensión supone conocer la composición de los dispositivos digitales, sus potenciales y limitaciones en relación a la consecución de metas personales, así como saber dónde buscar ayuda para la resolución de problemas teóricos y técnicos, lo que implica una combinación heterogénea y bien equilibrada de las tecnologías digitales y no digitales más importantes en esta área de conocimiento.”*

## 3. ESTUDO DA SITUACIÓN DO CENTRO

O Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe O Grupo" é un centro público pertencente ao ámbito urbano. Está situado no centro urbano da vila pesqueira de Ribeira, na península do Barbanza (A Coruña).

Ribeira é un dos concellos punteiros da comarca da Barbanza e de Galicia. O municipio ten 69 quilómetros cadrados e pola súa situación xeográfica conta cunha actividade e unha economía intimamente ligada ao mar, sendo o seu porto un dos máis importantes da UE, a isto súmanse unhas altas expectativas de cara o incremento do turismo. A poboación ascende a máis de 27.000 persoas.

Podemos **esquematizar as características do contexto**:

- Situado nun concello rural-urbano, cuxa poboación se dedica nun 35 % ao sector primario, nun 30% ao sector secundario, nomeadamente á construción, e nun 35% ao sector terciario.
- Nivel de instrución da poboación medio.
- Dinamización cultural escasa.

O **claustro do profesorado** está formado por 38 persoas e como PAS traballan: un conserxe, un administrativo, dúas coidadoras 1 media xornada e 2 limpadoras. O seu nivel de capacitación para manexar as TIC na actividade docente é heteroxéneo e suficiente en xeral para máis da metade do claustro. Cómpre reforzar a súa formación a través de cursos, de achegas de bibliografía específica, Grupos de traballo, seminarios ou Proxectos de Formación en centro sobre o manexo e elaboración de aplicación didácticas das TIC.

O alumnado neste ano académico presenta unha matrícula de 427 alumnos/as nos que a súa maioría son castelán falantes, e onde unha pequena porcentaxe é galego falantes. Aínda existe una gran parte do alumnado que non dispón de acceso á internet na casa. Pero a porcentaxe de alumnado que posúe ordenador medra progresivamente.

O noso centro leva varios anos traballando na introdución das novas tecnoloxías nos ámbitos educativo e administrativo.

Hai anos creamos a "**aula de informática**" composta inicialmente polos ordenadores Pentium III e algún equipos vellos de segunda man que foron cedidos gratuitamente por algunhas institucións e doazóns de familias (11 PC Pentium III e 4 PC Pentium IV). Co paso do tempo fóronse conseguindo novos equipos a través da Consellería, ANPA ou a cargo dos presupostos do propio centro; a Administración creou unha base de infraestrutura de cable para a aula de informática, sala de Mestres, Dirección e Conserxería. Ademais un enrutador, un switch e un rango propio de direccións IP fixas que nos daban acceso a Internet e instalouse así unha pequena rede local que ampliaba o abano de posibilidades; Inicialmente esta rede existía na Sala de Informática e en dirección e conserxería, neste curso ampliamos á biblioteca. Finalmente para facilitar acceso a internet comezamos a crear unha rede wifi para facilitar o acceso ao ADSL en tódalas estancias do centro que se atopaban fora da rede de área local.

Logo, no Marco dun Grupo de Traballo de NNTT, creamos a **web do centro** (**http//:centros.edu.xunta.es/ceipogrupo**), na plataforma Webs Dinámicas (web 2.0.) da Xunta de Galicia; tamén o centro se adheriu dende hai anos ao servizo **Xade** para a **xestión administrativa** e ademais o equipo de traballo de **Biblioteca sumouse ao proxecto Meiga** para a xestión integral informatizada de bibliotecas escolares.

No presente curso escolar a aula de informática tivo que transformarse nunha aula ordinaria, debido ao desdobre dos grupos de sexto de primaria, por

mor da elevada ratio. Os computadores están agora distribuídos nas aulas ordinarias, como recantos TIC.

Na actualidade todas as aulas teñen punto de datos, ordenador portátil ou de sobremesa, e proxector.

Nestes últimos cursos vense establecendo un sistema de organización interno para que titores e especialistas fagamos unha formación continua en TIC e **vimos organizando no centro múltiples actividades formativas**; Proxectos de Formación en centro, Seminarios e Grupos de Traballo relacionados coas TIC. Neste curso unha das liñas do PFPP é Implementación do plan de actuación do Plan Dixital, ano 2,, onde o profesorado participante vai levar a cabo dinámicas no uso didáctico dos entornos virtuais de aprendizaxe, e desenvolvemnto de actividades para logo poder levar ás aulas metodoloxías que desenvolven a competencia dixital.

Xa desde Infantil e primeiros niveis de primaria a competencia TIC se está a desenvolver de xeito regular no horario do alumnado, con actividades de achegamento as novas tecnoloxías.

Nas aulas de primaria contan con **encerado dixital** onde todos os mestres fan uso dos libros dixitais e fan participes o alumnado de todas as actividades dixitais interactivas,

Desde o curso 2012/2913, contamos con catro aulas Abalar para o alumnado de 5º e 6º de E. Primaría. No curso 19-20, dúas aulas Abalar pasan a formar parte do Proxecto Edixgal. No seguinte curso, desaparecen as dúas aulas Abalar que quedaban, que pasan a ser E-DIXGAL . Agora os niveis de 5º e 6º xa forman parte de Edixgal.

Pensamos que as novas tecnoloxías están introducidas no noso centro pero somos conscientes de que temos aínda traballo por diante para consolidar a competencia dixital e tratamento da información. Sabemos que non está todo feito, sabemos que os avances no eido da informática son considerables a cada ano que pasa: novos sistemas operativos, novo software, novos soportes, hardware máis potente, novas posibilidades,... Polo tanto, para estar ó día neste

mundo tan extenso e cambiante e poder ofrecer ós nosos alumnos e ó resto da comunidade educativa uns coñecementos e servizos actualizados, debemos seguir traballando día a día como ata agora e ir ampliando e mellorando, na medida das nosas posibilidades, os distintos tipos de servizos relacionados coas TIC que o noso centro puidera ofertar.

En canto ó noso alumnado temos unha realidade moi heteroxénea, nenos do rural e do urbano, minorías étnicas, inmigrantes, alumnos derivados doutros centros do concello.... Procurando atender a toda esta diversidade os ordenadores poden axudarnos a crear contornas amigables con actividades compartidas para favorecer o traballo en grupos e crear un clima que anime ó traballo cooperativo, polo que non estaría de máis que replantexáramos o noso estilo de traballo ou a nosa metodoloxía para impulsar este tipo de actitudes que puideran favorecer a integración de todo este maremágnum de culturas estilos de vida para mellorar na medida do posible a convivencia de toda esta diversidade de alumnado.

## 4. OBXECTIVOS

**4.1.- *Obxectivos xerais do centro con relación ás TIC*:**

- Potenciar o emprego das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Implicar ao profesorado na utilización das TIC.
- Incrementar na medida do posible a mellora do hardware do centro, equipos informáticos de suficiente calidade para tódalas titorías e a posibilidade de adquirir máis encerados dixitais.
- Potenciar o manexo do encerado dixital así como a creación/manexo de material didáctico xa elaboradas por outros autores ou por un mesmo.
- Favorecer a comunicación e/ou coordinación con outros centros do contorno a través de Internet ou doutros medios para o intercambio de experiencias e todo tipo de información que puidera ser útil para cada unha das partes.

- Incrementar os fondos relacionados coas Novas Tecnoloxías da Biblioteca; manuais ofimática, edición imaxe, edición de vídeo, fotografía, administración da web, creación de aulas virtuais...

- Promocionar a consulta e creación de contidos na Web do centro.

- Tratar de manter actualizado e dinamizar o noso sitio web con novos contidos/funcionalidades para favorecer a comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa, Administración e con outros centros.

- Actualizar e dinamizar o espazo que a ANPA xa posúe no noso sitio web para manter ben informados ó conxunto de pais/nais das actividades anuais e promover o uso das TIC en relación ó centro.

- Normalizar a utilización das TIC en tarefas administrativas para unificar tódolos documentos do centro e todas as informacións co mesmo formato potenciando o correo electrónico como medio de contacto coas familias, e emprego do abalar móbil.

- Modernizar a imaxe do centro nos documentos internos e externos aplicando os logotipos creados ao efecto.

- Fomentar  introducir as TIC en distintas situacións relacionadas con actividades docentes como puideran ser fotografías, traballos dos rapaces, revista escolar, etc. dixitalizando o que sexa posible co obxecto de acadar unha óptima manipulación posterior para a súa posible inclusión no noso sitio web, exposicións dixitais, etc. Dacordo con isto, procurarase editar a revista escolar en formato dixital ou, no seu defecto, escaneala.

**4.2.- *Obxectivos para os alumnos*:**

- Usar todo tipo de materiais e software que facilite a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de todo tipo de habilidades, destrezas e coñecementos.

- Favorecer e potenciar a súa comunicación e intercambio de información con outros compañeiros do seu contorno próximo ou de fóra do seu centro.

- Empregar as TIC como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas propias de cada un.

- Coñecer a paxina web do centro, navegar polos bloques , visitar a galería de imaxes

- Emprego da Aula virtual do centro coma unha ferramenta máis de aprendizaxe.

**4.3.- *Obxectivos para o profesorado*:**

- Utilizar as TIC como un recurso máis para perfeccionar a actividade docente e enriquecer a súa formación.

- Empregar os ordenadores para o seu traballo cotiá e para as actividades de aula, tanto para o seu traballo particular con relación á docencia como para actividades que puideran desenvolver os seus alumnose alumnas.

- Mellorar a formación continua do profesorado potenciando a creación de Proxectos de Formación en centro, seminarios, grupos de traballo... relacionados coas TIC.

- Potenciar o manexo e elaboración do Encerado dixital e de materiais didácticos específicos para este soporte.

- Saber crear contidos no espazo web do centro e crear albumes na galería de imaxes Coppermine.

- Empregar a nova imaxe do centro, nos documentos internos e externos.

- Promocionar o uso de software libre (tipo openoffice) como alternativa ao software ilegal pirateado ou sen licenza.

- Capacitar ao conxunto do profesorado para que sexa autónomo na consulta de información tanto para temas profesionais (concursos, cursos de formación, etc.) como para temas relacionados coa súa actividade docente directamente relacionada cos rapaces.

- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, participación en foros, debates, chats,... a través de Internet para enriquecer a súa experiencia docente.

-Empregar as ferramentas e apps corporativas da Consellería para todo o traballo e comunicacións coas familias e centro.

## 5. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

**5.1.- *O/a coordinador/a e o equipo TICS*:**

Pensamos que é necesaria a figura dunha persoa (sempre que sexa posible) que coordine e motive o traballo en relación coas TIC. Do mesmo xeito pensamos que este traballo debería ter un recoñecemento da Administración recoñecendo unha puntuación igual que outras coordinación a efectos de concursos de méritos, traslados etc....

No noso centro cada curso académico no primeiro claustro no momento da adscrición do profesorado fanse adscricións á equipos de traballo. Un deses equipos de traballo é o Equipo de Novas Tecnoloxías no que se integran un escaso número de mestres/as e dentro dos cales se elixe ao Coordinador.

O/A coordinador/a e o equipo encargaranse de:

- Coordinar ao equipo de Novas Tecnoloxías.
- Promover a creación dun Grupo de Traballo relacionado coas TIC co Equipo de Novas Tecnoloxías e resto de profesorado que o desexe.
- Promover a realización de actividades no centro relacionadas coas TIC.
- Servir de enlace e coordinarse con algún dos membros designado polo equipo de biblioteca ou, no seu defecto, co coordinador deste equipo, para asesorar ó mesmo en tarefas relacionadas coas TIC como ponderan ser o mantemento de equipos da biblioteca, copias de seguridade periódicas das bases de datos do programa de xestión, etc.
- Servir de enlace co asesor das TIC do Centro de Formación e Recursos do Profesorado.

O equipo encargaranse de:

- Ter ben organizado e clasificado todo o material.

- Ocuparse de recoller as incidencias no Hardware ou software e dar conta delas á empresa que leva o mantemento da sala de Informática, ocuparse de contactar coa UAC para arranxar as cousas o antes posible.
- Estar ó día de tódolos avances que se produzan en relación coas TIC (hardware, sistemas operativos, software, Administración,...) e relacionarse con outros centros para intercambiar información, experiencias, etc. co obxecto de mellorar periodicamente na medida do posible os servizos que puidera ofrecer o centro.
- Actualizar de forma periódica a Intranet da sala de informática buscando e solicitando á empresa de mantemento informática a instalación dos novos programas e/ou recursos útiles para o profesorado e informar puntualmente ó mesmo e ó equipo directivo das novas actualizacións.
- Motivar ao resto dos compañeiros e facilitar o seu traballo orientándoos, apoiándoos e asesorándoos na medida en que se poida.
- Axudar na elaboración de todo tipo de actividades TIC en relación con calquera grupo de alumnos ou outros membros da comunidade educativa (festivais, exposicións, actividades extraescolares, fotomontaxes, videomontaxes, revista escolar).

**5.2.- *Os titores*.**

Os titores deberan ser os principais responsables da integración das TIC nas súas clases e de ocuparse de que cheguen a todo os alumnos, aproveitando os momentos máis axeitados para que os rapaces poidan disfrutar deses recursos racionalmente. O problema é que non tódolos titores empregan de xeito xeralizado o ordenador da aula. Non todos se implican igual nin teñen o mesmo nivel de interese, aínda que a data de hoxe e coas ratios que temos no noso centro hai aparellos suficientes para que podan empregar os computadores para traballar en colaborativo, ou investigar  en pequenos grupos ou  por equipo.

**5.3.- *Os especialistas*.**

Os especialistas teñen tamén o seu espazo propio na nosa intranet (aparte dos recursos que poidan sacar de Internet) e nos equipos que tamén teñen nas súas aulas, como poden ser as de inglés, relixión, pedagoxía terapéutica ou Educación Física para traballar aspectos propios das súas materias. Os problemas que poden xurdir son similares ós das titorías: enfocar os contidos en función dos programas e non do traballado na aula e da programación propia, e o número de rapaces por mestre e ordenador.

**5.4.- *As actividades de formación do profesorado*.**

Hoxe en día en moitos centros optouse pola realización de actividades de formación como grupos de traballo, seminarios ou proxectos de formación en centros como hai uns anos no noso. Este tipo de formación moitas veces posibilita que se manteña un certo tipo de actividade no centro e que un grupo de mestres atope unha ocasión para reunirse con certa frecuencia e planificar actividades conxuntas en relación coas TIC aproveitables en maior ou menor medida para o posterior traballo individual nas clases de cada un, polo que sería interesante que houbera unha disposición favorable da maior parte posible dos membros do Claustro cara a este tipo de actividades.

## 6.ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO.

Este tipo de organización sempre dependerá do número de alumnos cos que contemos en cada unha das nosas titorías, do número de ordenadores cos que contamos e do tipo de actividades que queiramos facer con eles. Nas aulas contamos con só un ordenador con conexión, polo que será tarefa do titor/ra e especialista a organización das actividades, distribución dos rapaces e demais para aproveitar este tipo de recurso. Pode ter vantaxes como puideran ser:

- Cooperación no traballo, un traballa e o outro axúdalle.
- Integración no traballo, alumno máis avanzado con outro menos avanzado.

- Competencia, xogos para dous ou máis xogadores nos que cada un se esforza para gañarlle ó outro.

En todo caso, non convén poñer xuntos a rapaces con grandes diferenzas pois podemos caer no risco de que un faga todo e outro non faga nada. Sempre é conveniente que un alumno axude a outro pero só que lle axude e non que acapare as tarefas. Para iso está o titor que é o que mellor coñece ó seu grupo de clase e as individualidades.

## 7. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS.

O/a mestre/a tense que facer responsable de que os/as rapaces/as fagan un uso responsable dos equipos;

Por outra banda, se algún/ha mestre/a nota calquera tipo de anomalía ou mal funcionamento dalgún dos aparellos ou do servidor, deberá comunicalo o antes posible ao/a coordinador/a.

O uso que se poida facer destes equipos dependerá sempre das necesidades ou intereses de cada un dos titores ou especialistas, co obxecto de que se manteñan operativos o maior tempo posible e non haxa que ir amañalos cada dous por tres. Nestes casos poderíase utilizar unha pedagoxía do "recanto do ordenador" na que tódolos rapaces o utilizan seguindo unha orde preestablecida colocada ben visible a carón do mesmo, podendo levar o/a mestre/a un rexistro acumulativo de uso de distintas aplicacións informáticas, correo, web, ou para rexistro dos avances nunha aplicación en concreto.

***Equipos noutras dependencias do centro*.**

Salvo urxencia, os aparellos do equipo directivo (dirección, secretaría e xefatura de estudos) deben usarse só polos respectivos propietarios para tarefas administrativas, para así protexer a integridade dos datos confidenciais aloxados neles. O mesmo para o aparello do Departamento de Orientación. O que si

puideran estar compartidas en caso de necesidade serían as impresoras das respectivas dependencias.

O resto dos equipos (sala de mestres e ordenador do mestre na biblioteca) serán para uso exclusivo dos mestres, e cada un deles terá unha conta de usuario propia que poderá protexer ou non con contrasinal se así o desexa e que será a que deba utilizar sempre en todo caso, non debendo entrar nunca nas contas de outros compañeiros salvo permiso expreso dos mesmos.

***Proxectores e pantallas*.**

Nestes momentos contamos con proxectores e pantallas de proxección en todas as aulas.

***Ordenadores portátiles e tablets*.**

No centro contamos cun ordenador portátil ou de sobremesa en cada aula. Todos funcionan habitualmente con sistema operativo Windows aínda que teñen instalado o sistema operativo Linux.

Hai ademais uns portátiles no centro que teñen en préstamos os mestres e mestras que traballan nos grupos E-Dixgal.

Os portátiles deberán estar sempre baixo control dalgún/ha mestre/a en todo momento, é dicir, nunca se poderán deixar sen vixilancia nalgunha das dependencias do centro mentres se vai facer calquera cousa a outro sitio. Cando non se usen deberán estar sempre gardados e localizados.

Ademais dos equipos portátiles, en algunhas aulas temos tablets, empregadas no traballo diario co alumnado, por exemplo para a atención a diversidade, etc. No traballo co alumnado con NEAE (necesidade específica de apoio educativo) o uso do ordenador, en xeral, proporciona moitas vantaxes. Moitas formas de discapacidade física e psíquica limitan as posibilidades de comunicación e o acceso á información; en moitos destes casos o ordenador, ou a tablet, incluso con periféricos especiais, pode abrir camiños alternativos que resolvan estas limitacións.

***Cámara dixital*, *cámara réflex, cámara instantánea, e cámara de vídeo dixital.***

O centro posúe unha cámara dixital, unha cámara réflex , unha cámara analóxica instantánea e unha cámara de video dispoñibles para que calqueira mestra ou mestre poida utilizala. Estes equipos estarán controlados polos membros do equipo das TIC, que se encargarán de mantelas a punto, cargadas e coa memoria baleira lista para a súa utilización en calquera tipo de actividade que se execute no centro ou fóra do mesmo. As imaxes da tarxeta, de ser o caso, deberanse gardar nalgún lugar ou soporte como copia de seguridade en previsión de posibles formateos, deixando sempre unha copia polo menos ( das actividades de centro) no Disco Duro Externo do centro, que estará controlado polo equipo TICS. Estes aparellos estará, gardados no despacho de dirección, custodiados polo Equipo Directivo e dispoñibles para quen os precise ou solicite. Tódolos membros do Claustro poderán facer uso destes aparellos.

Neste sentido os usuarios dos aparellos deberán ter en conta á hora de facer fotos e/ou publicalas a todos aqueles alumnos que non teñen permiso expreso e por escrito dos pais/nais/titores/as legais para o uso e/ou publicación da imaxe dos/as seus/as fillos/as; permiso que permanece en poder dos correspondentes titores/as e que se solicitará a principio de cada curso, polo que é imperativo consultar cos mesmos antes de executar calquera iniciativa.

**Escáneres**

Temos unha máquina multifunción, que nos permite escanear con alta resolución, na conserxería, a disposición de todo o profesorado.

**Pizarra Dixital Interactiva**

O centro dispón dun encerado dixital interactivo en todas as aulas, excepto nas de Educación Infantil, xa que así se decidiu nesta etapa (si contan con proxector e pantalla).

## 8. O SOFTWARE.

***Software para mestres*.**

En canto ó software ofimático dirixido máis ben ao traballo administrativo e traballo persoal do profesorado, contamos con paquetes de Microsoft Office 2000 con licenza proporcionados pola Consellería, que inclúen procesador de textos, folla de cálculo, base de datos, presentacións,... Non obstante, o conxunto do profesorado debera reflexionar e pensar un pouco nos problemas que, se xa non a curto se non a medio prazo, conleva este tipo de software: licenzas limitadas só para certo número de equipos, desfase nos formatos de arquivo e inmobilismo, falta de actualizacións, importante desembolso económico, etc.

Actualmente a política da Consellería neste sentido está dirixida á introdución paulatina nas institucións dependentes da Administración do software libre, tanto a nivel de sistemas operativos como de aplicacións ofimáticas; fálese de Linux e de Open Office, por exemplo. Neste sentido pensamos que o conxunto do profesorado debera facer un esforzo para irse adaptando progresivamente a este tipo de software (que non lle ten nada que envexar ao software comercial) e ilo integrando progresivamente non só no seu traballo cotiá no centro se non tamén nos seus domicilios para asegurar unha perfecta compatibilidade. As vantaxes deste tipo de software son incuestionables: posibilidade de instalalo en todos os equipos que se queiran sen limitación algunha, actualizacións gratuítas desde Internet ou desde a propia Consellería, adaptación e compatibilidade con calquera tipo de novo formato, incluso cos de "suites" comerciais, non nos vai custar un só céntimo nin ao centro nin á Consellería,...

Por todo isto, desde o Equipo de Novas Tecnoloxías deste centro tratarase de impulsar sempre este tipo de software que de seguro cubrirá de sobra todas as necesidades e tarefas relacionadas coa nosa profesión, actualizarse e estar sempre ó día sen gastar un euro e ser honrados esquecéndose para sempre das preocupacións e problemas que nos puidera carrexar un hipotético "pirateo" informático.

***Software para o alumnado*.**

Neste apartado tratarase de ir tamén na liña do anterior. Hoxe en día existen milleiros de aplicacións educativas que puideran ser catalogadas coma "software libre", sen máis restricións que a de non obter lucro con elas e que se poden instalar e executar legalmente nun número ilimitado de equipos. Nos computadores do cursos Edixgal, xa empregan Linux e todos os programas e aplicacións son de software libre. O alumnado emprega tamén todos os recursos dixitais proporcionados polas editoriais, e outros, escollidos especificamente polas mestras e mestres.

## 9. METODOLOXIA DE TRABALLO COAS TIC.

Traballar co computador debe supoñer sempre unha planificación previa. Por iso cada mestre/a debera elaborar unha programación propia que se axustase ás súas necesidades e que lle facilitará dun curso para outro o traballo facendo as modificacións necesarias, mantendo así unha liña de traballo propia para poder ila mellorando pouco a pouco.

**9.1.- *Aspectos xerais*.**

- Concreción de aspectos xerais entre todo o equipo a ter en conta á hora de intervir cos rapaces e rapazas nos ordenadores.
- Establecemento dunhas normas básicas sobre procedementos, orde e limpeza dos materiais e da/s aula/s onde existan aparellos.
    - Para os máis pequenos sería conveniente aplicar unhas pequenas pegatinas de cores ás principais teclas do teclado como puideran ser as de “Intro”, “Barra espaciadora” ou “Retroceso” para que vaian identificando máis facilmente a tecla coa acción que executa, polo que en vez de dicirlles que preman “Intro” dirémoslles que pulsen a tecla verde, por exemplo, para que a localicen máis facilmente e a vaian asociando coa súa acción.

**9.2.- *Antes de utilizar os aparellos*.**

- Evitar as presas e programar e secuenciar.
- Estudar ben os programas que queremos traballar e os seus contidos.
- Executar nós mesmos os programas que queremos traballar cos rapaces e rematar todas as actividades que lles imos propoñer por se hai algunha sorpresa ou actividades non desexadas.
- Planificar o número de sesións e cómo se van organizar.
- Sobre todo, tratar de integrar o traballo dentro das nosas programacións e dos contidos do curso; non só un traballo illado de informática.
- En consonancia co anterior, sempre que se poida, enmarcar o traballo dentro de actividades máis amplas e de propósito máis xeral: actividades previas, actividades na aula e actividades posteriores.

**9.3.- *Mentres se usan os aparellos*.**

- A presenza directa e interacción do mestre co alumnado será indispensable e tanto maior canto máis pequenos sexan os rapaces.
- Tratar sempre de, pouco a pouco, dar máis iniciativa aos nenos e nenas e que sexan cada vez máis autónomos e aprendan a traballar sos para que o mestre non sexa máis que un simple moderador e elemento de apoio en certas ocasións.
- Nas primeiras sesións perder moito tempo ao principio nas tarefas básicas de acendido e apagado, introdución e extracción correcta dos discos nos lectores, manexo do teclado e do rato, etc.
- Algunhas veces é imprescindible o uso de lapis e papel, sobre todo con aplicacións de matemáticas.
- Explicarlles sempre aos/as rapaces/zas o máis claro posible o que pretendemos que fagan e os resultados que esperamos da súa interacción cos materiais/software.

**9.4.- *Ó rematar as actividades*.**

- Controlar todo o que o/a rapaz/a fixo durante esa sesión e facerlle ver que todas as súas interaccións coa máquina están rexistradas e supervisadas polo/a mestre/a (na medida que nos permitan os programas).
- Facer anotacións propias sobre o desenvolvemento desa actividade: cousas interesantes, cousas que podemos modificar, problemas que xurdiron, comentarios, etc.
- Avaliar o desenvolvemento xeral da actividade en relación co/a alumno/a ou grupo de alumnos/as que a traballaron para poder modificar se é preciso as nosas próximas actuacións ou a programación a curto ou a medio prazo para ese/a alumno/a ou grupo de alumnos/as.

## 10.NIVEIS COMPETENCIAS E HABILIDADES NAS TIC.

As habilidades que vaian adquirindo os/as nosos/as alumnos/as deben ser a consecuencia natural do traballo cos/as mesmos/as semana a semana ou mes a mes, e non o obxectivo inmediato a perseguir. Aínda así, haberá que facer un seguimento destas habilidades para corrixilas ou melloralas, e que os/as rapaces/as poidan sacar o máximo rendemento do seu traballo de cara ó futuro.

O que se expón a continuación é un extracto dos obxectivos propostos no Plan Dixital de centro para que cada alumno/a de distintas dinámicas e a súa actividade lles permita un nivel de adquisición de competencia dixital.

En cada un dos niveis exprésanse algunhas das competencias posibles, unha vez se consideren acadadas as dos niveis previos.

### 10.1.- *Educación Infantil*.

- ✓ Forma correcta e cómoda de usar o rato, control do seu movemento, diferenzas entre as accións de pulsar o botón dereito ou esquerdo, picado e arrastre do punteiro, e dobre clic para executar programas.
- ✓ No teclado, uso das catro teclas do cursor para moverse dentro dos programas, e uso doutras teclas fundamentais como a de "Intro", "Retroceso" ou "Barra espaciadora" para executar certas accións dentro dos programas.

- ✓ Seleccionar certas iconas do escritorio para executar programas.
- ✓ Acender e apagar os equipos (CPU, monitor e altofalantes) correctamente.

**10.2.- *Primeiro e segundo de Primaria*.**

- ✓ Localización das letras no teclado.
- ✓ Escritura de palabras sinxelas co teclado para superar actividades nalgúns programas.
- ✓ Uso das teclas "Maiúsculas (frecha arriba)" e "Bloq maiús" para obter as letras maiúsculas de xeito esporádico ou permanente respectivamente.
- ✓ Aprender a buscar aplicacións a través do menú "Inicio ->Programas".

**10.3.- *Terceiro e cuarto de Primaria*.**

- ✓ Usar o botón dereito do rato para acceder ó menú emerxente de propiedades das iconas.
- ✓ Progreso na localización das letras no teclado e, como consecuencia, aumento na velocidade de escritura.
- ✓ Inicio na localización e uso dos carácteres do teclado numérico e outros símbolos básicos do teclado como poden ser as interrogacións, o punto, a coma...
- ✓ Uso dun procesador de textos sinxelo coma o Wordpad ou o Bloc de Notas, seleccionando distintos tipos de fontes e tamaños.
- ✓ Uso dun programa sinxelo de debuxo de mapa de bits coma o "Paint"; trazado de liñas ao chou, recheo con cores e pouco máis.
- ✓ Inicio da navegación por Internet en páxinas propostas polo mestre; clicar en hiperenlaces, uso dos botóns "frecha adiante", "frecha atrás", "home", "deter" e "actualizar" do navegador.
- ✓ Saber manexarse con programas educativos de todo tipo.
- ✓ Ir aumentando progresivamente o vocabulario con relación ás TIC.

**10.4.- *Quinto e sexto de Primaria*.**

- ✓ Uso das teclas de función do teclado, (por exemplo F1=axuda).

✓ Inicio no uso da tecla "AltGr" para obter os carácteres da parte inferior dereita dalgunhas teclas como poden ser a arroba, o símbolo do euro ou a barra invertida cara á esquerda, etc.

✓ Cortar, copiar e pegar fragmentos de texto ou gráficos.

✓ Mellorar o uso da navegación en Internet.

✓ Uso simple do correo electrónico.

✓ Participación en Chats de foros educativos.

✓ Manipular correctamente dispositivos de almacenamento masivo USB por medio do administrador de arquivos.

✓ Abrir e gardar arquivos da/na carpeta "Mis Documentos".

✓ Crear unha carpeta propia en "Mis Documentos" e gardar ou abrir alí algún arquivo.

✓ Manexo simple das cámaras do colexio.

## 11.SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Este proceso debe ser periódico e permanente, e permitiranos coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar, resultados dos logros acadados, dificultades atopadas, etc. no desenvolvemento do plan das TIC. Pretendemos realizar actuacións en relación coa avaliación

continua e final do plan. En relación co proceso, o grao de implantación e desenvolvemento do plan debe levar parello un seguimento que nos permita comprobar os avances e a adecuación das actuacións iniciadas, así como apreciar as posibles deficienzas na súa posta en práctica. Este seguimento permitirá ter unha visión global de todo o proceso que nos informará do seu desenvolvemento e permitiranos corrixir as posibles deficiencias. A avaliación final informaranos

sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e da realización e adecuación das actuacións levadas a cabo. A avaliación realizarase en distintos momentos, ao longo de todo o proceso de implantación, e como mínimo unha vez ao trimestre.

O resultado destas actuacións permitiranos introducir modificacións na asignación de recursos materiais e software, cambios nas características do plan e manter un plan vivo que se adecúe o máis posible á singularidade da nosa comunidade educativa.

## RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

# CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E PXO

**Introdución**
A lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, indícanos a importancia dun sistema educativo que promova que cada centro docente deseña e desenvolva un proxecto educativo propio, guiado polos valores da inclusión, a igualdade, a colaboración e a calidade, entre outros. A finalidade da educación é a de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para un pleno desenvolvemento persoal, polo que os países/estados -tendo en conta a Convención dos dereitos do neno- deberán poñer os medios ao máximo nivel, nas distintas Administración públicas, para atender ás necesidade educativas,alimentarias, sociais, afectivas e sanitarias que requiran os menores.

**1) Integrantes do departamento de orientación.**

| NOME E APELIDOS | CARGO QUE REPRESENTA |
|---|---|
| Dna. Elvira Fernández Vidal | Xefa de estudos |
| Dna. María Dieste Silva | Coordinadora do 1º ciclo de EP |
| Dna. Lucía Ares Rodríguez | Coordinadora do 2º ciclo de EP |
| Dna. Mª Dolores Iglesias Miguéns | Coordinadora do 3º ciclo de EP |
| Dna. Josefa María Pazos Pouso | Coordinadora do 2º ciclo de EF |
| Dna. Olivia Rodríguez Nogueira | Mestra especialista de PT(1) |
| Dna. Judit Ordóñez López | Mestra especialista de PT(2) |
| Dna. Ana Bermúdez Vela | Mestra especialista de PT(3) |
| Dna. María Castro Vázquez | Mestra especialista de PT (4) |
| Dna. Patricia García López | Mestra especialista de AL (1) |
| Dna. Noemi García López | Mestra especialista de AL (2) |
| Dna. María Almudena Blanco Areas | Xefa do Departamento de Orientación |

Faise necesario matizar, no relativo aos integrantes que contamos con:

2 especialistas de PT definitivas no centro

2 especialista de PT son provisionais. Tanto a PT 3 como a PT4 combinan o seu traballo de atención educativa (dadas as circunstancias persoais, dun alumno de 4ºEP) na: UEE, no 1º ciclo de educación primaria e no caso da PT 4, tamén, intervén no segundo ciclo de educación infantil. Esta profesional permanece no noso Centro 22 sesións, dado que acude a EEI DEÁN GRANDE, en Ribeira.

1 mestra de AL é definitiva.

1 mestra de AL con destino provisional.

Mencionar que a directiva do noso Centro solicitou o Programa Acompaña, cando a Consellería aprobe o listado definitivo un/unha novo profesional de AL formará parte do equipo de orientación.

Este curso ademais de contar cos recursos profesionais de PT e AL para a equidade a inclusión, dadas as NEE dalgún do noso alumnado incrementamos o número de coidadoras, pasamos de ter 2 coidadoras a tempo completo e 1coidadora a media xornada a 3 traballadoras a tempo completo ocupando o posto de persoal auxiliar coidador (PAC) como recurso e 1 permanece a xornada completa os días mércores, xoves e os venres, os luns e o martes acude a CEP Salustiano Rey Eiras . A continuación indícanse os seus nomes:

Dna. Milagros Pérez González ( permanece no noso Centro a tempo completo)

Dna. María Josefa Mariño Blanco (permanece no noso Centro a tempo completo)

Dna. Juana María Otero Rodríguez (permanece no noso Centro a tempo completo)

Trinidad Grandío Iglesias (pemanece no noso centro os Mc, X e V)

**2. Reunións do DO**

As reunións do DO do equipo cos coordinadores de ciclo, Xefa de estudos, PTs, ALs e orientadora celebraranse na planificación xeral anual establecida polo equipo directivo a 4ª semana de cada mes, de xeito alterno coa CCP.

**3. Análise da situación de partida.**

En primeiro lugar, tense que destacar que no noso Centro ordinario creouse o pasado curso académico, unha unidade de educación especial (achégase a programación da aula na parte final desta concreción curricular anual de atención á diversidade ).

A **finalidade da súa creación** e dar resposta a catro nenos que necesitan dunha escolarización combinada o máis inclusiva posible a cal lles permita:

a) Por unha banda, unha serie de espazos, ferramentas e materiais cunhas características axeitadas.

b) Por outra, o acceso á dimensión social e dicir que podan desfrutar das relacións que se establecen nos seus respectivos grupos-clase tanto nos patios, como nunha gran maioría das áreas curriculares e saídas complementarias. Esta dimensión social ábrese a un contexto de aprendizaxe física, sensorial, cognitiva e emocional na que todo o alumnado e profesorado nos sintamos unidos polo compromiso cultural de aprender de e con os demais,o que permitirá a participación e progreso de toda a comunidade educativa e por ende da sociedade ribeirense.

Nunha escola inclusiva, faise prioritario lembrar que a **accesibilidade** é un dereito de todas as persoas. Polo tanto é obrigado que:

a) Temos que preguntarnos se o noso alumnado atribúelle sentido ás tarefas propostas e se o tipo de resposta que lle esiximos pode acometela . Se un/unha alumno/ a non lle atribúe sentido e non a pode acometer ou outro/a alumno/a acométea con moita facilidade entón farase necesario propoñer diversos grados de complexidade antes de propoñer calquera tarefa. En ocasións, teráselle que presentar a información a través de diferentes canais (visual, auditivo ou cenestésico, táctil, olfativo) dando resposta ao amplo rango de diversidade que está presente no noso alumnado (alumnado diverso en canto a: coñecementos previos, competencia lectora, habilidades matemáticas, diferenzas sensoriais ou motrices, idioma materno, cultura, expectativas e intereses)

b) Se poñan en práctica os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe tal e como establece a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. De feito durante os pasados cursos a nosa Escola, apostou por PFPP nesta línea, destando a memoria realizada polo equipo do pasado curso que debera ser un manual de referencia para todos os ciclos. Achégase tres enlace con máis información sobre o modelo DUA

Información avanzada

https://shre.ink/nszu

Información resumida

https://shre.ink/nszg

Información proporcionada polo EOEP de Canarias

https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/edublog/eoepgrancanariacentro/2021/09/04/conoce-el-diseno-universal-para-el-aprendizaje-dua/

Así mesmo, tamén debemos ter en conta a disciplina positiva e o Mindfulness. Trataremos de recoñecer as fortalezas do alumnado e facerlles ver as posibles carencias de tal xeito que non se vexa minguada a súa área afectiva. Axudar ao alumnado a recuperar ou manter a calma é fundamental para o **equilibrio emocional e a autoconfianza en si mesmo/a**, polo que se seguirá incidindo no Plan de atención Titorial na importancia da educación emocional.

Temos que mencionar, chegados a este intre, que a LOMLOE, aprobada en decembro de 2020 indica no seu preámbulo, que *o obxectivo central do sistema educativo é reforzar a* ***equidade e a capacidade inclusiva do sistema*** ou o que é o mesmo: ***ser capaz de dar resposta tanto ás necesidades do alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe como ao alumnado con maior capacidade e motivación para aprender, polo que independentemente que que o noso centro adoite medidas ordinarias e***

***extraordinarias que se describirán en paragrafos posteriores, e as faga cumprir o equipo directivo.*** Faise necesario que se dote de recursos, en especial de recursos humanos do DO, tal como solicitou por correo electrónico o pasado 13 de xullo de 2023 a xefa do departamento de orientación á Sra. Directora do centro, coa intencionalidade que llelo achegase á Sra. Inspectora. En dita misiva solicita a necesidade de contar con 3 AL, 6 PT e un segundo posto de orientación, dado que a día de hoxe hai necesidade de facer 33 avaliacións psicopedagóxicas, que poden verse incrementadas, podendo estarse a vulnerando os dereitos dos/as menores á recibir unha orientación axeita.

Mentras que non se dote de recursos dende as titorías necesítanse fomentar actuacións dirixidas á implicación activa das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas, chegando a acordos, nos que se debe deixar constancia por escrito. Cando isto non sexa suficiente demandarase unha avaliación psicopedagóxica traballando dun forma ecosistémica, deste xeito o EOE e o Servizo de Inspección unha vez que se emita o informe psicopedagóxico terá constancia de todas a acción levadas a cabo na nosa Escola.

Na actualidade necesita dunha avaliación psicopedagóxica urxente alumnado que presenta NEE e ou NEAE entre eles/as:

- Alumnado, polo menos 9 alumnos/as, que o pasado curso tiñan aprobadas ACIs e este curso académicos necesitan ser novamente elaboradas respectando os prazos de entrega. A norma establece que sexan antes do 30 de novembro de 2023
- Alumnado que necesita da creación de ACIs novas, as cales dificilmente poderán entregarse dentro dos prazos.
- Alumnado cuxas familias presentaron fóra de prazo a matriculación dos seus fillos indicando que presentaban NEAE, cando a devandita avaliación psicopedagóxica tiña que facerse no mes da matriculación do curso 2022-23.
- Alumnado que presenta ten certificado de minusvalía e informe dos Servizos de psicoloxía ou neuropediatría, pendente de avaliación psicopedagóxica .
- Alumnado que está pendente da realización dun ditame por nova escolarización nunha nova etapa educativa, con problemas de conduta.
- Alumnado que nos pasados cursos non foron avaliados, aínda que algúns deles acudisen no primeiros curso de educación infantil, intervención no Servicio de Atención Temperá e que algúns deles están no 2º ciclo de educación primaria.
- Alumnado que está pendente de renovación de informe psicopedagóxico porque levan polo menos 2 cursos académicos sen valorar, ou porque o Servizo de Inspección Territorial, case sempre, solicita a renovación dos informes psicopedagóxicos para o alumnado que ten apoio do persoal auxiliar coidador. Tendo que mediar a Sra. Directora coa Sra. Inspectora para que os Servizos sexan flexibles coas normas impostas.
- Alumnado de nova escolarización, no presente curso escolar, que unha vez rematada a avaliación inicial, o profesorado solicita a elaboración dunha avaliación psicopedagóxica, ou a propia orientadora é consciente da súa necesidade.

- Alumnado que acude ao Servizo de Atención temperá é non ten informe psicopedagóxico.
- Alumnado que presenta NEAE e que suspende algunha área e que están pendentes de avaliación psicopedagóxica, ou aqueles que nun primeiro momento tiñan materias suspensas e cos protocolos de actuación foron mellorando o seu rendemento académico.

Na memoria final do DO contabilizáronse 33 avaliacións psicopedagóxicas pendentes de realización, aínda que dous nenos causaron baixa no noso Centro, xa se presentaron dúas demandas de avaliación psicopedagóxica, cunha delas está de acordo a familia, á familia úrxelle a súa valoración. De seguro xurdirán máis demandas, dado que o período de avaliación inicial remata o 18 de outubro de 2023. Polo que se fai necesario que a CCP determine a priorización das avaliacións psicopedagóxicas, independentemente dos criterios establecidos polo DO na elaboración das mesmas, pois sempre xurdir emerxencias, nas que se teñan que paralizar determinadas avaliacións para darlle prioridade a outra. Este curso empezando polos/as nenos/as que, no curso académico 22-23, se lles autorizou una ACI, pola Sra. Inspectora do nosa Escola, adaptacións curriculares significativa cuxos prazos de entrega veñen determinados para o 30 de novembro.

A orientadora, un curso máis ten que deixar constancia que é moi complicado dar resposta a todas as demandas. Polo que se insta a que sexa a Comisión de Coordinación Pedagóxica á que ditamine a que alumnado se prioriza. A orientadora ten dificultades na xestión das avaliacións non so pola cantidade das mesmas, pois esta non é a única labor da orientador minguando os seu rendemento:

- Realizar de xeito **completo** os trámites de bolsas para o alumnado CNEAE, cando o deber do orientador/a é cubrir o apartado B da bolsa e emitir o informe do DO.
- Revisar documentación dos diversos plans e programas.
- Elaborar documentos para as reunións con PTS e ALS, reunións do DO cos coordinadores de ciclo, documentos para as reunións con docentes e/ou pais.
- Creación de cursos na aula virtual para unha mellor planificación e cumprimento co plan dixital de centro
- Facer gardas de recreo, por necesidades de servizo.
- Facer gardas puntuais de clases, nas que o profesorado de garda se despista, ou por necesidades de servizo.

De entre o traballo propio do departamento do DO, tamén se ten tempo comprometido que impide avanzar na elaboración dos informes psicopedagóxicos como é:

- Establecer contactos cos servizos externos, en especial co CAD da Pobra, aos que acude moito alumnado do noso Centro, recibindo atención logopédica ou psicolóxica

no Servizo de Atención Temperá e que este curso académico so nos proporcionaron os listados, pero non os horarios. Así como intercambio de información unha vez conseguidas as autorizacións das familias ou titores legais.

- Buscar nos arquivos a información pertinente para dicirlle ás familias que necesitan informes si existen ou non, ou elaborar os mesmos en caso de que se requira por motivos médicos ou doutras administracións públicas, sen ter establecidos uns tempos de espera, axeitados para a súa busca. É inviable que as familias por exixencias externas pidan informes en tempo límite.
- Atender a peticións do Institutos da comarca , en especial do IES Nº1 requirindo información do alumnado CNEAE que causou baixa na nosa Escola e que agora están matriculados no primeiro curso da ESO.
- Requirimento por parte das/os titores ou especialistas que necesitan ser escoitadas/os.
- Solventar dúbidas ás familias, para indicarlles onde poden solicitar determinado trámites burocráticos das bolsas ACNAE, outras veces veces estas descoñecen o idioma, necesitando de moito máis tempo para interpretar para facerse entender e ou ser comprendido, así como cambios inesperados nos tempos e lugares da escolarización combinada do alumnado da UEE, o que levou neste inicio de curso e baixo as directrices da Sra. Directora á reestruturación dos horarios dos recursos humanos das profesionais provisionais de pedagoxía terapéutica.
- Considerar algunha docente que a orientadora ten que establecer o nivel de competencia curricular do alumnado. Cando o ideal é que se establezan probas consensuadas por nivel e que estas aparezan reflectidas nas concrecións curriculares de ciclo. Aspecto indicado na concreción anual da atención á diversidade do pasado curso académico. Se esas probas son moi elevadas baixaríanse a un nivel inferior, ata que se chegase ao un nivel de desfase curricular de dous cursos académicos, máis teríase que indicar que criterios de avaliación do nivel inferior non é que de cumprir e cales si. Tendo en conta estas dificultades faise necesario plasmar, nas concrecións curriculares do centro, non so os mínimos esixibles en cada ciclo, máis reflectir probas de avaliación inicial para cada nivel dos ciclos. Establecendo un consenso nas probas a efectuar en cada nivel, que reflicta o nivel de competencia curricular do discente e deste xeito no caso de ser un alumnado procedente do estranxeiro e que sufra un desfase curricular de dous cursos académicos poda ser adscrito a un curso inferior.

## 4. Proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado contando cos recursos existentes no centro.

### 4.A Medidas de atención ordinarias.

**Adaptacións de centro e aula (A.43 da Orde do 8 de setembro de 2021)**

**Accesibilidade física .** Aquela que garante que calquera persoa pode moverse de forma autónoma polos espazos do centro(portas accesibles, formas para subir ao diferentes pisos, etc).

**Accesibilidade cognitiva.** Aquela que permite a fácil comprensión dos entornos, procesos, servicios e instrumentos. Risque o que corresponda ou indique outra formas utilizadas por vostede.

Directorio na entrada do centro.

Espazos sinalados.

Horarios claros e visuais, anticipando cambios.

Lectura fácil en todas as comunicacións e soportes.

Combinar información verbal e visual ou a estimulación por outro tipo de canles dependo do potencial do/a discente.

Materiais ordenados, gardados en caixas, contedores, cartafois, etc.. nos que se indique unha clave (visual, táctil, ou outras), ao alcance de todos. Indicar o tipo de clave utilizada en función das potencialidade de cada neno/a.

Control de nivel de ruído e estímulos visuais. (Para o que se aconsella o uso do semáforo do ruído vermello estamos facendo ruido, medidores de ruído que fagan darse conta, ou inclusive o uso do apagado das luces para darse conta)

**Estimulación da linguaxe durante as sesións de apoio no 2º ciclo de EI**

Programa de estimulación da linguaxe, impartido pola Xefa de Estudos coas pautas dadas polas mestras de audición e linguaxe.

**Adaptacións na metodoloxía (A.45 da Orde do 8 de setembro de 2021)**

Seguir os principios do modelo DUA.

Promover a súa participación con preguntas.

Alternar actividades teóricas con traballo práctico (individual, en grupo), búsqueda de información, exposicións. Facilitarlle material escrito para evitar tomar apuntes ou copiar.

Promover o traballo en equipo, cooperativo e con grupos heteroxéneos

Facilitarlle máis tempo para rematar as tarefas de clase.

Utilizar frases curtas e claras nas explicacións.

Presentar a idea principal ao principio da explicación.

Achegarnos á súa mesa e continuar alí a explicación.

Utilizar reforzos e apoio visual na instrucción oral.

Planificar actividades con diferentes niveis de dificultade.

Incluir tarefas para a casa con actividades que persigan o afianzamiento e consolidación de contidos básicos da materia.

Incluir actividades de recuperación de aprendizaxes non acadados.

Facilitarlle materiais escritos con resumos, esquemas e vocabulario previo para permitirlle acceder á comprensión dun tema.

Flexibilizar os plazos na entrega de traballos.

Promover a titoría entre iguais

Usar e reclamar o contacto visual.

Supervisión do uso da axenda escolar.

Adquisición basada en proxectos (ABP).

Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

Titoría entre iguais, aprendizaxe servizo e outras que promovan a inclusión.

**Adaptacións das formas e instrumentos de avaliación**

(A.46 da Orde do 8 de setembro de 2021)

Descrición de medidas para instrumentos de avaliación empregados na aula

Propoñer fórmulas de avaliación complementarias á proba escrita (exames orais, proxectos, traballos, seguimento diario, ...)

Complementar a avaliación con outros instrumentos: cadernos de clase, lista de cotexo, rúbricas, observación, entrega de deberes, traballos, exposicións.

No caso de exames ou probas escritas realizar exames escritos: adaptar o formato da proba escrita: tipo de letra, tamaño, interlineado axeitado.... Realización con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo, evitando as dobre negativas. Separar as cuestións dunha pregunta en apartados claramente diferenciados.

Incluír preguntas con diferentes tipos de resposta: V/F, resposta múltiple, curtas...

Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

Complementar os exames escritos de forma oral cando se observan que están incompletos.

Asegurarse de que comprende as preguntas para poder contestalas e asegurarse de que está contestando correctamente.

Remarcar a parte máis salientable das preguntas nas probas escritas.

Flexibilidade coa ortografía nos exames escritos.

Entregar as preguntas dun exame en pequenas doses para minimizar a ansiedade que lle produce.

Incluír preguntas con diferentes graos de logro.

**Vías de recuperación**

Na medida do posible facilitaranse vías de recuperación, tal e como establece no artigo 44 a Orde do 8 de setembro de 2021.

**Reforzo educativo.**

Realízao o profesorado da área que imparte (A.48 da Orde do 8 de setembro de 2021)

Se algún docente solicita que lle axude o profesorado con dispoñibilidade horaria (A.48 da Orde do 8 de setembro de 2021). Farán docencia compartida pero será o docente da área o que realice o plasme o plan de reforzo.

Tendo en conta que se teñen que priorizar os casos máis graves de reforzo educativo para que a Xefatura de Estudos poda facer unha distribución axeitada co profesorado con dispoñibilidade horaria, faise necesario que o profesorado titor ou especialista o xustifique respondendo ás seguintes preguntas:

- Cal é o **motivo** do reforzo educativo para solicitar un profesor de dispoñibilidade horaria?
- **Obxectivos** que pretende conseguir co reforzo educativo?
- Que **ferramentas** se utilizará no reforzo educativo?

**Programas de enriquecemento curricular.** (A.49

**Outra medida ordinaria é o desdobre** (Artigo.8 do Decreto 229/2011).

**Conclusión sobre as medidas ordinarias**

Unha vez que se poñan en práctica as medidas ordinarias entre elas:

-adopción do principios do modelo DUA, metodoloxías dispostas nos protocolos da Consellería en función das necesidades do neno preme no clic os protocolos,

https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764

-establecemento das pertinentes reunións coas familias/ou titores legais, nas que se deberían chegar a acordos asinados por todos os integrantes da reunión.

De tal xeito, que as familias se comprometan co ensino e a educación do/a seu/súa fillo/a en todo o que teña que ver cos baleiros de aprendizaxe, problemas de conduta e emocionais.

Unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias, pasaríamos ao establecemento de medidas extraordinarias. Todas as accións ordinarias teranse en conta nas avaliacións psicopedagóxicas, co fin de ser reflectidas nos pertinentes informes psicopedagóxicos para que o EOE e o Servizo de Inspección comproben as actuacións feitas dende a nosa Escola.

**4.B Medidas extraordinarias**

**Apoios do profesorado de PT e AL**

Lembrar que os apoios do profesorado de PT e AL veñen recollidos *no artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021, incidir que no seu apartado 2. b) dise que* ***a atención que lle dean ao alumnado de necesidades educativas especiais*** *e* ***excepcionalmente, ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo,*** en ningún caso ***substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta áreas ou materias nas que o alumnado reciba apoio.***

Elaboración de adaptacións curriculares significativas. No artigo 55, apartado 12, da Orde do 8 de setembro de 2022, establécese que **os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poda impedirlle a promoción ou titulación.** É dicir, **todo/a alumno/a que supere os criterios de avaliación reflectidos na ACS diploma.**

As familias do alumnado que recibe apoio por parte dos mestres especialistas de AL e PT, ou que recibe reforzo educativo deben de ser informadas dende as titorías do devandito apoio especializado ou do reforzo. Mais cando se elabore por primeira vez un informe psicopedagóxico, será a orientadora quen lle explique a necesidade de recibir apoio especializado de PT ou AL.

Pasada a 1ª quincena de outubro, a Xefa do DO, as especialistas de PT e AL intentarán reunirse co profesorado titor e o resto de docentes, que teñan que elaborar unha ACS para asesoralos en materia de adaptacións curriculares, e na medida do posible como proporcionarlle enlaces nos que podan conseguir materiais ou inclusive explicarlle como interveñen elas co alumnado en cuestión. O 17 **de outubro, na medida do posible, orientarase ao profesorado na creación das ACS,** seguindo un modelo moi intuitivo e práctico, creado polo mestre e asesor educativo Óscar Abelleira Muñiz , tal como se indicou na nota informativa sobre as adaptacións curriculares significativa enviada por correo electrónico, o pasado día 6/10/2023, a todos/as os/as membros do claustro.

**As mestras/mestres titores avisarán con antelación ás mestras de PT e AL das reunións coas familias do alumnado que recibe apoio coas especialistas**. A hora destinada a tal fin, será os martes de 17.00h a 18.00h.

Respecto ao horario de reunións do equipo especializado de **PTs, ALs e orientadora, reuniranse na 3ª sesión dos mércores.**

**Creación de polo menos un grupo de adquisición de linguas** (A.68 Orde 8 de setembro de 2021)Dado o incremento de alumnado, a xefa de estudos está intentando facer os axustes pertinentes para que este grupo se poda implementar, neste curso 23_24. O motivo o incremento de alumnado que descoñece unha das dúas linguas vehiculares de

Galicia, e que cada curso académico se incorpora en diferentes momentos do curso académico.

**5. Recursos materias para equidade e a inclusión.**(A.78, Orde 8 de setembro de 2021)

En dito artigo, se recolle que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dotará dos servizos materiais completamente adaptados. Un número salientable do noso alumnado, en especial os alumnos que teñen unha modalidade de escolarización combinada necesita dos materiais recollidos no ditame, en especial os que lle axudan á regularización das súas condutas desadaptativas nos tempos de ocio. Son os/as discentes cun desenvolvemento normotípico os que teñen que adaptarse aos gustos e preferencias do ACNEE, polo que se fai necesario que na medida do posible se ofrezan, os materiais recollidos no mesmo, mais tamén os recollidos nos cuestionarios que se cumprimentaron para o alumnado que necesita do coidado do PAC: columpios adaptados, superficies lisas e/ou acolchadas, barras paralelas, para poder desfrutar de espacios no que desfrute e melloraren o seu sistema vestibular e incrementen a propiocepción do seu corpo, sen que se fagan dano.

**6.Recursos externos ao centro cos que se establecen relacións.**

**CAD da Pobra do Caramiñal, Servizo de Atención Temperá**: as unidades de atención temperá dispoñen de profesionais especializados no desenvolvemento infantil cubrindo áreas biopsicosociais. Estes servizos encárganse da detección precoz, o diagnóstico e orientación, educación, aspectos de saúde, médicos e de nutrición, así como asesoramento, formación e colaboración coa familia.

**Equipo de Orientación Específico (EOE):** equipos a disposición do centro formados por especialistas e que se solicitarán en caso de precisar da súa axuda.
Poderase solicitar a intervención destes equipos, con motivos debidamente xustificados, por requirimento da Xefa do Departamento de Orientación e da Dirección do centro (achegando informe do DO), co visto e prace da Inspectora de zona ou a proposta directa desta última.

**UACO:** unidade de atención ao alumnado que presenta problemas desatención por parte da familia para o que se necesita contar contar coas accións desenvoltas dende as titorías, dende a xefatura de estudos e contar con informe psicopedagóxico actualizado, coa ficha técnica cuberta na que asine a Sra. Directora e a orientadora.

**Concello:** arbitrar medidas de colaboración co Concello para mediar nos posibles problemas sociais que teñen as familias en relación ao modelos de crianza. Ou, en todo caso, poder brindarlle aos nosos discentes, apoio educativo. Neste senso, a educadora social do Concello de Ribeira, Dna. Iria Alén Salgado, promove xunto coa coordinadora da Fundación Meniños o programa: “Espazos de Preservación Familiar”.

**Asociacións e gabinetes:** as asociacións da comarca AMBAR , AMICOS, ÁGAPE, TDAH Sanlés, Asociación Down Compostela e diferentes gabinetes pedagóxicos, psicolóxicos e logopédicos da comarca e o centro de altas capacidades de Santiago de Compostela

LATENTO e todas aquelas que brinden materiais con dereito a préstimo ou gratuitos para o noso alumnado.

**CAFI:** membros da directiva e o mestre Don Manuel Sobral están liderando as 4 PFPP "Polos creativos", "Web dinámicas" "Formación en TEA" "PROENS".

**ONCE:** de especial relevancia, xa que, temos unha alumna e un alumnco con dificultades visuais. Necesitamos que se afilien para que nos asesoran na adaptación de materiais, e poda dárselle unha axeitada resposta educativa.

**Familias:** A colaboración das familias é primordial para que o alumnado avance no seu benestar emocional, académico e social, polo que se deben chegar a acordos e comprometerse a mellorar a situación do neno, sen ter que chegar a que interveñan outra servizos de atención ao menor.

**Servizos sanitarios:** Achegan informes a través das familias sobre os trastornos que padece o alumnado. E tamén se intenta na medida do posible enviar os pertinentes informes escolares, e no caso de contar con informe psicopedagóxico tamén se remiten os mesmos,

**Para a organización e distribución dos recursos e axudas na atención ao alumnado con N.E.A.E durante este curso académico o equipo de especialista de PT, AL e xefa do DO tivéronse en en conta os seguintes criterios de priorización:**

1) Ter informe psicopedagóxico e do EOE que determine os apoios de PT/AL/e ou PAC.

2)Ter informe psicopedagóxico e presentar e presentar NEE.

3)Ter certificado de discapacidade superior ou igual ao 35%

4)Ter informe de neuropediatría ou de psicoloxía clínica/psiquiátrica, na que recomende con carácter de urxencia dadas as NEE do alumno o apoio pedagóxico de PT e/ou AL.

5) Ter certificado de discapacidade menor ao 35%.

6) Ter informe psicopedagóxico e presentar NEAE, tendo no presente curso escolar aprobadas áreas diferentes ás linguas.

7) Estar acudindo a atención temperá, e se demostre unha cognición comprometida ou un trastorno grave da conduta, trastorno grave da comunicación ou trastorno do desenvolvemento da linguaxe, non exclusivamente un atraso da linguaxe (nestes casos o noso Centro está a ofertar un programa de estimulación da linguaxe, mais analizaranse os casos, sempre e cando se dispoña dos pertinentes recursos humanos.

8)Ter repetido e presentar unhas condicións de vida persoal e historia familiar que afecten ao rendemento académico do/a alumna/o, unha vez que a nivel de titoría se chegou aos

pertinentes acordos coas familias e se amosan evidencias  á xefatura de estudos de ter implementado as medidas ordinarias, sempre e cando a súa falta de rendemento académico non veña derivada pola falta de adquisición de polo menos unha das linguas vehiculares de Galicia, polo que antes terá que recibir atención educativa no grupo de adquisición de linguas, e no caso de que se chegue a crear tamén recibirá atención no grupo de adquisición da competencia curricular.

Consideracións complementarias

- Priorizar sempre a atención ás necesidades educativas permanentes derivadas de necesidades educativas especiais, que na medida do posible faranse dentro da aula ordinaria, no caso das mestras de PT que este curso traballan na aula específica, obviamente a súa intervención será dentro da devandita aula, as mestras de AL poden usar outras aulas destinadas á intervención aula de AL de EI ou aula de PT de educación primaria
- En Educación Infantil priorizarase a atención dentro da aula, seguindo os principios de equidade e inclusión educativa, máis tamén se solicitaron as autorización para salir fóra da aula para o traballo de determinados aspectos que imposible realizar dentro da aula ordinaria.

- A planificación dos programas de intervencións  realizarase en base aos contidos que resultan funcionais para o alumno obxecto da intervención, conforme ao modelo proporcionado pola xefa departamento de orientación, na primeira reunión do mes outubro.

# RELACIÓN DE ALUMNADO NEAE QUE RECIBE APOIO DE PT/AL e/ou PAC

| DISCENTE DA ETAPA | CURSO 23-24 | | COIDADOR CURSO S/N | |
|---|---|---|---|---|
| | PT | AL | 22-23 | 23/24 |
| EI | S | S | | S |
| EI | S | S | | S |
| EI | S | S | | S |
| EI | S | S | | |
| EI | S | S | | S |
| EI | S | S | S | |

| DISCENTE DE ETAPA | CURSO 23-24 | | COIDADOR CURSO S/N | |
|---|---|---|---|---|
| | PT | AL | 22-23 | 23/24 |
| EI | | S | S | |
| EI | S | S | | |
| EI | S | S | | S |
| EI | S | S | S | S |
| EI | | S | S | |
| EI | | | | S |
| EI | S | S | S | S |
| EI | | S | | |

| DISCENTE DA ETAPA | NIVEL | CURSO 23-24 | | COIDADOR CURSO S/N | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | PT | AL | 22-23 | 23/24 |
| EP | 1 | S | S | | |
| EP | 1 | S | | | |
| EP | 1 | S | S | S | S |
| EP | 2 | S | S | S | S |
| EP | 2 | S | | | |
| EP | 2 | S | S | | |
| EP | 2 | S | S | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EP | 2 | S | S | | |
| EP | 2 | S | S | | |
| EP | 2 | S | S | | |
| EP | 2 | S | S | | |
| EP | 2 | S | S | | |
| EP | 2 | S | S | S | S |

| DISCENTE DA ETAPA | NIVEL | CURSO 23-24 | | COIDADOR CURSO S/N | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | PT | AL | 22-23 | 23/24 |
| EP | 3 | S | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EP | 3 | | S | | |
| EP | 4 | S | S | S | S |
| EP | 4 | S | | | |
| EP | 4 | S | | | |
| EP | 4 | S | S | | |
| EP | 4 | S | S | S | S |
| EP | 4 | | S | | |
| EP | 4 | | S | | |
| EP | 4 | S | | | |
| EP4 | 4 | S | S | | |

| DISCENTE DA ETAPA | NIVEL | CURSO 23-24 | | COIDADOR CURSO S/N | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | PT | AL | 22-23 | 23/24 |
| EP | 5 | S | S | | |
| EP | 5 | S | | | |
| EP | 5 | S | | | |
| EP | 6 | S | | | |

# PLAN XERAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PXO)

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| Reunións mensuais do DO | 1 día/mes sempre que non coincida coa CCP | Membros do DO. | DO |
| Reunións semanais de PTs e ALs coa orientadora | Os mércores a terceira sesións, sempre que non haxa que non haxa que cubrir gardas por necesidades do servizo | PTs, ALs e orientadora | Orientadora |
| Organización dos arquivos cos expedientes dos nenos, etiquetas feitas a ordenador, posta en orde da información de forma cronolóxica, clasificar en subcarpetas para unha mellor acceso á información. | Todo o curso | PTs, ALs e orientadora | Orientadora |
| Facilitarlle ao DO un armario con chave pois o existente está completo. E cambiar o peche do existente, pois non ten chaves. | Todo o curso | Orientadora | Directora |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| Entregar 2 documentos á Coordinadora coordinadora do 2° ciclo de EI: a)Información ás familias que cumpren co Plan de acollida de Educación Infantil. b) Achega de propostas de actividades para ter en conta no acollida do alumnado de EI | 1° semana de setembro | Coordinadora de ciclo de EI, familias e titoras | Orientadora |
| Revisión dos expedientes do alumnado con NEAE que recibiron atención de PT/ AL o curso pasado | Mes de setembro | PTS e ALS para unha mellor intervención co alumnado, para a realización da avaliación inicial | DO |
| Entregar grella de indicios de alumnado NEAE de educación infantil e demanda de avaliación psicopedagóxica | Outubro, cando se faga a 1° reunión do DO | Coordinadoras de ciclo, para que llelo fagan chegar cando se faga a 1° reunión do DO | Orientadoa |
| Proposta de apoio alumnado NEAE | 1° quincena de setembro | Xefatura de estudos, Pts e Als | Orientadora |
| Elaboración do horario de atención ao alumnado que necesita apoio de PT e AL | 2° quincena de setembro, susceptible de cambios durante o curso. | Xefatura de Estudos | DO e elevación da proposta pola xefa do DO |
| Revisión do material dispoñible no DO e adquisición de novo material. | Setembro-outubro/ todo o curso | DO, alumnado. | DO |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| *Elaboración/ revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO, autorizacións, entrevistas, solicitud de informes e recepción dos mesmos (rexistro de entrada e de saída), novo formato dos programas de intervención, e informes finais de PT/AL* | Outubro novembro<br><br>Maio (informes finais de intervención PT /AL) | Comunidade educativa | Orientadora |
| Asesoramento na elaboración de ACS e avaliación inicial do alumnado de educación primaria | 1º semana de outubro | Envío dunha nota informativa sobre ACS, resaltando a importancia da avaliación inicial, a todo o persoal docente. | Orientadora |
| Elaboración dos programas de intervención segundo o formato establecido pola orientadora | 1º semana de decembro | A orientadora fará entrega do modelo a seguir na 1º semana de outubro | PTs e ALs |
| Elaboración dos informes finais de PT e AL | Xuño | Orientadora | PTs e ALs |
| Cubrir o apartado das bolsas específico do DO | 20 de setembro 2023 , maio, xuño e setembro 2024 | Familias do alumnado | Orientadora |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| Realización/ actualización /revisión das Av./ Informes Psicopedagóxicos/Ditames | Todo o curso | Alumnado | Orientadora |
| Convocatoria para a elaboración de ACS e cotexo da acta de reunión das mesmas. | 1º trimestre | Profesorado que necesita elaborar as ACS, PTs e Als. | Xefatura de Estudos Orientadora |
| Creación dun curso na aula virtual para facer un seguimento das ACS, para contribuír co Plan dixital de Centro | 2ª quincena de outubro | Docentes que teñen que elaborar ACS, con seguimento por xefa tura de estudos e inspección educativa | Orientadora |
| Creación dun curso na aula virtual para as reunións do DO, para contribuír co Plan dixital de Centro, | | Integrantes do DO que teñen que elaborar ACS, seguimento por xefa de estudos e inspección educativa | Orientadora |
| Creación dun curso na aula virtual para as reunións, subida | 1º semana de novembro semana | Integrantes das especialistas do DO, | Orientadora |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| de documentos co profesorado de PT e AL | de outubro | seguimento por xefa de estudos e inspección educativa | |
| Elaboración, concreción do plan anual de Atención á diversidade xunto co PXADO que se insertará na PXA | Outubro | Claustro, directora | Orientadora |
| Actualizar o Plan de Acción Titorial | 1º trimestre | Claustro, directora | DO |
| Actualizar o Plan de Orientación Académica e Profesional Plan de Orientación | 1º trimestre | Claustro, directora | DO |
| Recollida de datos: DRDADI | 1 º trimestre | Xunta | Orientadora |
| Celebración do día internacional da diversidade funcional:<br><br>-Participar na carreira pola inclusión que promove as mestras de Educación Física.<br><br>- Informar ás titorías das posibles propostas feitas por outras entidades ou asociacións da comarca: Amicos, Ambar, TDAH Salnés, Ágape, ... | Inicio do mes de decembro | Alumnado e profesorado | Mestras de EF: carreira ENKI pola inclusión.<br><br>Orientadora: informar de posibles convites para a celebración do Día Internacional da Diversidade Funcional. |
| Implentar o Plan de Acción Titorial | Todo o curso, unha vez que se revise o mesmo. | Coordinadoras de ciclo, que lle transmitirán as mesma ás/os e titoras/es | DO |
| Implementar o Plan de Orientación académico profesional para o alumnado de 3º ciclo | A partires de xaneiro | Coordinadoras de ciclo, que lle transmitirán as mesma ás/os e titoras/es | DO |
| Contribuír co Plan Director nas liñas de | En función da dispoñibilidade | Alumnado de 3º ciclo | Titores do 2º e |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| actuación solicitadas pola Sra. Directora. | do Corpo de Seguridade do Estado | | 3° ciclo, coordinadora de Benestar e Covivencia e orientadora. |
| Proporcionar información sobre o modelo didáctico DUA, para ter en conta mo desenvolvemento das situacións de aprendizaxe | Cando se entrega por correo electrónico a Concreción Anual do Plan de Atención á Diversidade | Claustro | DO |
| Realización de informes escolares do alumnado que recibe ou recibíu, apoio de PT ou AL. | Todo o curso | Quen os demande con antelación | Titoras cando o neno non reciba apoio de PT e AL,, orientadora, coa información dispoñible de Pts e ALs |
| Propiciar entrevistas coas familias e os diversos servizos externos que traballan co alumnado | Todo o curso | Familias, Servicios Sociais, CAD, etc.. | Titoras, PTs, Als e DO |
| Redacción solicitudes ao EOE | Todo o curso | EOE de A Coruña | Orientadora |
| Revisión, e de ser o caso, modificación das medidas aplicadas ao alumnado con NEAE | Todo o curso | Alumnado | DO |
| Asesoramento xeral na acción titorial e académico vocacional. | Todo o curso | Titoras/es | Orientadora |
| Facilitar o período de transición do 2° ciclo de EI ao 1° ciclo de EP coidar a incorporación de ACNEE prevendo os apoios pertinentes nas primeiras semanas . | 3° trimestre | Titoras de 2°ciclo e alumnado do 6° EI | Titoras de 1° ciclo, DO e Xefatura de estudos. |
| Facilitar o período de transicición do alumnado con NEE de 1° ciclo de EP ao 2° ciclo de EP | 3° trimestre | Titoras de 1° ciclo que traballen con alumnado NEE e que promocionan para o 2° ciclo | Titoras de 2° ciclo, DO e Xefatura de estudos |
| Facilitar o período de transicición do alumnado con NEE de 2° ciclo de EP ao 3° ciclo de EP | 3° trimestre | Titoras de 2° ciclo que traballen con alumnado NEE e que promociona para o 3° ciclo | Titoras de 3° ciclo, DO e Xefatura de estudos |
| Facilitar o período de transición do alumnado de | 3° trimestre | Alumnado do 3° ciclo de EP | Orientadora do IESN°1, e |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| 6ºEP para a ESO | | | Orientadora e titores do noso Centro. Pode ser que este curso tamén se nos pidan reunións dende o outro IES ao que estamos adscritos |
| Elaboración dos informes coa información relevante de cada alumno que promociona de etapa de primaria á de secundaria. | Xuño | Orientadora e Xefatura de estudos do IES Nº1, no seu defecto expediente do alumno, sempre que non fixeran a prematrícula no instituto. | Titores de 6º , Xefatura de Estudos e Orientadora do noso Centro |
| Solicitar ás familias do alumnado que transita para secundaria a necesidade de autorizar o intercambio de información confidencial da directivas e orientadora coa orientadoras dos centros aos que acudirá o/a neno/a | Maio | Orientadora e Xefatura de estudos do IES Nº1 ou do IES LELIADOURA | Orientadora e Xefatura de estudos do IES Nº1 e /ou IES LELIADOURA |
| Facilitar información ás familias do alumnado de nova incorporación de infantil | 3º trimestre | Familias | Titoras, Xefatura de estudos e orientadora , esta última no caso de que solicitas unha praza NEAE |

| ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| Avaliación do Plan Xeral Anual de Actividades do DO | Xuño | Claustro e Directora | DO |
| Recollida de datos: DRDORIENTA | Xullo | Xunta | Orientadora |
| Memoria DO | Xuño | Claustro e Directora | DO |
| Participación nas sesións de avaliación | Ao remate de cada trimestre | Equipos docentes | DO |

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA AULA ESPECÍFICA CEIP O GRUPO CURSO 2023/24

**ÍNDICE**

1. **INTRODUCCIÓN**
2. **NECESIDADES DO CONTEXTO, NECESIDADES DO CENTRO E NECESIDADES DO ALUMNADO**
3. **CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO**
4. **AULA ESPECÍFICA**
5. **OBXECTIVOS XERAIS**
6. **ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**
7. **RECURSOS MATERIAIS**
8. **AVALIACIÓN**
9. **TEMAS TRANSVERSAIS**
10. **BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS WEB**

## 1. INTRODUCIÓN

O ámbito das Necesidades Específicas de Apoio Educativo (n.e.a.e), sufríu diferentes cambios a nivel conceptual nos últimos anos.

Na actualidade, enténdese a Educación Especial ou Pedagoxía Terapéutica, como un conxunto de servizos e recursos que se poñen a disposición do alumnado que o precise de xeito temporal ou permanente, para paliar ou compensar na medida do posible, as dificultadades derivadas de ditas necesidades.

Ademais actualmente apóstase por un modelo de currículo aberto, flexible e descentralizado que se pon ó servizo do alumno, facendo máis doada a toma de medidas de atención á diversidade tales como: flexibilización, adaptacións curriculares, apoio educativo, agrupamentos flexibles…

Sen perder de vista este contexto teórico, fíxose un análise das características da contorna, do centro e do alumnado para sentar as bases desta programación e poder cumplir deste xeito, co principal obxectivo establecido pola ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de diciembre, según a cal, a diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensinanza, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo no que contribúa ó máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática.

## 2. NECESIDADES DO CONTEXTO, NECESIDADES DO CENTRO E NECESIDADES DO ALUMNADO

O centro atópase situado no medio da cidade de Ribeira. É o único centro público do núcleo urbano xa que o resto de escolas que imparten ensinanzas de Infantil e Primaria, están nas distintas parroquias do redor.

A cidade vive fundamentalmente do mar e comercio. Así, isto inflúe non só nas circunstancias sociais e familiares do alumnado, senón tamén, no tipo de actividades e proxectos que leva a cabo o centro.

Cabe mencionar neste punto, o abundante número de escolares matriculados no presente curso e a escasez de espazos funcionais para a docencia, xa que, este aspecto marcará en boa medida tanto as necesidades do centro, como a posta en marcha desta programación.

Dadas as características socioeconómicas do **entorno** onde se atopa o centro, destácanse as seguintes necesidades:

-Necesidade de ampliación do centro para facer fronte a ampla demanda de escolarización de alumnado.

-Necesidade dunha oferta lúdica e educativa que atenda aos nenos e-nenas fóra do horario escolar.

-Necesidade de coordinación entre o centro e as distintas asociacións da zona para a realización de actividades conxuntas.

Ante as características do contexto no que se encontra inmerso, o **centro** manifesta as seguintes necesidades:

-Necesidade dun maior número de recursos persoais.

-Necesidade de adaptación ás características do alumnado comobilidade reducida O centro atópase no proceso de instalación dun ascensor no edificio anexo, lugar onde está ubicada a Unidade de Educación Especial.

-Necesidade de contar cunha maior extensión, así como dependencias que permitan dar unha atención de maior calidade ao noso alumnado.

-Necesidade dunha maior coordinación cos servizos sociocomunitarios do concello.

Así o **alumnado** atendido dentro da nosa aula, presenta as seguintes necesidades:

- Necesidade de potenciar as función cognitivas básicas: atención, memoria, procesamento da información, control executivo, conduta e meta-cognición.
- Necesidade de alcanzar un desenvolvemento óptimo das habilidades adaptativas: regulación das condutas desadaptativas, comunicación, autocuidado, autonomía no fogar e na comunidade, intercambios sociais, autodirección, tempo de lecer e traballo.
- Necesidades derivadas das dificultades de aprendizaxe escolar: proceso de adquisición da lectoescritura, os conceptos e procedementos das matemáticas, procesamento da información en tódalas áreas curriculares e xeneralización das aprendizaxes.

4.2.- N.E.E DERIVADAS DO TRASTORNO DEL ESPECTRO AUTISTA

(T.E.A.)

Éstas derívanse das alteracións en:

• A **comunicación** e a linguaxe (ecolalia, retraso na adquisición da fala, dificultades de comprensión...

• No **ámbito cognitivo** precísase estimular e mellorar as súas competencias cognitivas).

• Na **percepción**, existe unha neecesidade de desenvolver una maior tolerancia ante os estímulos que lles resultan excesivamente molestos ou intensos.

• No ámbito motor (aleteo reiterativo de brazos e mans, hiperactividade, estereotipias).

• Na regulación da conduta. (Esta é unha das necesidades de primeira orde xa que precísase fomentar as habilidades implicadas na interacción cos iguais e cos adultos, tolerando as situacións novedosas, calmando as rabechas…

## 3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO

No centro está escolarizado alumnado correspondente ás etapas de Educación Infantil e Primaria. Atende, polo tanto, a nenos de idades comprendidas entre os tres e os doce anos. Conta con seis unidades mixtas de Educación Infantil ás que acoden rapaces de tres, catro e cinco anos. Este curso, o noso centro é de liña dous, (A e B) para os niveis de 1º, 3º, 5º e 6º de Primaria, e de liña tres, para 2º e 4º. Dase esta circunstancia, tras os dous desdobres realizados este curso ante o elevado número de alumnos/as.

Ademais das aulas adicadas a titorías, pódense citar outras dependencias aproveitables e funcionáis como son: dous patios exteriores, un para infantil e outro para primaria, un patio cuberto, un pavillón, biblioteca e comedor. Non se dispoñen na actualidade de aulas específicas para as materias de relixión, música, inglés, etc… Xa que as distintas aulas que anteriormente estaban destinadas a este uso, tiveron que ser reconvertidas en aulas de clase para atender aos desdobres realizados.

Como dependencias específicas para a atención do alumnado NEAE, cóntanse na actualidade cun despacho ocupado pola xefatura do departamento de orientación, un aula de pedagoxía terapéutica, aula específica e dúas aulas de audición e linguaxe.

Como se pode observar, unha das necesidades máis acuciantes do centro, é a falta de espazo, xa que, ao longo dos anos, tívose que reaxustar para atender á demanda de novo alumnado na zona.

Estamos a expensas de realizar unha ampliación do colexio sumando ao noso centro o edificio anexo, antiga comisaria de policía, pero así e todo, sabemos que non será unha tarefa fácil e que conlevará tempo. Cabe comprender que éste deberá ser adaptado ás características e rasgos propios dun centro educativo.

En relación ao profesorado que acode ao centro, cóntase na actualidade con vinte titores/as, dous apoios en infantil, tres especialistas de inglés, dous especialistas de educación física, unha de música, dous de relixión católica e evanxélica, catro PT, dúas AL, unha orientadora e tres coidadoras a xornada completa e unha que só acode ó colexio mércores, xoves e venres. A maiores contamos cun auxiliar administrativo, un conserxe e o persoal de limpieza.

## 4. AULA ESPECÍFICA

A aula está situada no edificio anexo adicado a EI. Trátase dun andar baixo moi preto do baño dos alumnos. É bastante acolledora. Ten forma cadrada e a súa disposición é a seguinte: Conta con tres grandes ventanais con vistas ó patio de recreo por onde entra moita luz durante toda a xornada. Xusto no centro están colocada unha gran mesa onde traballan os alumnos. A mestra séntase con eles para axudalos en todo momento e para poder atender a máis de un alumno ó mesmo tempo. Na parte esquerda están colocados os ordenadores. Na parte dereita hai varias estanterías onde se gardan as carpetas co material de cada alumno, unha pizarra dixital dúas viledas e un recuncho amoblado con colchonetas e coxíns e un gran espello.

Nas paredes está colocado o horario da aula de apoio e as normas de convivencia para que os alumnos as teñan presentes en todo momento xa que é vital acadar un ambiente tranquilo para chegar a alcanzar un bo clima de traballo.

No presente curso académico atópanse matriculados na Unidade Específica de Educación Especial, no sucesivo, AE, catro alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Tres deles, manifestan rasgos compatibles co Trastorno do Espectro Autista, TEA e o cuarto, presenta PCI, Parálise Cerebral Infantil.

Estos alumnos están escolarizados en 2° e 4° de Educación Primaria respectivamente xa que dous deles, repetiron curso. Ata o de agora, cursaron os seus estudios, dentro dos grupos ordinarios desde o inicio da súa escolaridade. Porén, dadas as dificultades que presentaban para poder seguir con normalidade o ritmo das diferentes sesións, pese os apoios recibidos, continúase por segundo ano consecutivo cunha escolarización combinada entre o seu grupo ordinario e a unidade específica no noso Centro, a cal púxose en marcha o pasado curso 2022-23.

Todos os alumnos precisan dunha ACS, xa que o seu nivel de competencia, está moi por debaixo do nivel que cursan. Así traballaranse de xeito transversal obxectivos e contidos propios da etapa de EI e de 1° e 2° de primaria.

- **OBXECTIVOS XERAIS**

Unha vez identificadas as necesidades do entorno, do centro e do alumnado, proponse a consecución dos seguintes obxectivos segundo o establecido pola lexislación actual, é dicir o DECRETO 155/2022, de 15 de septiembre, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.Temos que ter en conta que estos obxectivos serán debidamente adaptados ás necesidades e o nivel do alumnado atendido.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar dacordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar o dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación o identidade sexual, relixión ou creenzas, discapacidad eu outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes síselos e desenvolverse en situacións cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o se funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar aos animais máis próximos o ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demáis, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuicios de calquer tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiás de movilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás e mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

DISTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR ÁREAS E CONTIDOS

ÁREA DE C. SOCIAIS E NATURAIS

Os obxectivos serían:

- Ir adquirindo coñecementos, actitudes e hábitos que permitan comportarse de xeito saudable e equilibrado en relación ao medio e aos demáis.
- Desenvolver hábitos de adecuado intercambio comunicativo en grupo: quendas de palabra, respecto aos demáis…
- Participar e colaborar nos grupos de traballo, aportando ideas e asumindo tarefas concretas e compartidas.
- Utilizar distintas técnicas de expresión.

CONTIDOS

- Elementos básicos do medio físico: o aire e a auga.
- Observación e percepción dalgúns elementos naturais e humanos da contorna.
- A diversidade dos seres vivos.
- As relación entre os seres humanos, as plantas e os animais.
- Saúde e desenvolvemento persoal.
- Aceptación do propio corpo e do dos demáis cos seus límites e posibilidades.
- A respiración como función vital.
- Identificación e descripción dos alimentos diarios necesarios.
- Valoración da hixiene persoal, o descanso, a boa utilización do tempo libre e a atención do propio corpo.
- Identificación das emocións e sentimentos propios.

- A familia. Relacións entre os seus membros.
- Principais tarefas e responsabilidades dos membros da comunidade educativa.
- Conciencia dos dereitos e deberes das persoas no grupo.
- Utilización das normas básicas de intercambio comunicativo en grupo.
- Achegamento ás manifestacións culturais presentes na contorna.
- Unidades de medida (día, semana, mes).
- Desenvolvemento de actitudes conscientes ante problemas medioambientais.
- Reducción, reutilización e reciclaxe de obxectos e sustancias.
- Uso cuidadoso de materiais, substancias e ferramentas.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E GALEGA E LITERATURA

Os obxectivos son:

- Entender o significado de mensaxes e textos orais.
- Adquirir una comprensión lectora que lles permita idenfiicar os elementos fundamentais dun texto sencillo.
- Escribir con claridade e limpeza nos trazos.
- Coñecer e utilizar o vocabulario básico.
- Coñecer e utilizar as normas básicas de ortografía.
- Combinar recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos para interpretar mensaxes con diferentes intencións comunicativas.

CONTIDOS

- Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula.
- Comprensión de textos orais.
- Comprensión de informacións audiovisuais
- Actitude de colaboración e respeto en situación de aprendizaxe.
- Comprensión de textos escritos moi sinxelos.
- Escoita e lectura guiada e autónoma de contos.

- Valoración da autonomía lectora e interese pola lectura.
- Uso dos recursos da biblioteca da aula e do centro.
- Coñecemento das normas ortográficas sinxelas.

MATEMÁTICAS

Os obxectivos son:

- Identificar situacións e problemas sinxelos do entorno.
- Recoñecer as operacións aritméticas básicas.
- Recurrir ás matemáticas para intentar resolver diversos problemas da vida cotiá.
- Aplicar procedementos de clasificación, ordenación e seriación.
- Construir as nocións matemáticas básicas partindo das propias accións do alumno sobre o medio.
- Coñecer e percibir as principais figuras xeométricas e os elementos que os constitúen: círculo, triángulo, cuadrado, rectángulo, esfera, cubo e cilindro.

CONTIDOS

- Números naturais.
- Reconto, medida, ordenación e expresión de cantidades en situacións da vida cotiá.
- Lectura e escritura de números.
- Grafía, nombre e valor da posición de un número de ata tres cifras.
- Utilización dos números ordinais.
- Orde e relación entre os números.
- Operacións.
- Cálculo básico.
- Gusto pola representación ordenada dos cálculos e os seus resultados.
- Medición con instrumentos.
- Medida do tempo. Unidades de medida do tempo.

- Sistema monetario.
- Uso de vocabulario xeométrico.
- Regularidade e simetrías. Interese e curiosidade pola identificación de formas e os seus elementos característicos.

## 6.ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Dado que o alumnado que acode á aula non posúe unha linguaxe oral funcional, é esencial o establecemento dun SAAC, Sistema Alternativo ou Aumentativo da Comunicación. Así nalgúns casos, xa o utilizaron en cursos anteriores, polo que o coñecen e úsano dunha forma natural e funcional tanto dentro, como fóra do colexio. Porén, hai outros casos, nos que debemos facer fincapé na xeneralización do seu uso porque temos que lembrar que a falta de comunicación, é unha das maiores barreiras cara a inclusión.

- Outro principio sobre o que se sustentará o noso labor, é a dotación dun carácter lúdico -da intervención. O xogo é inherente ao neno por natureza e así debemos respectalo no noso quefacer diario.
- Fomento de materiais manipulativos.
- Emprego de recursos sensoriais que non só potencian o acceso á información, senón que ademáis serven como medio para acadar a ansiada calma.
- Estruturación da aula por ambientes ou recunchos: sensorial, psicomotriz, lectoescritor, lóxico-matemático...
- Emprego da metodoloxía TEACCH que impregna a organización física, temporal, sistemas de traballo e organización das tarefas. •Anticipación de todo canto vai ocorrer tanto a curto, como a longo prazo, ca axuda de paneis seceuenciais mediante pictos.
- Ofrecerlle a oportunidade de manipular, experimentar e actuar mediante o emprego de material manipulativo que favoreza e potencie as principais canles de entrada da información.
- Neste punto, considero esencial salientar o emprego de diferentes terapias ou metodoloxías que explotan ó máximo as distintas vías de entrada da información: ouvido, olfato, gusto, tacto e vista. Así, entre elas, podemos citar as que seguen: cromoterapia ( exploración e uso das cores mediante distintas técnicas), aromaterapia

( aceites esenciais, xabóns, flores), mandalas con elementos naturais como follas ou pedras, uso do cuenco tibetano…A base de todas estas metodologías, non é outra que a corrente do mindfulness que pretende fomentar a atención plena ou atención consciente como ponte para a aprendizaxe. Non podemos esquecer que no mundo das NEAE, é fundamental procurar manter un ambiente tranquilo e de confianza onde prime a calma e a exploración do entorno partindo sempre dos centros de interese do neno.

- Aprendizaxe sen erros: evítanse experiencias negativas que xeneran sentimentos de impotencia ou fracaso. Debe camiñarse cara proporcionar tódalas axudas posibles que se irán retirando pouco a pouco.
- Secuenciación da tarefa por fases de distinto grao de dificultade.
- Eliminación de estímulos que poidieran distorsionar o propósito da tarefa.
- Ensinanza directa: Nuestras ordes serán concretas e secuenciadas.
- Axudas visuais: será imprescindible o apoio en imaxes para facilitar a comprensión ( fotos, pictos, vídeos…)

Uso dunha axenda escrita que favoreza a comunicación ca familia.

## 7. RECURSOS MATERIAIS

Os diferentes recursos cos que contamos na actualidade, para facer fronte ás distintas necesidades educativas deste alumnado, así como doutros nenos con necesidades educativas, escolarizados no centro, son os seguintes:

- Facilitadores do acceso e a mobilidade en aras de garantir a mobilidade do alumnado, especialmente do neno con PCI que precisa de cadeira de rodas e doutro neno que este curso académico acode en cadeira de rodas polas súas dificultades na marcha.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas horizontais, de acceso ao patio ximnasio…
- Eliminación de barreiras arquitectónicas verticais, isto supuxo a necesidade de ubicar esta unidade específica no edificio anexo ao centro normalmente destinado á etapa de educación infantil, xa que deste modo non é preciso empregar escaleiras.

- Facilitadores de permanencia do alumno dentro da aula: así a aula foi dotada de mobiliario específico para alumnos con mobilidade reducida como mesas, cadeiras, colchonetas, etc…
- Recursos para potenciar a psicomotricidade fina e grosa.
- Recursos para facilitar o aseo e a hixiene: aínda que a aula propiamente dita non dispón de baño, si que se conta a escasos metros dun aseo completamente adaptado.

## 7.1 RECURSOS MATERIAIS DIDÁCTICOS ADAPTADOS ÁS SÚAS NECESIDADES

Empregaránse materiais específicos adaptados ás necesidades deste alumnado, a maioría, son de elaboración propia aínda que existe un amplo abano de xogos e recursos para potenciar as distintas áreas do desenvolvemento: cognitiva, comunicativa e lingüística, psicomotriz e socioafectiva.

Para o desenvolvemento adecuado da programación didáctica, ademáis

- dos materiais, convencionais, é necesario o uso de materiais específicos
- pensados para cada alumno en concreto e tendo en conta as súas
- necesidades educativas específicas:
- Para traballar algúns contidos da área de Lingua e de Ciencias Naturais e Sociais utilizaremos os seguintes materiais:
- Libros e contos adaptados para fomentar a lectura e a escritura ademáis
- da comprensión lectora.
- Tarxeta de imaxes.
- Material específico de elaboración propia como letras de corcho ou
- madeira para formar sílabas, palabras…
- Recopilación de material debuxado e plastificado.
- Para o apoio na área de Matemáticas utilizaremos:
- Ábaco xaponés .
- Fichas de dominó xigantes de elaboración propia .
- Reloxo de madeira xigante.

- Dominó de madeira, figuras xeométricas, dados, regletas, cuadrante numéricos, fichas…
- Para traballar a motricidade fina.
- Canicas, fichas do parchís, plastilina, cordóns de cores para ensartar,

  tesoiras, punzón, anillas xeométricas engarzábeis, atazapatos, botóns ensartables, formas para enfiar, parafusos e porcas…
- Programas informáticos:
- La isla de los números. ¡Colección al abordaje! Primer ciclo. Educación
- Primaria. Editorial La Calesa.
- Matemáticas simpáticas. Colección Lola y Fede. Primer ciclo. Educación
- Primaria. Editorial La Calesa.
- El cofre de las palabras. ¡Colección al abordaje! Primer ciclo. Educación
- Primaria. Editorial La Calesa.

### 7.2 RECURSOS PERSOAIS

- Ao fronte desta unidade estarán dúas especialistas en pedagoxía terapéutica. Unha delas, a titular da praza por comisión de servizos para á escolarización preferente do alumnado con necesidades educativas, terá, ademáis das funcións propias como mestra de apoio, funcións cotitoriais. Este curso compatibilizarán ditas funcións con varias sesións de apoio ordinario dentro do centro. Para que isto sexa posible, outra compalñeira de Pedagoxía Terapéutica impartirá docencia de xeito combinado na UEE.
- Por outra banda, o centro conta co servizo de catro coidadoras que compatibilizan as súas funcións dentro da aula específica, ca atención doutros alumnos/as escolarizados en outros niveis.
- Departamento de orientación: formado por una orientadora, catro especialistas en pedagoxía terapéutica, una das cales rexenta a aula específica, e dúas especialistas de audición e linguaxe.
- Servizos externos ao centro: Equipo de Orientación Específico (EOE).

- Un dos aspectos máis importantes desta programación é a definición dos aspectos organizativos: a xornada escolar para estos alumnos extenderase desde as nove da mañá ata as dúas da tarde, horario establecido sen distinción para todo o centro educativo. Así ao longo da xornada, os menos alternarán as horas de permanencia na aula específica, cas sesión ás que acudan na súa aula de referencia. É dicir, sesións impartidas polos distintos especialistas como música, educación física, educación en valores, inglés…
- Ademáis, considero importante salientar neste punto que promoverase a inclusión todo o que sexa posible. Así sempre que o grupo clase realice calquera tipo de actividade extraordinaria de carácter lúdico como poden ser actividades extraescolares, excursións, saídas, conmemoracións de días especiais… procuraremos que o noso alumnado participe activamente de todas e cada unha desas actividades. Así, outra das medidas a tomar a favor da inclusión, é que os nenos compartan a merenda co resto do grupo clase e posteriormente saían xuntos/as ao patio. Deste xeito, foméntase a convivencia entre tódolos nenos do centro.
- Por outro lado, non nos podemos esquecer, que seguirán recibindo apoio das especialistas en audición e linguaxe no horario establecido polo departamento de orientación do centro.
- Dentro da AE, levarase a cabo un traballo o máis individualizado posible respectando en todo momento as características e particularidades individuais do noso alumnado, fomentando a participación activa no seu proceso de ensino-aprendizaxe e garantindo un acceso libre a distintos tipos de recursos.
- Un aspecto a salientar neste punto é a necesidade de establecer unha estreita colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa, pais, nais e diferentes profesionais implicados na intervención xa sexan internos ou externos ao centro.

7.3 RECURSOS ORGANIZATIVOS

Cómpre salientar neste punto que nada do falado ata o de agora será posible se non existe una estreita colaboración con tódolos membros da comunidade educativa. É dicir, titoras dos grupos de referencia, especialistas, mestras de audición e linguaxe, orientadora e

familias. Ademáis, sempre que sexa preciso buscarase a coordinación con profesionais externos do ámbito educativo, terapéutico, social ou sanitario.

### 7.4 TEMPORALIZACIÓN

Esta programación está diseñada para o curso 2023/2024. O centro imparte docencia lectiva de 9:00 a 14:00 de luns a venres. Así, a continuación podemos ver os horarios dos catro nenos atendidos por dúas maestras de PT, seguindo as directrices da Sra. Directora.

Alumno 1, escolarizado en 2º A:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:55 | AE | EF | AE | AL | AL |
| 9:50-10:50 | AE | RELIXIÓN | AE | AL | AE |
| 10:50-11:50 | RELIXIÓN | AL | EF | AE | EF |
| 11:55-12:20 | RECREO | | | | |
| 12:20-13:10 | AE | FISIOTERAPIA | AE | INGLÉS | AE |
| 13:10-14:00 | AE | AE | AE | MÚSICA | AE |

Alumno de 2ºC:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:55 | AE | EF | AE | AE | AE |
| 9:55-10:50 | AE | RELIXIÓN | AE | AL | EF |
| 10:50-11:50 | AE | AE | INGLÉS | MÚSICA | AE |
| 11:50-12.20 | RECREO | | | | |
| 12:20-13:10 | INGLÉS | AL | FISIOTERAPIA | AE | AE |
| 13:10-14:00 | AE | PLÁSTICA | FISIOTERAPIA | AE | AE |

Alumno de 4ºB:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:50 | INGLÉS | AL | AE | AE | EF |
| 9:50-10:40 | AE | AE | EF | AL | AE |
| 10:40-11:30 | AE | AE | RELIXIÓN | INGLÉS | AL |
| 11:30-11:55 | 1º RECREO | | | | |
| 12:20-13:10 | AE | MÚSICA | AE | PLÁSTICA | AE |
| 13:10-14:00 | AL | INGLÉS | AE | AE | AE |

Alumno de 4ºA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00-9:50 | EF | AE | INGLÉS | MÚSICA | AE |
| 9:50-10:40 | AL | PLÁSTICA | AL | EDUCACIÓN EN VALORES | AE |
| 10:40-11:50 | AE | AE | EF | AL | AE |
| 11:50-12:20 | 1º RECREO | | | | |
| 12:20-13:10 | INGLÉS | AE | CC.SS. | INGLÉS | CC.NN. |
| 13:10-14:00 | AE | CC.SS. | CC.SS | AE | CC.NN |

## 8. AVALIACIÓN

Enténdese a avaliación como un proceso sistemático de recollida, análise e valoración da información de todos os elementos que interveñen no proceso de ensinanza e aprendizaxe, coa finalidade de orientar a posterior toma de decisións.

Partimos dun modelo de avaliación que cumpre as seguintes características:

● Integral: É dicir, toma en consideración todas as áreas de desenvolvemento e facetas da persoa.

● Continua: Dise de aquela que se leva a cabo en diferentes momentos da aprendizaxe.

● Reguladora: Guía a toma de decisións e permítenos axustar a resposta educativa ás necesidades e características do alumno.

● Participativa: Posibilita a intervención dos diferentes axentes que interveñen no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

● Sistemática: organízase e desenvólvese en etapas debidamente planificadas, nas que se formulan previamente as aprendizaxes a avaliar e utilízanse técnicas e instrumentos para obter información pertinente e relevante.

Ademais serán obxecto da avaliación todos os elementos que interveñan no proceso de ensinanza e aprendizaxe: alumnos, recursos, tempos, espazos, metodoloxías…Facendo especial fincapé, na propia práctica docente que será analizada utilizando estratexias de avaliación autónoma e heterónoma, sempre dende unha perspectiva crítica e formativa.

### 8.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar a consecución ou non dos obxectivos establecidos, utilizaranse os seguintes instrumentos de recollida, análise e valoración da información:

● Observación directa: A observación directa, continuada e sistemática, é un procedemento cun gran valor didáctico. Permítenos recoller a información do entorno espontáneo e natural no que se produce o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Knapp (1965) define a observación como un conxunto de rexistros de incidentes de comportamento que teñen lugar no curso normal dos acontecementos e que son destacados como significativos para describir modelos de desenvolvemento. Se nos circunscribimos o mundo escolar; a observación é unha técnica moi adecuada para obter información acerca dos alumnos e dos profesores respecto aos
seus comportamentos habituais ou non, interaccións, actividades, participacións…

● Análise das producións dos alumnos: As tarefas de clase, os traballos, e incluso as exames, son materiais de unha gran validez avaliativa, xa que nos permite realizar un seguemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos e reaxustar aqueles aspectos da intervención que necesitan ser modificados.

● Diario de clase: É un instrumento de recollida sistemática e detallada da información que nos permite rexistrar diariamente o grao de adquisición dos obxectivos previamente establecidos para cada alumno.

● Entrevista: É a técnica de avaliación de carácter cualitativo por excelencia. Permítenos recopilar unha gran cantidade de información sobre diferentes axentes da comunidade educativa: alumnos, profesores, pais… As entrevistas semiestructuradas, como é o caso, teñen a vantaxe de que á vez que guía o discurso permitíndonos extraer información sobre aspectos relevantes para a práctica docente, da a liberdade ó interlocutor de expresarse con normalidade
dentro dun ambiente distendido e de confianza.

Esta avaliación non só terá como obxecto ó alumno, senón tamén os materiais, ó programa, secuenciación de obxectivos e contidos, metodoloxías, estratexias de intervención e a nosa función docente. Para isto, é esencial recaudar e rexistrar toda esta información de forma periódico ao longo do curso.

**8.2 COMPETENCIAS CHAVE**

Con esta programación preténdese contribuir á adquisición e desenvolvemento das competencias chave, a través do desenvolvemento global da mesma, e a través das actividades individualizadas de cada alumno. Estas actividades están pensadas con tal fin.

- <u>Competencia en comunicación lingüística</u>: desenvólvese a nivel oral e escrito e relaciónase con actividades da vida cotiá. Trátase de potenciar a comunicación

lingüística e favorecer a súa funcionalidade e importancia para desenvolver as demáis competencias.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: mediante o análise e interpretación de datos que se leva a cabo nas unidades didácticas, relacionándoos con situacions da vida cotiá. Hai que comprender a importancia que tén a adquisición de esta competencia para determinadas actividades cotiás.
- Competencia dixital: a través das actividades que se realizan nas unidades, e polo medio da metodoloxía aplicada, contribúese a mellorar os seus niveles de atención e concentración, o que lles axudará na adquisición de esta competencia. Así mesmo, uso dos recursos informáticos e audiovisuais fomenta o traballo autónomo e permite desenvolver a competencia dixital.
- Competencia social e cívica: fomentarase a través do traballo destinado á adquisición e xeneralización das habilidades sociais e o emprego d estratexias metodolóxicas basadas na interacción social e na participación nos traballos grupais.
- Competencia para aprender a aprender: esta competencia, relaciónase ca capacidade de transferir o aprendido a outras áreas curriculares ou da vida cotía. Así, o emprego de estratexias metodolóxicas como o uso de axendas, marcadores visuais, a anticipación… permitiralles desenvolvela con máis facilidade.
- Competencia para o sentido da iniciativa e espírito emprendedor: un dos obxectivos fundamentais que nos propoñemos é que o alumnado sexa máis autónomo e teña máis iniciativa persoal para relacionarse cos demáis e establecer intercambios sociais. Porén, e para desenvolver esta competencia, traballamos de maneira autónoma e mediante a toma de decisións de forma gradual e progresiva.
- Competencia conciencia e expresións culturais: favorecerase relacionando as aprendizaxes, na medida do posible, con aspectos relativos á cultura local (costumes, folclore, festexos, historia, literatura, xeografía, realidade social…), así como mediante a participación nas actividades do centro que nos leven a tal fin.

## 8. TEMAS TRANSVERSAIS

Ca finalidade de conectar as actividades incluidas na programación co entorno social e cultural no que está inserto o centro, nas diferentes unidades didácticas traballaranse temas

de: Educación para a saúde, habilidades sociais e cultura local. Estos temas transversais desenvolveranse ao longo de todo o curso escolar, a partir da realización de diversas actividades, tanto na aula específica como en integración con outras clases e alumnos do colexio.

## 9. ACTIVIDADES

Como xa dixemos anteriormente, o espazo está estruturado en recunchos ou ambientes. Estos son: lectoescritura, matemáticas, sensorial e psicomotriz. Esta circunstancia non é casual, xa que coincide cas competencias educativas básicas a traballar. Deste modo as principais actividades que realizaremos pretenden potenciar: a adquisición das habilidades instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo), fomentar a comunicación xa sexa de forma oral ou a través dun sistema alternativo, explorar as distintas canles de entrada da información (vista, ouvido, olfato tacto e gusto), despertar o gusto pola lectura, adquirir una imaxe corporal axustada á realidade, potenciar as relacións socioafectivas entre os iguais, potenciar o xogo simbólico, favorecer o uso das novas tecnoloxías (tablet, ordenador portátil, pizarra dixital…).

A xornada estará organizada a través da seguinte rutina: chegada ao centro, acollida, asamblea, traballo, tempo de lecer co uso de reforzadores pactados entre a mestra e os nenos, merenda, recreo, hora do conto, asistencia ás especialidades respectivas de cada caso, recollida do material e peche da xornada.

Algunhas das actividades que levaremos a cabo serán: lectura de contos, xogos de mesa, xogo con material sensorial (botellas, área pau de chuvia, tambor de mar…), uso das regletas, escritura de palabras con letras imantadas ou de madeira, secuenciación de imaxes para contar unha historia, xogos de lóxica ou de memoria, invención de historias ou contos, realización de puzles, torres ou outro tipo de construccións, uso de material TIC…

## 10. BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS WEB

- ALONSO, J. (1995); Motivación y aprendizaje en el aula: cómo enseñar a pensar. Madrid: Ed. Aula XXI

- ARNÁIZ SÁNCHEZ, P. (2003). “Educación inclusiva: una escuela para todos”. Archidona (Málaga): Aljibe.

- DEL CARMEN MARTÍN, M. (2000) Materiales curriculares para niños de tres a seis años. Sevilla: Ed. MAD

- GAIRÍN SALLÁN, J. (2002). "Una escuela para todos: un reto social y educativo". En:Perspectiva CEP. Sevilla., no 4; p. 7-29.

- GARCÍA, J.N. (1997): Manual de dificultades de aprendizaje. Lenguaje, lectoescritura y matemáticas. Madrid: Ed. NARCEA

- GARRIDO LANDÍVAR, J.; SANTANA HERNÁNDEZ, R. (1999): Cómo elaborar adaptaciones curriculares de centro, de aula e individuales. Madrid: Ed. CEPE

- LUCEÑO CAMPOS, J.L. (1994): Las dificultades lectoescritoras en el aula. Sevilla: INATED.

- MORA ROCHE, J. Y AGUILERA JIMÉNEZ, A. (coord.). (2000). "Dificultades en el aprendizaje del lenguaje, de las matemáticas y en la socialización". Sevilla: Kronos.,

- SABEH, ELIANA NOEMÍ. (2002) "El autoconcepto en niños con necesidades educativas especiales". En: Revista española de pedagogía. Madrid., no 223; p. 559-572.

- http://www.webespecial.com

- http://www.profes.net

- http://www.orientared.com

- http://www.discapnet.es

- http://paidos.rediris.es/needirectorio/

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

**CEIP PLURILINGÜE O GRUPO**

Curso 2023-2024

## 1. FUNDAMENTOS

1.1. A titoría como elemento de función docente, primeiro nivel de orientación.

Dentro dun plantexamento educativo integral e individualizador, a titoría é entendida como "unha acción de axuda ou orientación persoal, escolar e profesional que o mestre/titor/a, en coordinación co resto de profesores/as, realiza cos seus alumnos/as a nivel individual e grupal, ao tempo que exerce a súa función docente". A labor titorial abarca aspectos orientativos do alumnado, a promoción escolar, o seu desenvolvemento integral como persoa e cidadán activo dunha sociedade democrática, a relación coa familia e o seu contexto social e escolar.

O obxectivo da acción titorial é o de optimizar o rendemento do ensino a través dunha axuda axeitada ao alumno/a, constituíndo, así, un elemento inherente da actividade docente no marco dun concepto integral do ensino.

1.2. Características da acción titorial.

- A titoría e a orientación como parte inherente á función docente.
- É un proceso continuo.
- Debe coordinar ás distintas persoas e institucións que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Debe atender ás peculiaridades do alumnado.

1.3. Funcións do titor.

Tal como se recolle no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, no artigo 17 especifica que "a acción titorial orientará o proceso educativo e colectivo do alumnado (…) coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas (…) e manterá unha relación permanente coa familia, atendendo á conciliación profesional e familiar".

Dacordo a lexislación vixente, podemos mencionar as seguintes funcións do/a titor/a:

- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa

de estudos.

- A dirección e orientación da súa aprendizaxe, e o apoio no proceso educativo.
- Facer un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades educativas, co obxecto de buscar respostas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar a intervención educativa do conxunto do profesorado.
- Facilitar a cooperación educativa entre profesores e as familias do alumnado.
- Informar ás familias de maneira periódica sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo. Ao comezo de curso, proporcionar, a alumnos/as e familias, información documental referente a calendario escolar, horarios, horas de titorías, actividades extraescolares e complementarias previstas e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais do alumno/a, e aqueles aspectos da situación familiar e escolar susceptibles de repercutir no rendemento académico do alumno/a.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as, adoptando as decisións que procedan na súa promoción, e informando do mesmo aos pais/nais/titores legais.
- A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos/as, en colaboración co departamento de orientación do centro e/ou outros servizos.
- A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- Facilitar a integración do alumnado no centro e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Fomentar a colaboración da familia nas actividades de apoio á aprendizaxe e a orientación dos seus fillos/as.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS

Tendo en conta as finalidades e características da titoría, así como as funcións titoriais fixadas pola lexislación, os obxectivos xerais poderían sintetizarse nos seguintes :

2.1. Coñecer as características do alumnado, o seguimento, rexistro e información sobre o seu proceso educativo.

2.2. Atender e apoiar as dificultades e necesidades educativas que afecten ao desenvolvemento integral do alumno/a de maneira coordinada entre os diferentes mestres/as que atenden ao alumno/a.

2.3. Favorecer a integración educativa do alumnado, especialmente dos recén incorporados ao centro e do alumnado procedente do estranxeiro (Plan de Acollida).

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

2.4. Fomentar a adquisición de habilidades, métodos de estudo e estratexias de aprendizaxe que orienten ao alumno/a no seu propio proceso de aprendizaxe dunha maneira autónoma,de maneira que se garanta o desenvolvemento integral do alumnado, a nivel académico, cognitivo, afectivo, social, e moral.

**3. ACTIVIDADES**

3.1. Co grupo de alumnos/as :

- Recepción de alumnos/as (programa de adaptación cos novos), información sobre obxectivos da titoría.
- Recollida de información (revisión do seu expediente académico, informes psicopedagóxicos previos…).
- Actividades para coñecer o nivel inicial de competencia curricular e estilo de aprendizaxe.
- Estratexias para desenvolver a autoestima, o autoconcepto e as relacións sociais.
- Debate sobre as normas do NOF, deseñando unhas pautas claras e consensuadas no grupo-clase.
- Estratexias para aprender a aprender, autocontrol, etc.
- Outras técnicas de estudo: subliñado, esquema, resumo, ...
- Educación en valores, habilidades sociais...

3.2. Co alumno/a individualmente (en maior ou menor medida, en función do ciclo de que se trate):

- Revisión do historial académico (expediente), recollida de información sobre o contexto socioeconómico e familiar do alumno/a.
- Manter información actualizada sobre: aptitudes, personalidade, intereses, actitudes, hábitos de traballo, rendemento académico....
- Valorar as necesidades educativas de cada alumno/a e coordinar as diversas actuacións para o seu tratamento, colaborando co DO na avaliación psicopedagóxica, de ser o caso.
- Posta en marcha de programas de RE e/ou AC (coa colaboración doutros profesores do/a alumno/a e mestres de PT /AL, orientadora…)
- Asesorar ao alumno/a en técnicas de traballo intelectual, e na elección e realización de actividades extraescolares e de lecer, especialmente as desenvolvidas no centro.
- Actualizar e custodiar a documentación académica de cada alumno/a.

3.3. Con pais/nais en grupo:

- Reunións conxuntas:
  - Primeira reunión : A comezo de curso (información sobre liñas xerais do centro, normas de convivencia, etc).
  - Segunda reunión : No medio do curso (analizar a evolución da clase).
  - Terceira reunión : Final de curso (valoración global do curso).
  - Outras reunións cando se considere necesario.

3.4. Con cada pai/nai individualmente :

- Entrevista persoal.
- Carta, nota, informe,...
- Cualificacións, circulares, ....

3.5. Cos outros titores:

- Xuntanzas de coordinación
- Reunión co titor/a dos alumnos do ciclo anterior.

3.6. Cos outros profesores do grupo:

- Coa colaboración dos profesores do alumno/a, mestras de PT, AL e orientador:
  - Establecemento de pautas de intervención na atención á diversidade. Apoios.
  - Elaboración de programas de RE e/ou AC.
  - Avaliación das medidas adoptadas (atención á diversidade).
  - Realización do informe individualizado sobre as medidas adoptadas ao final de cada curso.
  - Establecemento de criterios de promoción.
  - Decisións sobre promoción ou flexibilización da escolaridade, no seu caso.
  - Actuacións que aseguren a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións e na práctica docente, en especial no relativo a:
    - Contidos e obxectivos didácticos.
    - Procesos de avaliación.
    - Aspectos metodolóxicos.
    - Incorporación de temas transversais, etc.

3.7. Co Dpto. de Orientación :

- Reunións para análise e comentario do grupo-clase (metodoloxía, estratexias, etc), alumno/a individual, e toma de decisións sobre alumnos/as con n.e.a.e.

## 4. METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

4.1. Co alumnado

- En Primaria, a normativa non contempla un horario específico para o desenvolvemento de actividades titoriais en grupo.
- Tendo en conta isto, a acción titorial débese integrar nas distintas áreas curriculares, coas variacións que se consideren necesarias en función do interese, implicación, nivel de satisfacción e resultados prácticos que o propio grupo fose observando.
- A sesión ou sesións iniciais de actividades grupais sobre estratexias para mellorar a convivencia, resolución de conflictos, técnicas de estudo, ou outras, podería contar coa colaboración da orientadora, se os titores e o departamento de orientación o consideran necesario.
- O espazo para a realización destas actividades grupais normalmente será a aula, aínda que poderán desenvolverse fóra da mesma sempre que o esixan as necesidades do grupo ou a actividade concreta.

4.2. Cos pais/nais:

- Atención individualizada ás familias nos tempos establecidos para ese fin. O horario deberá ser comunicado ás familias ao principio de curso. Establecerase na PXA (os martes, de 17,00 h a 18,00 h.). A iniciativa da entrevista poderá partir tanto da familia como do propio titor/a.
- O titor/a reunirase co grupo de pais/nais ao principio, e sempre que o considere necesario.
- Estes contactos tratarían de potenciar estratexias de actuación conxunta cos alumnos/fillos: estimular a motivación e o interese; construír un autoconcepto e unha autoestima axeitada; adquirir hábitos de hixiene e autonomía; desenvolver a motricidade e a linguaxe; facilitar as relacións interpersoais; adquirir e afianzar hábitos de traballo/estudo; etc

4.3. Co profesorado :

- O titor/a coordinará de forma continuada ao resto do equipo docente do seu curso, para poder realizar un seguimento dos alumnos/as do seu grupo. Utilizará as reunións, fichas, etc, establecidas para o caso.
- Ademais, nas reunións de nivel, estarán presentes os membros do Dpto de Orientación implicados (apoios, PT, AL, Orientadora) para asesorar na coordinación da programación, reelaboración de materiais no seu caso, adaptación da programación á realidade dos alumnos/as, seguimento de casos con n.e.a.e. , etc.

## 5. RECURSOS

Material específico de titorías, fichas elaboradas ao efecto para as distintas actividades, escalas de observación, guións de entrevistas, cuestionarios, proxector, vídeo, ordenador, etc

## 6. ACTIVIDADES SEGUNDO OBXECTIVOS. TEMPORALIZACIÓN.

**Obxectivo 1 : Exploración inicial dos alumnos/as e seguimento do seu proceso escolar.**

| Actividades | Temporalización |
|---|---|
| * Reunión co titor/a dos alumnos/as do curso/ciclo anterior (programa de adaptación cos novos).<br>* Análise e estudo da documentación no expediente do alumno/a.<br>* Entrevista individual cos pais/nais para contrastar datos, en caso necesario.<br>* Recoller datos relevantes do alumno/a e doutras institucións, se é o caso (coa colaboración do Dpto. de O.), con especial atención ao alumnado procedente do estranxeiro segundo o establecido no Plan de Acollida.<br>* Aplicación de actividades para coñecer o nivel inicial de competencia curricular e o estilo de aprendizaxe. En colaboración con Dpto. de Orientación e seguindo o Plan de Acollida, actividades específicas no caso do alumnado procedente do estranxeiro.<br>* Aplicación de técnicas diversas para coñecer as relacións sociais no grupo-clase, o autoconcepto e a autoestima.<br>* Reunión en grupo con pais/nais para informar de diversos aspectos (liñas xerais...)<br>............................................................................................................ | 1º TRIMESTRE<br><br>.............................. |

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS: 881866355-881866338 FAX: 881866337 CORREO: ceip.grupo.ribeira@edu.xunta.es
WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipogruporibeira

| | |
|---|---|
| *Reunión en grupo con pais/nais para informar de aspectos diversos(análise da evolución da clase e valoración global do curso).<br>........................................................................................................ | 2º/3º TRIMESTRE(e cando se considere necesario)<br>............................ |
| *Observación das tarefas diarias.<br>* Sesións de avaliación (o titor/a cos mestres do grupo-clase e orientadora).<br>* Entrevista cos pais se fose necesario (os martes , na hora reservada para tal fin, ou noutro día se así o concertan as partes).<br>* Reunión do titor/a co Dpto. de Orientación para análise e comentario do grupo-clase e toma de decisións.<br>....................................................................................................... | Ao longo de cada trimestre.<br>............................. |
| * Cubrir boletíns informativos para as familias e informar persoalmente, se é o caso.<br>........................................................................................................ | Ao final de cada trimestre<br>............................ |
| * Facer informe final de curso ou etapa, tendo en conta o seguimento realizado.<br>* Cubrir historial académico, expediente e outros documentos psicopedagóxicos e administrativos. | Ao final de ciclo ou etapa. |

**Obxectivo 2 : Avaliación/apoio das necesidades educativas do alumnado.**

| Actividades | Temporalización |
|---|---|
| ***** Establecemento de pautas de intervención na atención á diversidade. Apoios. Posibilidade de establecer medidas de tipo organizativo: Grupos de Adquisición das Linguas ou Grupos de Adaptación da Competencia Curricular (Orde de 08/09/21) no caso de alumnos/as procedentes do estranxeiro.<br>*Coordinación con outras institucións involucradas na atención educativa do alumno/a (CHUS, SAT, Servizos Sociais de Ribeira, Gabinetes psicopedagóxicos privados…) | 1º Trimestre<br>(Ou cando se requira) |
| ................................................................................................ | ............................ |
| ***** Estudo das dificultades de aprendizaxe de cada alumno/a a través da exploración inicial, coa colaboración do Dpto. de O. na avaliación psicopedagóxica.<br>* Establecemento de criterios de promoción. | 1º e 2º trimestre, principalmente |
| ............................................................................................. | ............................ |
| ***** Elaboración de programas de Reforzo Educativo e Adaptacións Curriculares, coa colaboración da xefa de estudos, orientadora, mestres/as do neno/a e mestres/as de PT e AL. | 1º e 2º trimestre. |
| ............................................................................................... | ............................. |
| * Posta en marcha dos programas de reforzo educativo e adaptación curricular (titor/a, profesores do alumno/a e mestres/as de PT e AL). | Todo o curso |
| ............................................................................................... | ............................. |
| *****Avaliación das medidas de atención á diversidade (titor/a, mestres/as de alumnos/as, mestres/as de PT/AL e Orientadora) | A mediados de cada trimestre. |
| ............................................................................................... | ............................. |
| *Realización do informe individualizado das medidas adoptadas ao finalizar cada curso, coa colaboracióndos mestres/as do alumno/a, mestres/as de PT/AL e orientadora. Decisión de promoción ao curso seguinte ou posibilidade de flexibilización da escolaridade. | Xuño |

**Obxectivo 3 : Integración educativa dos alumnos/as novos ou de incorporación tardía ao sistema educativo.**

| Actividades | Temporalización |
|---|---|
| <u>Alumnos/as novos de 3 anos :</u> | |
| * Recoller datos sobre os novos alumnos/as a partir da solicitude de matrícula. | Abril/Maio |
| | ............................. |
| * Reunión en grupo con pais/nais para informar sobre o período de adaptación, normas e funcionamento do centro e da clase, visita ao colexio, e consellos sobre hábitos de hixiene, alimentación, autonomía, xogos,... <br> * Distribución dos novos alumnos/as nas aulas de E.I. de 3 anos. | Xuño |
| | ............................. |
| * Reunión de cada titor/a cos pais do seu grupo de alumnos/as para clarificar aspectos do período de adaptación de 3 anos (entrada escalonada, horario, material,...) <br> * Recoller información nunha entrevista-cuestionario inicial cuberta polos pais/nais. | Setembro |
| | ............................. |
| <u>Alumnos/as de nova incorporación ou procedentes do estranxeiro:</u> <br> * Revisión do expediente e recollida de máis información se fose necesario (pais, outras institucións, centro anterior,...) <br> * Decisión do grupo máis axeitado para a incorporación do alumno/a. <br> * Detección de necesidades específicas en canto á lingua de comunicación, se é o caso, para tomar as correspondentes medidas de apoio, co asesoramento do D.O. <br> No caso de alumnos/as procedentes do estranxeiro, aterémonos ao Plan de Acollida, establecido ao efecto. | Cando sexa necesario. |
| ........................................................................................................ | ............................. |
| * Actividades de dinámica de grupos para que os alumnos/as novos se coñezan entre si e ao titor/a, as dependencias do centro, xeito de funcionar,... <br> * Debate sobre as normas do centro do NOF, deseñando unhas pautas | 1º Trimestre |

| | |
|---|---|
| claras e consensuadas no grupo-clase.<br>* Distribución de tarefas entre os alumnos/as da clase para conseguir un ambiente de participación e autonomía. | |

**Obxectivo 4 : Fomentar a adquisición de habilidades, métodos de estudo e estratexias de aprendizaxe.**

| Actividades | Temporalización |
|---|---|
| * Seleccionar as propostas en cada nivel entre o equipo de titores/as, asesorados polo Dpto. de O.<br>.......................................................................................................... | Setembro e Outubro<br>............................. |
| * Consensuar cos mestres/as de cada nivel o programa de actuación para desenvolver estas habilidades, mediante unha aplicación sistemática dentro da actividade docente ordinaria. Especial atención á comprensión lectora, técnicas de estudo, habilidades sociais, programas preventivos para evitar a violencia e mellora da convivencia, programas de control condutual, etc.<br>* Asesoramento aos titores/as a través do Dpto. de O. con seguimento do proceso e avaliación da efectividade dos programas.<br>* Actividades para potenciar a participación: asamblea, xogos, traballos en grupo, proxectos... Traballo cooperativo.<br>* Actividades, contos para traballar o autoconcepto e mellora da autoestima. Aplicación de escalas de observación persoal.<br>.................................................................................................. | Durante todo o curso.<br>……………….. |
| *Programa de tránsito a secundaria, a cargo da orientadora, co alumnado de 6º de Educación Primaria | Meses de maio/xuño |

## 7.- AVALIACIÓN

- A avaliación global do PAT realizarase a partir de :
    - A síntese de todos os datos de avaliación recollidos ao longo do curso.
    - A avaliación explícita de todos os aspectos do PAT.
- Esta avaliación global do PAT realizarase anualmente, tendo en conta :
    - As necesidades que vaian xurdindo.
    - As expectativas do equipo de profesores.

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
Tfnos : 881866335-881866338 Fax:881866337http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgrupori

- As necesidades dos alumnos/as ligadas ao contexto e ás súas situacións persoais.
- A revisión das actas das reunións efectuadas durante o curso.

- O PAT será aberto e flexible para acoller os distintos cambios que se produzan. Cada ano, analizarase a súa adecuación ou non ao conxunto de decisións do centro.

- Ao final de curso pasarase unha enquisa entre o profesorado coa finalidade de valorar o grao de consecución dos obxectivos, e realizar propostas de mellora.

- A través de todos estes datos tratarase de formular un novo PAT adaptado á realidade de todos os sectores da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

1949

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo

**CURSO 2023-24**

# ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN
2. ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO
3. DECISIÓNS AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS CURRICULARES
4. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA
6. MEDIDAS PARA IMPARTIR UN CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS
7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS
8. CONCRECIÓN DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO
9. ADDENDA ANUAL DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

# 1. INTRODUCIÓN.

O Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe O Grupo é un centro público pertencente ao ámbito urbano. Está situado no centro da vila pesqueira de Ribeira, na península do Barbanza (A Coruña).

Ribeira é un dos concellos punteiros da comarca da Barbanza e de Galiza. O municipio ten 69 quilómetros cadrados e pola súa situación xeográfica conta cunha actividade e unha economía intimamente ligada ao mar, sendo o seu porto un dos máis importantes da UE, a isto súmanse unhas altas expectativas de cara o incremento do turismo. A poboación ascende a máis de 27.000 persoas.

Podemos **esquematizar as características do contexto**:

- Situado nun concello rural-urbano, cuxa poboación se dedica nun 35 % ao sector primario, nun 30% ao sector secundario e nun 35% ao sector terciario.
- Nivel de instrución da poboación medio.
- Dinamización cultural en auxe.
- Poboación galego-falante maioritariamente, aínda que se está a producir un proceso de substitución lingüística acelarado nas xeracións máis novas, precisamente as que están a facer ou van cursar estudos universitarios.
- Detéctase certa realidade diglósica, que se ve influída polo desprestixio da variante dialectal (con seseo e gheada).

## 2..ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O **claustro do profesorado** está formado por 37 persoas e como persoal laboral traballan: un conserxe,unha auxiliar administrativa, dúas coidadoras e un auxiliar de conversa estadounidense. O seu nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é suficiente en xeral, mais cumpriría reforzar a súa formación con cursos de actualización normativa e con achegas de bibliografía sobre terminoloxía e sobre planificación lingüística.

Neste ano académico presenta unha matrícula de 427 alumnos/as dos que a súa maioría son castelán falantes, e onde unha pequena porcentaxe é galego falante.
No seguinte cadro mostramos a **distribución do alumnado por cursos**.

| **Alumnado** | **Curso** | **Nº de Alumnos/as** |
|---|---|---|
| Alumnado de E. Infantil | 3 anos | 38 |
| | 4 anos | 38 |
| | 5 anos | 51 |
| **Total EI** | | 112 |
| Alumnado de E. Primaria | 1º | 53 |
| | 2º | 53 |
| | 3º | 46 |
| | 4º | 50 |
| | 5º | 36 |
| | 6º | 54 |
| **Total EP** | | 295 |
| | | |
| **Total alumnado** | | **407** |

**Ambientación lingüística do centro**:

- A lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro, na rotulación, nas notas informativas dos taboleiros, nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións. (notificacións impresas, por correo electrónico, páxina web e no Abalar)
- A dotación de fondos en galego non era suficiente en canto a libros e

revistas. Cumpría pois aumentar a adquisición de materiais editados en CD, DVD, discografía galega e bibliografía en xeral. Polo que, neste senso, na actualidade estamos recibindo a "Revista Galega de Educación" (para docentes) e o centro ademais está subscrito a " O papagaio" (xornal de tirada mensual en galego para todo o alumnado)

- Tamén conta cunha páxina web na que se publica en galego (novas, celebracións, ….) e na que está vertebrada a Aula Virtual, canle de comunicación e traballo moi utilizada polo profesorado e alumnado.
- Tamén conta co blog da biblioteca "Mergúllate nos contos" no que se fai difusión dos recursos, actividades e propostas, dinámicas,… que sen dúbida, a través das visitas recibidas por toda a comunidade educativa contribúe ao fomento do galego.
- A posta en marcha da radio escolar RAdioTOdiño a través de programas, podcasts, … ergueuse como unha salientable canle de dinamización da nosa lingua no centro. Tamén a través do seu blog e do Facebook.
- Ademais o centro está utilizando a plataforma E-Dixgal, na que a maior parte de contidos tamén están en galego.

Desde fai anos vense traballando para que o alumnado acade unha competencia comunicativa en galego empregando este idioma como lingua viva e vehicular no curriculum a máis doutras estratexias que ao final buscan a dignificación da cultura galega. As comunicacións por escrito así coma os documentos rexistros, libros de actas, programacións e todo tipo de documentación oficial que se emite desde o centro faise en galego.

**En canto ao profesorado**, a lingua vehicular de tratamento co alumnado é maioritariamente en galego, aínda que a relación entre profesionais sexa en moitas ocasións en castelán, conlevando o risco dun desaxuste na percepción do alumnado cara nós coma referentes, polo tanto este será un dos focos de atención que teremos como ENDL.

**En canto ao alumnado**, a realidade do noso alumnado é de diglosia; a meirande parte só empregan o galego nas aulas no ámbito curricular, utilizando o castelán nas súas relacións familiares e en conversa cos seus amigos en todas as situacións cotiás. Esta situación debe facernos pensar en artellar medios para que lingua galega cobre máis presenza na

oralidade, tanto no eido escolar coma no familiar. P outra banda, contamos no centro cun número importante de nenos e

nenas que proceden doutros países, especialmente Marrocos e tamén de América do Sur e dos países do Leste. Isto fai que teñan un descoñecemento total do galego e incluso un nivel moi precario do castelán , o que dificulta enormemente a comunicación co alumnado e coas súas respectivas familias.

## 3.DECISIÓNS A RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS CURRICULARES.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

**Artigo 5º.-Educación infantil.**

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
3. Atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.
4. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.

**Artigo 6º.-Educación primaria.**

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nasdúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas,

sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

## -EDUCACIÓN INFANTIL

**Dende o grupo docente de Educación Infantil, manifestase un progresivo uso do galego nas clases dende os 3 anos ata os 5. Superando nos grupos de 5 anos o 50 % requerido.**

## -EDUCACIÓN PRIMARIA

No CEIP Plurilingüe O Grupo impartiranse obrigatoriamente en **galego** as áreas de:
Ciencias Sociais, Ciencias Naturais,Música, Relixión , tal como reflicte o D. 124/07.
Así consta que os libros destas áreas, en todos os niveis son en galego.

En **castelán** impártense Matemáticas, Educación Física.
En **lingua inglesa,** Plástica, pois somos centro plurilingüe.

**Obxectivos que se plantexan para EP**

- Consolidar a competencia plena en lingua galega, garantindo que non se abandone na práctica oral.
- Desenvolver actitudes positivas de cara ao afortalamento do galego como lingua vehicular**.**

# 4. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

-Fomentar e xeralizar o uso da lingua galega no centro educativo, coa participación de todos os membros da comunidade educativa.

-Mellorar os usos cultos do alumnado, potenciando a presenza no ensino da cultura, historia, xeografía, etnografía, lingua, arte e folclore galegos.

-Dignificar a imaxe da lingua galega entre o alumnado e aumentar a súa autoestima lingüística respecto da súa variedade dialectal.

-Ofrecer a toda a comunidade educativa unha imaxe moderna da lingua galega, vinculándoa ás novas tecnoloxías e amosando o seu uso en sectores sociais prestixiados.

-Implicar todos os axentes educativos neste proceso que debe ser liderado polo equipo directivo asesorado e apoiado polo EDLG .

-Valorar a lingua inglesa como instrumento de transmisión e construción de coñecementos e reforzar a súa dimensión comunicativa.

-Abordar o escenario educativo e escolar e contribuír á dinamización lingüística e cultural do contexto municipal.

-Empregar as linguas galega, castelá e inglesa nos carteis e paneis do centro e na ambientación xeral dos espazos educativos.

# 5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

## 5.1 CARA O PROFESORADO

Os obxectivos cara o profesorado, camiñan fundamentalmente en dúas liñas:

-Potenciar o uso do galego naqueles casos onde aínda non existe a presenza desexada.

-Por outra banda sensibilizar da importancia e responsabilidade que temos dende o noso rol docente en tódalas dimensións, o que implica o uso e valoración da nosa lingua: prexuízos, aposta polo seu uso nas TICS…

Preocúpanos especialmente o feito de que sexa o castelán moitas veces a lingua de comunicación entre os profesionais.

Partindo desta análise da nosa realidade, estes son os obxectivos que nos propoñemos:

- Transmitir respecto e valoración pola lingua do noso alumnado.
- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado, co alumnado, cos pais e nais, coa administración e servizos.
- Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación escrita en tódolos elementos da ambientación e de información do centro e das aulas: taboleiros, murais…
- Utilizar o galego atendendo ás directrices legais sendo lingua vehicular e de aprendizaxe do centro aspirando a xeralizar o seu uso no maior número de situacións comunicativas.
- Buscar fórmulas de actuación para que os prexuízos lingüísticos detectados non vaian en incremento, e se limen a través da análise, reflexión e diálogo.
- Buscar e crear espazos para a reflexión co alumnado sobre distintas situacións cotiás relacionadas ca lingua: uso nos medios, presenza en Internet, uso nas saídas…
- Formarnos en materia das TICs para poder exprimir o seu potencial como ferramenta e soporte da nosa lingua.

-Consideramos que é necesario darlle unha inxección de realidade ao proxecto quedando constancia das actividades que se desenvolven no colexio e que deben ter notoriedade no plan lingüístico, destacando aquelas prácticas que non se fan en todos os niveis e que pola súa eficiencia ,debería contemplarse ao longo da escolarización:

1. FALADOIRO: a diario, unha franxa horaria na que a disposición do grupo-aula muda, facilitando vernos as caras para poder apreciar expresións faciais e xestos mentres se fai uso da linguaxe para relatar:

- experiencias persoais, expresión de sentimentos e emocións, vivencias e intereses propios
- temas de actualidade onde relatar acontecementos do día a día e onde ten cabida o xornal.
- Resolución de conflictos cotiás mediante o diálogo.

2. FÍO MUSICAL NAS DEPENDENCIAS DO CENTRO: selección axeitada, con variedade de estilos que estimulan e agrandan o coñecemento da linguaxe.
3. BIBLIOTECA, motor da actividade escolar e de fomento do coñecemento, uso e goce pola información, lectura, investigación,...
4. RADIOTODIÑO, a nosa emisora de radio escolar, canle importantísima de transmisión de cultura, experiencias, novas,...

### 5.2 CARA O ALUMNADO

A nosa actuación vai encamiñada a potenciar o seu valor como identidade e uso nos distintos ámbitos da súa vida cotiá (música, cultura, deporte…) espazos cos que se sintan identificados/as e libres de prexuízos.

- Contribuír a desenvolver a conciencia lingüística borrando prexuízos lingüísticos cara a lingua galega.
- Potenciar actitudes positivas e de valor cara a súa lingua.
- Conseguir que o alumnado use a lingua galega en calquera situación.
- Buscar fórmulas de actuación para subliñar o valor da nosa lingua como identidade e a posibilidade real de ser usado en calquera contexto.
- Visibilizar usos do galego en contextos e soportes de vangarda: Internet, roupas…
- Crear espazos de diálogo e reflexión sobre a propia lingua (cos rexistros das saídas, comentando novas dos xornais…)
- Achegar ao alumnado ao mundo das TICs, animándoos a elaborar materiais en galego e inglés e a navegar por páxinas na súa lingua e na lingua estranxeira, sobre contidos actuais conectados con temas do seu interese (música, deporte…)
-Desenvolver na clase de inglés actividades relacionadas con outras áreas do currículo.
- Utilizar diversidade de soportes para o uso da lingua escrita e oral.

## FOMENTO DO USO DO GALEGO NA LECTURA

- Temporalización: Ao longo do curso escolar.

- Obxectivos:

1.- Facer da lectura unha actividade cotiá.

2.- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura e mellorar a comprensión lectora na Lingua Galega.

3.- Mellorar o rendemento académico na área de Lingua Galega

4.-Insistir na importancia de acadar a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

5.- Potenciar e fomentar o uso e valoración da lingua galega, eliminando prexuízos e estereotipos no uso da lingua.

En colaboración coa biblioteca escolar seguiremos levando a cabo o proxecto de fomento da lectura en Lingua Galega. Cada neno terá un pasaporte lector cos seus datos no que se estampará un selo cada vez que devolva un libro lido do nivel que cursa. Queremos facer aos nenos conscientes da importancia de ler en distintas linguas para acadar competencia lingüística na mesma.

Potenciamos a lectura en galego no **Plan Lector**, a través da **adquisión de fondos** para a Biblioteca do centro, o préstamo semanal que levan a cabo as mestras de Educación Infantil e de diferentes cursos de Educación primaria e da **integración dunha sesión de biblioteca dentro do horario lectivo** de todos os cativos do centro.

Tamén é preciso destacar as **actividades culturais promovidas desde a Biblioteca** como as sesións de contacontos coa colaboración de distintas asociacións, familias, profesionais,.. a actividades de prevención da violencia de xénero, de educación medioambiental, dependendo tanto da oferta existente como do proxecto que esteamos traballando no centro.

Para o fomento da lectura en galego contamos coa **colaboración de pais, nais, os máis maiores da familia, , persoas destacadas do mundo da escrita,** que veñen a relatar contos, facer dramatizacións, entrevistas na radio e encontros cos lectores.

Tamén recibimos **publicacións periódicas** (unha vez ao mes) como é a Revista Galega de Educación (dirixida ao profesorado), e o xornal O Papagaio (dirixida aos

alumnos/as).

Ao longo do curso o equipo de Dinamización da Lingua e a biblioteca escolar promoven a celebración do día de Rosalía de Castro, a **Semana da Prensa** e da **Lingua materna, a semana do Libro.** Hai que destacar tamén a creación de podcats na **Radio Escolar "RadioTodiño".**

Tamén se desenvolven **actividades de creación literaria** en lingua galega co gallo das distintas conmemoracións: o día da Violencia de Xénero, Nadal , Entroido,… para potenciar a expresión libre na nosa lingua.

Asimesmo realizamos **recomendacións de lecturas no Nadal e en Fin de curso** sempre coa finalidade de potenciar o uso do galego e dar visibilidade a autoras e autores que empregan a nosa lingua.

Hai que destacar tamén **"O club de lectura"** onde se len por curso escolar dous libros de autores galegos.

Na mesma liña hai que destacar o **apadriñamento lector**, no que se asocian un curso dos maiores a un dos pequenos, en todas as aulas do colexio. Os padriños e madriñas len contos aos seus afillados e afilladas, ilustran historias, comparten poesías, refráns, adiviñas, e fan actividades que teñen como finalidade fomentar o gusto pola lectura na lingua galega.

Á súa vez participamos e promocionamos **actividades** que se levan a cabo **dende o equipo de Normalización Lingüística e de Educación do noso Concello e da Concellería de Cultura e Festexos ademáis de a participación en concursos e certames promovidos por asociación locais.**

## 5.3 CARA O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- Utilizar o galego como lingua de comunicación oral e escrita con e entre o persoal non docente e o resto da comunidade educativa.
- Implicalos/as en distintas propostas (ambientación do centro, relatos de experiencias vividas nas aulas…).
-Solicitar a presenza dun mediador/a para romper as barreiras lingüísticas.

Tendo en conta a porcentaxe de alumnado estranxeiro, en ocasións a diifícil comunicación coas familias en momentos tan importantes como é o inicio da

escolarización e puntualmente nas achegas ao longo do curso, propoñemos que se poida crear unha canle entre a familia e a escola desde o departamento de asuntos sociais para facilitar que as mensaxes poidan ser entendidas.

## 5.4 CARA A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Partindo do propio Equipo de Dinamización da Lingua sinalaremos:

- Deseñar e desenvolver experiencias dinamizadoras coa máxima cobertura posible na comunidade educativa: profesorado, alumnado, ANPA…
- Ser autocríticos para mellorar como dinamizadores, avaliando proxectos iniciados o curso pasado.
- Asumir proxectos realistas adaptados ás características e necesidades do entorno, do centro e do alumnado.
- Ser un equipo receptor de propostas que partan doutros mestres, alumnado, familias…
- Formarse como axentes dinamizadores da nosa lingua e en materia de TIC.
- Continuar e avanzar nas liñas de colaboración establecidas en cursos pasados de xeito interdisciplinar cos outros equipos do centro: biblioteca, actividades extraescolares, medio ambiente e TIC.
- Sensibilizar e informar sobre distintas problemáticas sociolingüísticas que se detecten.
- Potenciar a dignificación do uso do galego como lingua de prestixio, analizando os distintos prexuízos que se detectan.
- Optimizar os recursos do centro e facer unha previsión co que sería recomendable contar.
- Divulgar experiencias innovadoras no centro: a través da revista, páxina web…
- Adquirir material bibliográfico e multimedia de interese para o profesorado e alumnado, informándoos de sofware, plataformas… que traballen con recursos en galego.
- Apostar polo audiovisual en galego.
- Facernos eco de distintas campañas que propoñen distintas institucións, asociación, centros… Estas campañas serán penduradas dos taboleiros informativos.
- Facer uso do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre os membros da ANPA e o resto da comunidade educativa (comedor, actividades

extraescolares…).

- Sensibilizar a toda a comunidade na carga sexista do uso da linguaxe tal e como se indica no Decreto124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Informar e difundir o labor que se está realizando a favor do uso e valoración da lingua na escola (con carteis, notas –escritas e telemáticas-,…).
- Facernos un oco nos medios de comunicación locais.
- Facer propostas para implicar ás familias visibilizando a nosa aposta pola lingua e potenciando valorando o uso escrito e oral da mesma (en recollida de información, valoracións…).
- Participar activamente con distintas institucións organizando proxectos conxuntos, intercambiando experiencias… asistindo ás reunións e participar na rolda de correos electrónicos que está funcionando.
- Implicar activamente ao alumnado no contacto con outros centros: con visitas, intercambios epistolares, por email, vídeos…

## 6. MEDIDAS PARA IMPARTIR UN CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS.

Tomando coma marco lexislativo de referencia a **Orde do 23 de xullo de 2014 do plurilingüismo** onde se fai mención expresa ao desenvolvemento do currículo das linguas e a competencia en comunicación en cada lingua se fará de xeito integrado, de maneira que todas interactúen e se enriquezan entre elas.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Dado que a estrutura do currículo das 3 linguas é moi similar, abordarase de maneira parella, tratando de evitar repeticións: usarase a mesma terminoloxía nas tres linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Partirase en 1º lugar da palabra, o seu uso e os seus valores significativos para logo pasar en 2º lugar ás relación gramaticais que se establecen entre elas en textos e contextualizados, e en 3º lugar afondar nos elementos que participan na confección dun discurso, pois as linguas apréndense para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo, ademáis de ser o medio das relación interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento.

A organización do currículo en bloques non significa que se enfoquen de xeito

compartimentado, senón todo o contrario, deben ser abordados desde un enfoque comunicativo e interdisciplinar e tendo en conta a aprendizaxe por competencias. O traballo por proxectos é relevante e permite aplicar a contextos reais as aprendizaxes e o enfoque competencial ao tempo que resulta motivador para desenvolver nos nenos e nenas a curiosidade a necesidade de adquirir novos coñecementos e destrezas, e tamén actitudes e valores para a resolución da tarefa.

Outro elemento integrador dos distintos elementos é o uso das TIC, indispensables no mundo da cibernética e que fai que as aprendizaxes podan darse nun marco comunicativo real e teñan sentido para o alumnado,facilitando o acceso a outras culturas e outros costumes e realidades. Esto permite tamén atender á diversidade e aos distintos ritmos de aprendizaxe , pois permite facer traballo individualizado e tamén cooperativo para levar a cabo a resolución da tarefa e acadar a inclusión do alumnado.

Por último salientar a grandísima importancia do papel que xogan as familias, pois o desenvolvemento da competencia lingüística ten lugar en ámbitos formais e non formais e en situacións sociais multilingües.

## 7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

A educación escolar ten que asegurar un equilibrio na necesaria comprensividade do currículo, en materia de linguas, para acoplarse á diversidade dos alumnos. Para iso require unha flexibilidade que proporcione as axudas pedagóxicas necesarias que mellor se axusten a esta diversidade, dadas as características persoais: alumnos con necesidades educativas especiais e alumnado extranxeiro.

O proxecto curricular para a aprendizaxe das linguas deberá ser aberto á diversidade e flexible, contemplando as diferencias individuais, nesa aprendizaxe, non como algo estático, senón como características dinámicas.

Os procesos da aprendizaxe e da ensinanza das linguas non poden ser nin uniformes nin homoxéneos, xa que cada alumno aprenderá segundo o seu ritmo de aprendizaxe, de capacidade e de intereses. Requírese, por tanto, un tratamento didáctico diferenciado para ofrecer camiños diferentes, e escapando da equivalencia nivel-idade. Considerando estes aspectos, o centro presenta os seguintes obxectivos xerais para o alumnado que, con insuficiente dominio das

linguas, poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten:

- Adaptar a ensinanza ás característcas e ás necesidades dos alumnos, axeitando o centro ós alumnos e non estos á escola.

- Centrar a aprendizaxe de alumnos en enfoques diferentes como na aprendizaxe cooperativa ou na autoaprendizaxe.

- Flexibilizar a estructura organizativa: os horarios, os agrupamentos, a organización da aula, etc.

- Elaboración e adecuación de materiais técnicos e didácticos.

- Comunicación coas familias.

- A introdución nos novos códigos deberá facerse de forma gradual e contextual, proporcionando aos alumnos con necesidades educativas específicas un papel activo e ofrecéndolles situacións de diálogos, en relación cos seus temas de interese, espontáneas e cercanas a súa realidade, fuxindo de formas artificiais e favorecendo as aprendizaxes funcionais.

- Evitar, no posible, o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar. Tendo en conta estes aspectos, as medidas de atención á diversidade que, dun xeito xeral, permitirán recoller as necesidades dos alumnos na aprendizaxe das linguas coa finalidade de que poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten aparecen reflectidas nas seguintes ordes:

- A Orde do 6 de outubro de 1995 que regula as Adaptacións Curriculares das ensinanzas de réximen xeral establece que o currículo poderá ser modificado en todos os seus elementos para dar resposta ás diferentes necesidades educativas dos alumnos.

- Así mesmo, a Orde do 27 de decembro de 2002, que establece as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, sinala que se poderán constituir, con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, ademais de regular as intervencións específicas por parte dos profesores especialistas de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Tendo en conta ambos documentos lexislativos, establécense dúas medidas de atención á diversidade: o Reforzo Educativo e a Adaptación Curricular.

- O Reforzo Educativo trátase dunha medida ordinaria de atención á diversidade

que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo: á secuencia dos contidos, aos instrumentos de avaliación, á metodoloxía…. Non supón medidas extraordinarias nin necesita autorización para ser levadas a cabo. Serán elaboradas polo profesorado que imparta as áreas de lingua galega, castelá e inglesa, co coñecemento do profesor titor, o equipo directivo e a familia. O seu desenvolvemento realizarase no contexto ordinario e polos profesores que impartan as tres áreas, puidendo contar coa colaboración doutros profesionais, colaboración que non deberá substituir a actuación habitual do profesor.

- As Adaptacións Curriculares aplicaranse unha vez esgotado o Reforzo Educativo. Trátase dunha medida extraordinaria que modifica un ou máis elementos prescriptivos do currículo como os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos e complementados. A súa elaboración e desenvolvemento levarase a cabo nun contexto ordinario, tendo unha duración dun curso escolar. O seu deseño e desenvolvemento correrá a cargo do profesor que imparta a área coa colaboración do Departamento de Orientación. Integrarase, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de referencia.

Previamente á realización da ACI, o centro deberá realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación sociofamiliar do alumno e sobre o seu proceso de Esinanza-Aprendizaxe.O centro establecerá unhas medidas de atención escolar, según dispón a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro, medidas que consistirán en incluir, no proxecto educativo e no documento de desenvolvemento curricular, os criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención deste alumno, ademais de recoller nos plans de orientación e de acción titorial as actuacións deseñadas específicamente.

As medidas de atención serán as que seguen:

- De tipo curricular: o reforzo educativo, a adaptación curricular e a flexibilización da idade.

- De tipo organizativo:

- Grupo de adquisición das linguas que terá por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas

actividades de aprendizaje pertencentes aos cursos nos que se atopen escolarizados.

- Grupo de adaptación da competencia curricular que terá por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lles posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao seu nivel.

Partindo destas premisas, de tipo lexislativo e de carácter xeral, propoñemos unha serie de medidas máis concretas que posibilitan unha atención educativa global e integradora, no campo lingüístico, para os nosos alumnos con necesidades educativas específicas e que son as seguintes:

**. Medidas relativas aos obxectivos e contidos:**

Priorización de obxectivos e contidos na aprendizaxe das linguas.

Eliminación de contidos secundarios.

Secuenciación de contidos.

Sería axeitado introducir, dun xeito transversal, contidos propios da lingua e cultura dos alumnos procedentes do extranxeiro coa fin de favorecer unha aprendizaxe intercultural para todos.

**. Medidas nos procedementos didácticos e nas actividades:** Aplicar o principio de utilidade: que os alumnos vexan os beneficios que, na súa realidade práctica, poida ter a aprendizaxe das linguas.

Actividades con diferentes grados de dificultade, que permitan diferentes grados de consecución e realizándoas dun xeito ben planificado e secuenciado en pequenos pasos.

□□□ Diseñar actividades curtas.

□□□ Adaptar materiais.

□□□ Reducir o nivel de abstracción das actividades e adaptación de textos.

□□□ Desenvolver actividades de aprendizaxe cooperattiva que facilitarán a aprendizaxe das linguas.

□□□ Traballar as linguas dun xeito oral e escrito de maneira simultánea mediante estructuras lingüísticas e de vocabulario.

□□□ Traballar a pronunciación e a comprensión dos textos escritos nas tres linguas.

**. Medidas grupais.**

Os alumnos beneficiaránse tanto da aprendizaxe de contidos como da súa integración social, usando distintos tipos de agrupamento dentro da aula:

□□□ Traballo en pequeno grupo: favorecerá a relación entre alumnos e a colaboración.

□□□ Titorización por un compañeiro da aula, producíndose unha aprendizaxe entre iguais, elixindo un compañeiro cun bo nivel, aceptado polo grupo, e que, ao mesmo tempo que o apoie en actividades académicas, sexa un elemento de integración no grupo clase.

□□□ Traballo individualizado profesor/alumno que favorecerá a seguridade do alumno.

□□□ Cercanía física entre o profesor e o alumno para lograr un contacto máis continuo e cercano.

**. Medidas organizativas referidas ós elementos persoais profesionais:**

□□□ É moi importante que exista un establecemento de traballo cooperativo entre o profesorado que garanta a coherencia de actuación e continuidade dos programas educativos relativos á ensinanza das linguas.

□□□ Establecemento de formas organizativas que faciliten a incorporación doutros profesionais á dinámica do centro e das aulas.

**. Medidas organizativas referidas aos recursos materiais:**

 Seleccionar materiais lingüísticos específicos para o alumnado con necesidades educativas especiais e para o alumnado extranxeiro.

 Elaboración de recursos lingüísticos específicos.

 Creación dun aula de recursos.

**. Organización do tempo.**

 Establecemento de tempos para a coordinación vertical e horizontal do profesorado.

Distribución do tempo entre os distintos profesionais de apoio que interveñen directamente cos alumnos que o necesitan.

**. Medidas relativas a avaliación e a temporalización.**

 É importante a avaliación inicial como elemento que sirva de punto de partida e guía para a aprendizaxe de linguas en alumnos/as con necesidades educativas especiais e extranxeiros.

 Modificación da temporalización en determinados obxectivos e contidos.

A avaliación nas áreas das linguas ha de ser altamente individualizada, continua, formativa e orientadora ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

 A avaliación dos alumnos que sigan unha ACI nas áreas das linguas, farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidas nela.

Unha medida destacada a tomar será a elaboración de programas de reforzo para a aprendizaxe da lingua galega, a lingua castelá e a inglesa, e que son os que seguidamente se propón:

1. Programa de reforzo da memoria verbal significativa, destinado aos alumnos con necesidades educativas específicas que, por problemas de desenvolvemento, non maduraron dabondo. Fai referencia, pois, á capacidade de establecer relacións lóxicas, casuais e temporais, diferenciando entre o superficial e o esencial para organizar a información a reter.

2. Programa de recuperación da estrutura sintáctica e que representa o modo no

que o falante organiza a súa linguaxe.

3. Programa de reforzo da estruturación morfosintáctica. Fai referencia á estrutura mesma das palabras, xa que o seu domino permitirá a posibilidade de xerar palabras novas e de poder relacionar unhas coas outras polo seu campo semántico. Isto permitiralle acceder máis rápidamente ao seu vocabulario.

4. Programa para o desenvolvemento da competencia semántica, partindo das experiencias e vivencias dos alumnos, adaptando os contidos dos textos ó pensamento e á linguaxe dos nenos e facilitándolle experiencias cercanas e plantexando as actividades dunha forma lúdica e participativa.

5. Programa de reeducación da execución semántica. Este programa vai destinado a aqueles alumnos que presentan unha falta de vocabulario en calquera das linguas, ademais de pouca fluidez verbal e un uso de expresións incorrectas ao falar.

6. Programa para reforzar a adecuación de ideas para alumnos cunha expresión confusa e ideas desordeadas, aínda que poidan presentar un bo vocabulario, e que, polo xeral, obedeza a unha deficiente organización xerárquica das ideas, tendo dificultades para distinguir o xeral do particular.

7. Programa de orientación ás técnicas da linguaxe oral: diálogo, descrición, narración, dramatización, etc.

8. Programas de reeducación da articulación dos fonemas, dos senfóns, da tartamudez,da disfonía e do mutismo.

O centro educativo debe dar resposta a calquera necesidade que poida presentar este tipo de alumnado; necesidades que o centro deberá ter en conta dende as primerias tomas de decisións curriculares: PE e Programacións. Nesa resposta que ten que ofrecer o centro, deberá participar toda a comunidade educativa (docentes, alumnos e familias), así como tamén será necesaria unha axeitada coordinación cos recursos externos ó mesmo . Recordar tamén que o labor do docente e o funcionamento do centro deberán estar suxeitos a unha continua revisión e avaliación para acadar unha mellora constante.

## 8. CONCRECIÓN DE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO.

Coa escolarización no noso centro de alumnado con aneae relacionadas coa comunicación, linguaxe ou fala xurde a necesidade de implementar programas específicos para atender ditas necesidades. Estes plans sempre terán como punto de partida a lingua materna do alumnado. No caso do alumnado procedente do estranxeiro será a fala maioritaria do centro.

Estes programas son:

Grupos de adquisición de linguas: seguiremos o establecido no Plan de Acollida do alumnado emigrante elaborado polo centro (Orde 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Programas de introducción e desenvolvemento dun sistema aumentativo e/ou alternativo de comunicación dirixido ao alumnado que careza dun sistema de comunicación (obxectos reais, fotografías, pictogramas, signos, lectura labial...)

Programas individualizados para alumnado con trastornos ou alteracións da fala, linguaxe ou comunicación oral ou escrita.

Programas de estimulación da linguaxe oral (P.E.L.O.) Sempre que a disponibilidade horaria das mestras de audición ou linguaxe o permita, levaranse a cabo estes programas en Educación Infantil para a prevención e detección de alteracións na fala e na linguaxe.

## 9. ADDENDA ANUAL DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 9.1 RESULTADOS DA PREGUNTA AOS PAIS/NAIS/TITORES/AS SOBRE A LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE INFANTIL.

Para o coñecemento da lingua materna predominante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010. Neste senso levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ó centro (4º de educación infantil), ao remate do curso anterior, na que se explicou a función da enquisa cuberta durante o proceso de matrícula para a determinación da lingua materna do alumnado.
Asemade, e seguindo as indicacións da administración ó respecto, para os restantes

niveis (5º e 6º nivel do segundo ciclo de E.I.) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recabada esta información nas entrevistas inciais coas familias.
O resultado das enquisas determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 4º de educación infantil no curso 21-22, é o galego nun 55%, un 35% sinala galego e castelán e o 10% sinala o castelán.
Por outra banda a lingua materna predominante nos restantes niveis, empregada en cursos anteriores, é tamén o galego nunha porcentaxe similar ó do alumnado incorporado por primeira vez ó centro.
Ante estes resultados, e considerando ademais que o galego é a lingua predominante na contorna, establécese que o galego será empregado como lingua vehicular nas aulas de E.I do noso centro, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no PE, PXA e Programacións didácticas, para a adquisición de ambas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.
No tocante á aproximación á lecto-escritura, empregarase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.
As estratexias e actividades concretas para a adquisición da outra lingua atópanse indicadas promenorizadamente nas programacións de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto educativo do centro o no propio Proxecto Lingüístico.

### 9.2 CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA NO CASO DE MODIFICACIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA.

Xa, dende o curso 2010-2011 o noso centro marcouse a meta de mellorar a competencia, especialmente a oral, na lingua estranxeira.
Pretendemos promover que o noso alumnado comece dende idade temperá a acadar unha competencia no uso do idioma estranxeiro. Por iso é que solicitamos participar no Proxecto de Centros Plurilingües, que se implanta dende 1º curso de Educación Primaria hasta 6º , de tal xeito que cubrimos todo o tramo da Educación Primaria.
As familias están interesadas, pois son conscientes de que a formación dos seus fillos en competencias orais e escritas en variaslinguas é moi vantaxoso, ao tempo que mellora a comprensiónnoutras áreas e materias.

Preténdese así reforzar a aprendizaxe da lingua estranxeira a través do seu uso como vehículo de comunicación noutra área non lingüística. Asemade contamos coa presenza dun auxiliar de conversa que nos vai permitir levar a cabo actividades de listening e speaking co noso alumnado. O alumnado séntese moi motivado e é para eles un reforzo importantísimo na práctica oral e na comprensión auditiva.

A competencia lingüística é fundamental para o enriquecemento e crecemento das persoas a nivel individual e social. É o acceso á aprendizaxe de calquera contido e de calquera información.

Polo tanto o ensino-aprendizaxe de linguas é materia fundamental na escola.

A posta en marcha da Sección Plurilingüe permítenos levar a cabo un maior desenvolvemento da competencia comunicativa na lingua estranxeira, ao ser esta o vehículo da aprendizaxe dos contidos doutra área non lingüística, no caso do noso centro, plástica.Traballase o léxico e as estructuras da materia de plástica na lingua estranxeira; o alumnado está potenciando a competencia na lingua estranxeira , especialmente a nivel oral. Ao mesmo tempo,como desenvolvemos proxectos de todo tipo e de variada temática,estamos abrindo a educación e a formación ao mundo, á cultura doutros países, á certificación internacional, a mellorar o perfil do centro educativo, a desenvolver actitudes plurilingües e a preparar para futuros estudios e para o mundo laboral.

## INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR.

A estreita coordinación entre todos os equipos e departamentos do centro (os equipos da Biblioteca escolar, TICS, Medio Ambiente, Actividades Extraescolares, Dinamización da Lingua Galega e o departamento de Orientación) vertebran e posibilitan o desenvolvemento de todas as dinámicas educativas de comunicación lingüística para acadar os programas de fomento e dinamización da nosa lingua.

A **“sinerxia”** constitúe o fundamento da nosa labor docente na que cremos que “o todo é máis que a suma das súas partes” e na que todas as aportacións e propostas por parte de toda a comunidade educativa son acollidas e canalizadas a través dunha serie de actividades que redundan no coñecemento, gozo e valoración do “noso” no eido escolar.

**-*EN CANTO ÁS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS COMMEMORACIÓNS***

Enfocadas a:

- Involucrar a toda a comunidade na conservación das tradicións, coa vertente lingüística que isto contén**,** coma no caso da celebración do Samaín **(**coa finalidade de homenaxear ós devanceiros da comunidade escolar, tal como era na orixe da festa) a través da recompilación de lendas e costumes.

-Fomentar a participación e o desenvolvemento nas manifestacións culturais que de xeito tradicional se desempeñan na lingua galega coa celebración do Magosto con énfase especial nas relacionadas co xogo popular.

-Divulgar no Nadal a figura do Apalpador a toda a comunidade educativa e elaborando unha felicitación navideña de centro en lingua galega.

**-**Nos días da lingua materna e de Rosalía, desenvolvemos actividades artísticas fundamentalmente de comunicación lingüística, oral e escrita, centradas na promoción e transmisión da lingua galega, poñéndoa en valor e realzando a figura de Rosalía de Castro. Sumámonos tamén á proposta anual da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e a súa iniciativa de propór á cidadanía o agasallo dunha flor e dun libro en galego.

- Promover un concurso literario relacionado coa festa pagá do Entroido con gran enraizamento cultural e na que buscamos a implicación das familias en actividades de tradición oral e escrita.
- Dinamizar a lingua na semana do libro con sesións de contacontos e encontros con autoras e autores, traballando o formato e contido da entrevista polo alumnado.

- Profundizar no día das artes galegas na figura do artista ao que se lle dedica dita data, traballando o texto expositivo, a biografía,..

- Promover no día das Letras Galegas a participación nun certame literario nas modalidades de poesía, prosa e cómic organizado polo concello, expoñemos os carteis informativos sobre a vida e obra do autor homenaxeado e realizamos composicións escritas e podcasts na radio escolar. Ademais de representar unha obra de teatro, realízanse as escollas e ensaios de actuacións musicais, recitado de poesía e baile galego.

## - EN CANTO A OUTRAS ACTIVIDADES

Enfocadas a:

- Recompilar e divulgar na nosa revista escolar Alborada ditas actividades realizadas polo alumnado tanto nas commeracións anuais como en outros proxectos e experiencias innovadoras.

- Converter o fío musical na canle de comunicación para dar avisos, escoitar creacións musicais, ler manifestos,…

- Levar a cabo o proxecto anual de centro, o PDI (proxecto documental integrado), que co seu carácter interdisciplinar permite desenvolver actividades de recollida de información das familias, investigación cos recursos da biblioteca escolar e municipal, na rede,… e o posterior tratamento e análise desta información, elaboración de textos, letreiros e textos informativos e de creación literaria polo alumnado.

-Achegar a bibliografía relacionada co proxecto en colaboración coa Biblioteca municipal posibilitando momentos de lectura, análise e reflexión sobre os libros e contos.

-As charlas distendidas, lecturas compartidas e individuais, xogos de mesa, xogos creativos,… teñen lugar no *espazo de diálogo e xogo compartido* creado na entrada do centro. Neste dispoñen de recursos en galego: libros, carteis, xornais, xogos coas intruccións en galego, novas de interese e referidas ao noso centro.

-As fotografías en bucle proxectadas na pantalla da entrada do centro provocan os comentarios libres ou estruturados sobre as actividades de centro que constitúen en sí mesmas tamén unha canle de difusión e fomento do galego para o alumnado e a comunidade educativa.

-Promover debates, charlas, propostas,… no *espazo creativo* situado na entrada da escola a través do traballo colaborativo.

-Crear numerosos podcasts realizados ao longo de todo o curso na radio escolar RAdioTOdiño.

Todo este tipo de actividades terán carácter de continuidade nos vindeiros anos.

**-EN CANTO AO PROFESORADO**

Enfocadas a:

- Fomentar o uso do galego nos tempos e espazos educativos.
- Achegarse máis á cultura e costumes de Galicia.
- Facer partícipe ás compañeiras e compañeiros de toda a información e dípticos recabados nas reunións de EDL de Barbanza.

**-EN CANTO AO ALUMNADO**

Enfocadas a:

-Fomentar a lingua galega ao longo do curso a través de actividades, festas, creacións plásticas, excursións, andainas pola nosa contorna, saídas ao auditorio municipal, ao museo de Ribeira, á sala de exposicións Lustres Rivas, concursos literarios, sesións de contacontos e encontros con autoras e autores e realizando innumerables podcasts na radio escolar *RadioTOdiño.*

Entre todas as actividades levadas a cabo co alumnado para acadar os obxectivos cabe destacar as seguintes:

- Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega (redaccións,cómics, murais, relatos).
- Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polos

dereitos humanos e de conservación do medio, usando
como lingua oral nos seus debates a lingua galega.

- Participar en encontros con outras comunidades escolares.
- Creación e representación de obras de teatro sinxelas

adaptadas aos diferentes niveis.

- Creación de podcasts na Radio Escolar.

Fomento do uso do Galego na Lectura
Axenda
Interbibliotecas
Feira do Ensino do concello

**- EN CANTO AO FOMENTO DO USO DO GALEGO NA LECTURA**

Enfocadas a:

- Facer da lectura unha actividade cotiá.

-Fomentar no alumnado o gusto pola lectura e mellorar a comprensión lectora na Lingua Galega. Ao que contribúe tamén o noso Club de lectura *Leotodiño.*

-Mellorar o rendemento académico na area de Lingua Galega.

-Insistir na importancia de acadar a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

-Potenciar e fomentar o uso e valoración da lingua galega, eliminando prexuízos e estereotipos no uso da lingua.

-Proporcionar unha axenda escolar ao alumnado, estructurada de xeito que responde ás súas necesidades tendo en conta as súas propostas en canto a contidos.

### EN CANTO Á COLABORACIÓN CON NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CONCELLO

Enfocadas a:

-Colaborar co concello na oferta anual de actividades *Interbibliotecas* para achegar aos centros educativos a gozar dos centros culturais (Biblioteca municipal e sala de exposicións "Lustres Rivas") e coñecer o salón de plenos do concello. Colaboracón que posibilita:

- Gozar de lecturas, encontros con autores, exposicións artísticas,.., fomentar o uso da lingua galega escrita e falada e saber expoñer de forma coherente e ordenada as súas reivindicacións coma cidadáns.

### -EN CANTO Á MELLORA DA BIBLIOTECA DO CENTRO

Enfocadas a:

-Aumentar os fondos da biblioteca escolar en diferentes soportes.

-Establecer dinámicas no espazo de diálogo e xogo compartido e no espazo creativo.

### EN CANTO AO CENTRO

Enfocadas a:

-Fomentar o uso da lingua galega entre toda a comunidade educativa a través da divulgación de información sobre actividades e proxectos de centro.

-Posibilitar actividades conxuntas co EDL de Barbanza

-Unirse ás actividades conxuntas co Concello que implican a todos os centros educativos de Ribeira.

*Algúns obxectivos e propostas de mellora a nivel de centro:*

***Fomento do uso do galego nas Tics***
Enfocadas a:

-Dotar a todos os puntos terminais de programas en lingua galega (tradutores, procesadores de texto, navegadores…); en igualdade, preferirase o implementado en galego.

-Promocionar a través dos medios informáticos os recursos didácticos referentes á lingua galega e presentes na rede.

-Promover a presenza do colexio na rede (páxina web, blogs, radio escolar) en lingua galega.

***-Fomento do uso do galego coas familias***
Enfocadas a:

-Realizar todas as comunicacións por escrito coas familias en lingua galega e ir incrementando paulatinamente nas comunicacións presenciais o uso da lingua galega.
-Favorecer o uso da Lingua Galega nas actividades extraescolares.

Todas estas actividades responden a intereses, necesidades e demandas sociais actuais polo que estes serán os criterios máis importantes para manter, revisar e actualizar actividades e programas.

## 9.4.INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA A DESENVOLVER NESTE CURSO.

## 1. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### 9.1. ACTIVIDADES PARA CELEBRAR AS DISTINTAS CONMEMORACIÓNS

O noso obxectivo será que todos os nenos e nenas do noso centro sexan quen de:

- Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.
- Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais, utilizando a lingua galega.
- Elaborar redaccións, cómics, murais, cancións...
- Expresar oral e graficamente ideas sobre as festas populares, as súas orixes e repercusións.

- Participar con poesías, cantos, bailes, contos... en lingua galega ante pequenos e grandes grupos. Participar na páxina WEB do colexio con producións propias referidas a estas festas.

Dende o noso equipo proporcionaránselles todos os recursos e soportes necesarios aos mestres para traballar cada unha das actividades cos seus alumnos/as, e que se verán expostos a continuación, en ditas actividades. Dende TICS todos estes recursos serán subidos á WEB do centro.As actividades levadas a cabo na contorna sociolingüística para os obxectivos expostos anteriormente son as seguintes:

-CELEBRACIÓN DO SAMAÍN.

-MAGOSTO.

-DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

-NADAL.

-DÍA DA PAZ.

-ENTROIDO

-DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO E DÍA DA LINGUA MATERNA.

- DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

- SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA.

-DÍA DO LIBRO.

-DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

-DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

| TEMPORALIDADE | TÍTULO DA ACTIVIDADE | RESPONSABLES | DESTINATARIOS/AS |
|---|---|---|---|
| Durante todo o curso | "As maletas do noso patrimonio" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. Infantil e primaria |
| Durante todo o curso | Apoio á implicación do profesorado no proxecto lingüístico de centro | EDNL | Todos os mestres e mestras do centro. |
| 1ª quincena de outubro | Traballar a obra de Seoane | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. Infantil e primaria |
| Última semana de Outubro | "O noso Samaín" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1ª quincena de novembro | "Cancións e refraneiro do Magosto" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 2ª quincena de novembro | "Os dereitos das nenas e nenos do mundo" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 1ª quincena de decembro | "Felicitación de Nadal" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| Última semana de xaneiro | "Manifesto polo respecto" no día da Paz | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| Última semana de febreiro | "Do máis abraiante, oe" no Entroido | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 2ª quincena de febreiro | "Día da lingua materna e Día de Rosalía" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 1ª semana de marzo | "Día da muller" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 1ª semana de marzo | "Aquí, lendo o xornal" | Todo o profesorado | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 1ª semana de abril | "Día das artes con Laxeiro" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 2ª quincena de abril | "Encontros con autoras e autores" | Equipo de biblioteca e mestres responsables | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| 1ª quincena de maio | "Festival das Letras Galegas 2023" "Certame Florencio Delgado Gurriarán" | Todo o profesorado do centro | Todo o alumnado de Ed. infantil e primaria |
| Todo o curso | Lingua como modelo lingüístico real e motivador | EDNL | Todo o profesorado e alumnado de Ed. Infantil e primaria |
| Todo o curso | "O noso patrimonio é auga salgada" | Todo o profesorado | Todo o profesorado e alumnado de Ed. Infantil e primaria |
| Todo o curso | "RAdioTOdiño nas ondas" | Equipo de radio e mestres | Todo o profesorado e alumnado de Ed. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | responsables | Infantil e primaria |

# ACTIVIDADES ANUAIS

### PROXECTO DE CENTRO

Proxecto Documental Integrado con carácter interdisciplinar vertebrado polo equipo de EDNL e o equipo de biblioteca en colaboración co equipo TICs e de medio ambiente, contando para levalo a cabo coa implicación de todo o claustro. Para o desenvolvemento do proxecto anual de centro contamos sempre tamén coa colaboración das familias, outros sectores da comunidade educativa e diversos axentes sociais.

Este ano o proxecto versará arredor das *Construcións adxectivas relacionadas co noso patrimonio e a auga.*

### REVISTA ESCOLAR "ALBORADA"

-Recompilar e divulgar na nosa revista escolar Alborada as actividades realizadas polo alumnado tanto nas commeracións anuais como en outros proxectos e experiencias innovadoras.

### ESPAZO DE DIÁLOGO E XOGO COMPARTIDO

- Posibilitar novas e lecturas neste espazo ubicado na entrada do centro: xornais escolares en galego, contos, libros divulgativos, libros elaborados polo alumnado,…para gozar compartindo a súa lectura e promovendo conversas libres ou dirixidas sobre estes recursos literarios.

-Realizar actividades de dinamización e animación á lectura na entrada do centro.

### ESPAZO CREATIVO

- Ofertar xogos e material, nesta área de traballo colaborativo, coa etiquetaxe e as instrucións elaboradas en galego.

# ACTIVIDADES A NIVEL XERAL

### EN RELACIÓN AO PROFESORADO

- **Temporalización:** Durante todo o ano escolar.
- **Obxectivos**:
    - Fomentar o uso do galego no alumnado.
    - Acercar ao alumnado a cultura e costumes de Galicia.
    - Fomentar o uso do galego nas familias e achegala máis ao noso idioma a

través das festas, dinámicas,, notas informativas,…

- **Desenvolvemento da actividade**:

➢ En todas as exposicións de traballos, murais, notas informativas, saídas ao auditorio, festas, etc., emprégase o galego.

➢ No plan lector fomentan o galego tendo na súa aula libros de lectura en galego e facendo que as nenas e nenos tres días a semana lean libros en galego achegándonos máis a nosa lingua.

➢ Levándoos a Biblioteca para que os alumnos coñezan e saiban onde atopar os libros en galego para a súa lectura.

➢ Todas as notas informativas á familia están redactadas en galego.

## EN RELACIÓN AO ALUMNADO

Como se dixo anteriormente foméntase a lingua galega ao longo do curso a través de actividades, celebracións, excursións, saídas, concursos onde participan activamente..

Entre todas as actividades levadas a cabo no alumnado para os obxectivos expostos cabe resaltar as seguintes:

➢ Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega (redaccións, cómics, murais, cancións...).

➢ Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polo dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega.

➢ Participar en encontros con outras comunidades escolares.

➢ Creación e representación de obras de teatro sinxelas adaptadas aos diferentes niveis.

## FOMENTO DO USO DO GALEGO NA LECTURA

- **Temporalización**: Ao longo do curso escolar.
- **Obxectivos:**
  - Facer da lectura unha actividade cotiá.
  - Fomentar no alumnado o gusto pola lectura e mellorar a comprensión lectora na Lingua Galega.
  - Mellorar o rendemento académico na area de Lingua Galega.
  - Insistir na importancia de acadar a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.
  - Potenciar e fomentar o uso e valoración da lingua galega, eliminando prexuízos e estereotipos no uso da lingua.
- **Desenvolvemento da actividade**:

- ➢ En colaboración coa **Biblioteca escolar** seguiremos levando a cabo o proxecto de fomento da lectura en Lingua Galega a través dos itinerarios lectores nos distintos niveis educativos e no Club de lectura para o alumnado dos últimos cursos de primaria.

Cada neno/a terá un pasaporte cos seus datos no que estampará un selo cada vez que sexa quen de ler un libro en galego e entregue a correspondente ficha de rexistro que acredite que leu o libro. Ó alumnado debe ser consciente da importancia de ler en lingua galega para acadar a adecuada competencia lingüística na mesma,

### INTERBIBLIOTECAS

En colaboración co **Concello** faranse actividades conxuntas con outros centros de Ribeira e actividades na biblioteca municipal.

- **Temporalización:** Durante o curso escolar.
- **Obxectivos:**
  - Acercar aos alumnos as bibliotecas de outros centros e á biblioteca municipal.
  - Saber relatar contos de forma coherente e ordenada.
  - Crear vínculos cos nenos de outros centros.
  - Fomentar o uso da lingua galega escrita e falada.
  - Coñecer e compartir as actividades realizadas polos outros centros participantes.
- **Desenvolvemento da actividade:**
  - ➢ Esta actividade vai dirixida a todos os nenos desde infantil a primaria. Os nenos dunha aula collerían ou elaborarían un conto e despois irán a outro cole a contarllo, facendo unha visita á Biblioteca do centro escolar.

### EN RELACIÓN AO CENTRO

O Centro en todo momento fomenta o uso da lingua galega entre o toda a comunidade educativa: facilitando o material necesario para levar a cabo as excursións, saídas, obradoiros, festas, o uso de novas tecnoloxías.

O Centro traballará conxuntamente coas persoas coordinadaras nos equipos de centro.

As actividades levadas a cabo serán publicadas na páxina Web do centro para que toda a comunidade educativa sexa coñecedora de ditas actividades que se fan en equipo non so dende dinamización, senón en

colaboración con outros departamentos, equipos e incluso institucións presentes o Centro e na nosa localidade.

*Algúns obxectivos e propostas de mellora a nivel de centro:*

**Fomento do uso do galego nas Tics.**

- Dado o uso cada día máis considerable das ferramentas informáticas, dotarase a todos os puntos terminais de programas en lingua galega (tradutores, procesadores de texto, navegadores…); en igualdade, preferirase o implementado en galego.
- Promocionar a través dos medios informáticos os recursos didácticos referentes á lingua galega e presentes na rede.
- Promover a presenza do colexio na rede (páxina web, blogs…) en lingua galega.

**Fomento do uso do galego coas familias.**

- Referente ás familias realizar todas as comunicacións por escrito coas familias en lingua galega.
- Ir incrementando paulatinamente nas comunicacións presenciais o uso da lingua galega.
- Favorecer o uso da Lingua Galega nas actividades extraescolares.
- Referente ao orzamento: Compromiso de compra ao través dos orzamentos anuais de materiais didácticos en calquera formato (libros, CD, DVD…) en Lingua Galega para favorecela.

No Plan de fomento de uso do galego estarán concretadas estas actividades que quedará aprobado xunto coa PXA do presente curso.

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo

# PLAN

# DE

# CONVIVENCIA

RIBEIRA (A Coruña)

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

1.- INTRODUCIÓN

2.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

4.- OBXECTIVOS A CONSEGUIR

5.- ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

6.-NORMAS DE CONVIVENCIA

6.1.- NORMAS XERAIS DE E. INFANTIL E PRIMARIA

6.2.- CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

6.3.- CONDUTAS GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

6.4.- PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO CASO DE INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

7.- ESTRATEXIAS PARA A PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

7.1.- MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS

7.2.- INTELIXENCIA EMOCIONAL

8.- ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

9.- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

10.-ANEXOS

10.1.- PROTOCOLO ABSENTISMO

10.2.- PROTOCOLO AULA CONVIVENCIA INCLUSIVA

10.3.- PROTOCOLO ACOSO ESCOLAR

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

## 1.- INTRODUCCIÓN

Convivir significa vivir cos demais, compaxinando os obxectivos persoais cos máis xerais marcados pola sociedade.

A convivencia apréndese e ensínase, o que supón a aprendizaxe de contidos que involucran todas as capacidades do alumnado (racional, condutual e afectiva). Esta ensinanza implica a todos os membros da Comunidade Educativa.

A convivencia, así como a Educación, é unha tarefa común de toda a comunidade. Só coa colaboración conseguiremos unha comunidade educadora na que todos participemos e compartamos responsabilidades, proxectos, obxectivos e éxitos.

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo do centro e articula a convivencia escolar, garantindo unha educación no exercicio dos dereitos e liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como unha prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

O noso Plan de Convivencia desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, e recolle as normas fundamentais que todos temos que coñecer e cumprir para conseguir un bo clima de traballo e unhas relacións persoais que favorezan a convivencia, baseadas no respecto, a comunicación e a tolerancia.

## 2.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Toda a Comunidade Educativa é responsable da convivencia escolar, cada un na esfera que lle compete directamente.

### a.- Funcións do Consello Escolar

Ademais das función que lle atribúe o artigo 127 da LOMCE, a Lei de Convivencia atribúelle as seguintes competencias:

- Elixir ás persoas representantes da Comisión de Convivencia.

- Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da Comunidade Educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**b.- Funcións do Claustro**

- Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación periódica da convivencia no centro.
- Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**c.- Funcións do Equipo Directivo**

- Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia

**d.- Funcións do Director**

- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no Plan de Convivencia
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
- Impoñer as medidas correctoras.

**d.- Funcións da Xefa de Estudos**

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do centro.

- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e nos Plans de Atención á Diversidade e Acción Titorial.
- Promover o exercicio da mediación no centro.
- Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspende o dereito de asistencia á clase.

**e.- Funcións dos órganos de coordinación docente**

No seu ámbito competencial, incorporarán nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de Convivencia.

**f.- A Comisión de Convivencia**

➢ Composición

- Este organismo constitúese no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar.

- A comisión, na súa composición, integrará o principio igualdade entre homes e mulleres, e estará composta por persoas representantes do profesorado, familia e persoal de administración e servizos. Estará presidida polo Director do centro e un dos seus integrantes actuará como secretario/a, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes correspóndelle ao director por proposta dos colectivos representados.

- Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos, é dicir, os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non necesariamente.

➢ Funcións

- Elaborar o Plan de Convivencia

- Dinamizar todos os sectores da Comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, seguimento e revisión do Plan de Convivencia do centro.

- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato entre todos os membros do Comunidade Educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- Propoñer ao Consello Escolar cantas medidas considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e a conflitividade no centro. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao servizo territorial de Inspección Educativa.

➢ Normas de funcionamento

A comisión manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Se o considera oportuno, co obxecto de que informen no ámbito das súas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador social do Concello ou doutros profesionais ou asociacións vinculados coa problemática da que se trate.

## 3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

As características do noso centro e da contorna en que se sitúa atópanse recollidas no P.E. do C.E.I.P. Plurilingüe O GRUPO.

A convivencia, así como a Educación é unha tarefa común de toda a comunidade. Só coa colaboración conseguiremos unha comunidade educadora na que todos participemos e compartamos responsabilidades, proxectos, obxectivos e éxitos.

### 3.1. Características do centro e da contorna

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo algúns conflitos esporádicos, que se resolven fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor .

A necesidade de planificar a convivencia no noso centro, non é ningunha novidade, pois xa, na Programación Xeral Anual se lle concede sempre especial atención á participación na vida do centro dos alumnos/as e das súas familias.

No Proxecto Educativo de Centro inclúese entre as notas de identidade do Colexio a práctica do pluralismo, dos valores democráticos e da convivencia baseada no coñecemento e respecto das normas.

Neste curso académico 2018-2019, estamos revisando as N.O.F e este Plan de Convivencia para adaptalo á normativa legal actual.

O Plan de Acción Titorial e o Plan Xeral de Atención á Diversidade están orientados particularmente á non exclusión dos alumnos/as.

Dende as titorías, Xefatura de Estudos e/ou Departamento de Orientación contémplanse aqueles casos de alumnos/as que non rematan as tarefas con frecuencia e tamén se leva a cabo o seguimento de casos puntuais de alumnos/as con perfil de absentismo escolar.

Nas Programacións de Aula de cada área trabállanse e avalíanse os contidos relativos a actitudes, valores e normas.

Na Organización Administrativa do centro é unha tónica xeral o contacto permanente coas familias para proporcionarlles toda a información, axuda e flexibilidade horaria que precisen.

### 3.2.- Análise da situación actual nos diferentes contextos:

- **Contexto familiar.**

As familias do noso centro proceden en gran parte dun nivel sociocultural e económico medio, moitas familias nas que so traballa un dos proxenitores, e cada vez máis en aumento familias inmigrantes cun nivel económico máis baixo.

Moitos dos nosos alumnos/as proceden de familias desestructuradas, o que está a afectar o clima dalgunhas aulas. Moitas veces as malas condutas son chamadas de

atención por parte dos nenos/as debido á escasa afectividade recibida nalgúns fogares.

❖ **Contexto escolar** (entre profesorado, entre alumnado e entre profesorado - alumnado).

Para poder detectar posibles problemas de convivencia pasamos unhas enquisas aos pais/nais e aos profesores/as do centro, que nos levaron a concluír o seguinte:

- O clima de convivencia do noso centro é bo, tanto nas aulas como nos espazos de lecer.
- Os conflitos entre os alumnos/as son de pouca relevancia e as familias, en xeral, manteñen unha boa relación co centro, tentando resolver as súas diferenzas no eido do diálogo e a colaboración mutua, tanto co Equipo Directivo, titores/as ou Departamento de Orientación.
- Os mestres/as manifestan que o comportamento dos nosos alumnos/as é, normalmente, bo e respectuoso. Atópanse a gusto no centro.

As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos/as que amosan pouco interese, que non traballan, que non traen o material necesario, que non amosan atención ou/e distraen a seus compañeiros/as, interrompendo a marcha normal da clase.

O clima das aulas tamén é normal sen que isto implique a ausencia ocasional de disrupcións ou de mal comportamento individual ou de grupo.

Os **actos de indisciplina** (insultos, malas contestacións, falta de respecto...) son pouco abundantes. A agresión verbal, entre alumnos/as, é o problema de convivencia do que con máis frecuencia se queixan os nenos/as e os pais/nais aos mestres/as.

Os **actos de vandalismo** e os danos materiais nas instalacións do centro son practicamente inexistentes.

Non se aprecia violencia de ningún xénero no centro.

O reparto das áreas de recreo, de campos de xogo contribúen no bo trato entre iguais.

O **absentismo,** salvo algún caso illado, non presenta casos graves.

Polo xeral o noso alumnado está comprometido co traballo. Aínda que a situación actual de convivencia por parte do alumnado é boa deberíamos, e poderíamos mellorar os seguintes aspectos:

- As pelexas e insultos como actitudes agresivas, verbal ou fisicamente, especialmente no recreo.

- O respecto ás quendas de palabra, as filas, os materiais alleos...
- Actitudes na comunicación e na interacción (p.ex.: O ton de voz do profesorado e do alumnado que con frecuencia se excede sen decatarnos).

### 3.3.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO.

Realizáronse as seguintes actividades:

- Formación en centros do profesorado, sobre resolución de conflitos, no curso 2013/2014.
- Algunha implementación a nivel titorial mediante técnicas de modificación de conduta, de dinámica de grupo, análise e autocoñecemento da propia aula, protocolos de actuación ante condutas disruptivas, programa de habilidades sociais, etc.; cando xurde algún conflito ou algunha situación de desvantaxe nas relación sociais do devandito grupo. Desta maneira leváronse a cabo algunhas actuacións individuais que contribuíron ao desenvolvemento da boa convivencia do centro.
- Programa de Habilidades Sociais. Impartido polo Departamento de Orientación e os titores/as.
- Programas de Educación Emocional. Levados a cabo en Educación Infantil.
- Todas as celebracións cíclicas que se fan dende os distintos departamentos ( Día da paz, Samaín, Magosto, Entroido...). Programando actividades onde se traballen valores como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, o desenvolvemento da autonomía persoal e a toma de decisións, etc.
- Relacións constantes cos Servizos Sociais do Concello, ONGs.

### 3.4.- NECESIDADES DETECTADAS.

O profesorado, en xeral, fai unha valoración positiva do clima de convivencia no centro. Non se detectaron problemas graves na convivencia diaria entre os membros da comunidade educativa (alumnado, pais/nais, profesorado).

Os pais/nais dos alumnos/as coinciden en que as relacións entre os membros/as da comunidade educativa son boas.

Os conflitos que se dan con maior frecuencia, segundo a perspectiva dalgúns pais/nais, son as agresións verbais entre o alumnado.

O alumnado amosa bo clima de convivencia, en xeral, salvo casos puntuais de problemas comportamentais con compañeiros/as ou co profesorado.

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

## 4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS A CONSEGUIR

- Establecer de xeito consensuado unhas normas básicas de convivencia e a forma de proceder ante condutas contrarias á convivencia.

- Desenvolver na Comunidade Escolar os valores de respecto, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, igualdade entre homes e mulleres… para formar persoas que se respecten a si mesmas, aos outros e que sexan responsables dos seus actos.

- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestación de violencia, especialmente acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- Facilitar instrumentos e recursos destinados a mellora da convivencia e a resolución pacífica dos conflitos.

-Fomentar a coordinación e colaboración cos servizos e entidades do noso entorno (servizos sociais, concello...) para contribuír a construción de comunidades educadoras.

- Desenvolver a intelixencia emocional do noso alumnado.

- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no noso centro.

- Facilitar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación ao novo centro.

## 5.- ACTUACIÓNS e MEDIDAS A DESENVOLVER

## 5.1.-ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO

### A) NORMAS DE CONVIVENCIA

A principal finalidade do establecemento dunhas normas de convivencia é a de potenciar a adquisición de hábitos de respecto mutuo, así como transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade nun clima de responsabilidade e de pacífica relación.

Como consideracións previas á enumeración de normas, establecemos que:

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

- As correccións terán sempre un carácter educativo e recuperador, respectarán os dereitos do alumnado e procurarán a mellora das relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa.

- Ningunha sanción pode atentar contra a integridade física ou a dignidade persoal do alumnado.

- A corrección será proporcional á falta cometida e terá a debida inmediatez para garantir o seu carácter educativo.

- O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución do conflito.

**A.1.- NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

**<u>DEREITOS BÁSICOS DO ALUMNADO</u>**

- A recibir unha formación integral e coeducadora que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

- A protección integral contra toda agresión física ou moral.

- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica dos conflitos.

- Participar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudio no centro, respectando os dereitos dos seus compañeiros/as.

- Respectar as funcións e orientacións do profesorado.

- Respectar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas ou morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

- Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

- Conservar e facer un uso responsable das instalacións e materiais do centro.

- Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.

- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

| NORMAS EN RELACIÓN Á ASISTENCIA E PUNTUALIDADE | ESTRATEXIAS PARA O SEU COÑECEMENTO | ACTUACIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO |
|---|---|---|
| 1. Asistimos con puntualidade a clase. (Se chega mais de 10 minutos tarde da hora de entrada, os alumnos/as, para evitar interferencias nas clases, deberán esperar a sesión seguinte para incorporarse a aula).<br><br>2. Presentamos a xustificación de faltas de asistencia asinada polos nosos pais/nais ou representantes legais nun prazo non superior a tres días dende o momento en que se produce a reincorporación ao centro.<br><br>3. Permanecemos no recinto escolar e non o abandonamos sen a compañía do noso pai/nai, titor/a legal ou persoa debidamente autorizada e sen cumprimentar o documento que o centro escolar ten ao efecto.<br><br>4. En horario de recreo permanecemos ou | Informar ás familias e ao alumnado a través da titoría das normas de funcionamento do centro en relación coa asistencia e a puntualidade.<br><br>Realizar a saída co mestre/a que lles dará indicacións e servirá de modelo. | Cando as faltas de asistencia presenten dificultade para a súa xustificación, ou cando se incrementen de forma significativa (antes de chegar ao 10% do horario lectivo mensual), o titor/a convocará á familia do alumno/a a unha reunión coa finalidade de analizar a situación e tratar de corrixila, evitando a apertura do expediente de absentismo. Desa reunión levantarase acta, que estará custodiada no expediente do alumno/a, e da que se dará conta a xefatura de estudios.<br><br>Se é un hábito chegar tarde (tanto nas entradas como nas saídas) o titor/a falará coa familia e, de persistir o problema, comunicarase á Dirección do centro. A falta reiterada de puntualidade considérase falta leve contraria á convivencia. |

| | | |
|---|---|---|
| subiremos ás aulas sempre en compañía dun profesor/a. | | |
| **COIDADO DAS INSTALACIÓN E DO MATERIAL ESCOLAR** | **ESTRATEXIAS PARA O SEU COÑECEMENTO** | **ACTUACIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO** |
| 5. Coidamos o material propio e o dos demais compañeiros/as.<br><br>6. Pedimos permiso a outros compañeiros/as para utilizar o seu material.<br><br>7. Colaboramos para que non se produzan roubos dos bens do centro e dos seus integrantes.<br><br>8. Coidamos as instalacións do centro: mantemos a clase limpa, as mesas colocadas, utilizamos as papeleiras, evitamos as pintadas, raias e danos en mesas, cadeiras e paredes da aula, corredores, cuartos de baño, instalacións deportivas, equipos informáticos e patio.<br><br>9. Coidamos os documentos escolares (boletíns | Informar ás familias e ao alumnado a través da titoría das normas de funcionamento do centro.<br><br>Elaboración conxunta das normas. Disposición visible na aula.<br><br>Realizar actividades que requiran compartir material.<br><br>Valorar o traballo e as calidades dos demais. | Amoestación privada, verbal ou por escrito.<br><br>Facerse responsable das perdas de material escolar.<br><br>Reparar ou repoñer o material danado intencionadamente.<br><br>Retirada momentánea da actividade que se está facendo.<br><br>Entrevistas coa familia.<br><br>En caso de falta contraria á convivencia, establecemento da sanción pertinente seguindo o protocolo. |

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

| | | |
|---|---|---|
| de cualificacións, autorizacións de actividades extraescolares, parte de faltas de asistencia, comunicacións, amoestacións escritas, etc.) e traémolos asinados polos nosos pais/nais cando sexa preciso. | | |
| **DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE ESCOLAR:** | **ESTRATEXIAS PARA O SEU COÑECEMENTO** | **ACTUACIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO** |
| 10. Esperamos ao mestre/a dentro da aula, co material sobre a mesa e coa clase ordenada.<br><br>11. Atendemos ás explicacións, preguntamos o que non entendemos, participamos en clase e respectamos as ideas dos demais.<br><br>12. Gardamos a debida compostura, silencio e respecto en clase para permitir un desenvolvemento correcto da actividade académica.<br><br>13. Polos corredores e nas entradas e saídas imos tranquilos, sen correr nin dar berros. | Informar ás familias e ao alumnado a través da titoría das normas de funcionamento do centro, relación de libros material necesario para a actividade escolar.<br><br>Elaboración conxunta das normas de aula. Disposición visible na aula.<br><br>Traballar previamente as actividades complementarias, recordando as normas.<br><br>O mestre/a exerce de modelo de conduta nas situacións de relación fóra do ámbito do colexio (saídas, excursións, visitas...) | Amoestación privada verbal ou por escrito.<br><br>Retirada momentánea da actividade que se está realizando.<br><br>Prohibición temporal de participar en actividades, lectivas ou complementarias. Comunicación ás familias dos incidentes.<br><br>Retirada momentánea do xogo que se está realizando. |

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

| | | |
|---|---|---|
| 14. Traemos as tarefas feitas de casa, entregamos os traballos na data indicada e realizamos as actividades que se formulen en clase.<br><br>15.Traemos o material escolar necesario para o desenvolvemento das tarefas na aula.<br><br>16. Cumprimos as normas establecidas en cada unha das actividades extraescolares e complementarias.<br><br>17. Cumprimos as sancións impostas polos mestres/as, titores/as, Xefatura de Estudos ou Director/a.<br><br>18. Empregamos o recreo como tempo de relaxación, convivencia e gozo.<br><br>19. Antes de saír ao recreo, collemos todo o que se necesite.<br><br>20. Non permanecemos nas aulas e corredores no Tempo de lecer, agás que esteamos acompañados por un mestre/a. | | Privación do tempo de recreo.<br><br>Axudar á reflexión e a resolución pacífica ante os conflitos que xorden no patio.<br><br>Reparar ou repoñer o material danado intencionadamente.<br><br>Abordaxe dende a titoría, en colaboración coa xefatura do departamento, dos problemas de conduta.<br><br>En caso de falta contraria á convivencia, establecemento da sanción pertinente seguindo o protocolo. |

| | | |
|---|---|---|
| 21. Saímos de xeito ordenado e tranquilo.<br><br>22. Se atopamos un papel, envoltorio,… recollémolo aínda que non sexa noso.<br><br>23 .Facemos un bo uso do material e respectamos as regras do xogo.<br><br>24. Non discriminamos a ningún compañeiro/a; todos podemos participar.<br><br>25. Acudimos ás filas cando toque a sirena, sen demorarse. | | |
| **AS RELACIÓNS CON MESTRES/AS, COMPAÑEIROS/AS E DEMAIS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR** | **ESTRATEXIAS PARA O SEU COÑECEMENTO** | **ACTUACIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO** |

| | | |
|---|---|---|
| 26. Diriximonos a todos os membros da comunidade escolar con respecto, sen insultar, acosar ou mostrar actitudes de superioridade.<br>27. Tratamos con respecto aos mestres/as e escoitámolos cando explican e se dirixen a nós.<br>28. Obedecemos aos mestres/as e ao persoal non docente e seguimos as súas indicacións.<br>29. Utilizamos o diálogo en caso de conflito e evitamos as agresións físicas e verbais.<br>30. Comunicamos ao persoal non docente, profesores/as ou membros do equipo directivo calquera incidente contrario ás normas de convivencia do centro do que teñamos coñecemento.<br>31. Evitamos os xogos ou actividades violentas. | Informar ás familias e ao alumnado a través da titoría das normas de funcionamento do centro.<br><br>Elaboración conxunta das normas de aula. Disposición visible na aula.<br><br>Proporcionar material para xogos no patio.<br><br>Ensinar diferentes xogos aos alumnos/as tanto actuais como tradicionais.<br><br>Distribución do patio en distintas zonas para distintos cursos. | Abordaxe dende a titoría, en colaboración coa xefatura do departamento, dos problemas de conduta.<br><br>Entrevistas coa familia.<br><br>En caso de falta contraria á convivencia, establecemento da sanción pertinente seguindo o protocolo. |
| **A SAÚDE E A HIXIENE** | **ESTRATEXIAS PARA O SEU COÑECEMENTO** | **ACTUACIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO** |
| 32. Vimos limpos e aseados ao centro e coa roupa axeitada.<br>33. En educación física traemos o chándal e | Informar ás familias e ao alumnado a través da titoría das normas de funcionamento do centro. | Entrevistas coa familia. En caso de persistencia ou gravidade na situación persoal de hixiene e vestido do alumno/a, |

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

| | | |
|---|---|---|
| calzado deportivo. | | comunicación á dirección do centro (comunicación da situación á Servizos Sociais).<br><br>En caso de falta contraria á convivencia, debido á súa reiteración, establecemento da sanción pertinente seguindo o protocolo. |

## A.2.-CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Terán consideración de condutas leves contrarias á convivencia as seguintes situacións:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e ofensas, actos de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, exercidos contra algún membro da Comunidade Educativa, que non alcancen a gravidade necesaria para ser tipificada como conduta grave contraria á convivencia.

2. Os actos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.

3. O dano leve, causado intencionadamente ou por uso inapropiado, do material do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou ós bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros.

4. Os actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.

5. Portar obxectos e produtos perigosos para a saúde dos membros da C. Educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes (tfno. móbil), sempre que non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

6. Faltas de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, segundo o establecido no protocolo de absentismo.

7. A reiterada asistencia ao centro sen o material e o equipamento preciso para o desenvolvemento das actividades escolares.

***Medidas correctoras de faltas leves***

a. Amoestación privada, verbal ou por escrito.

b. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c. Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e. Suspensión do dereito de participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro ata dúas semanas.

f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g. Suspensión do dereito a asistir a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Este tempo estará na aula de convivencia inclusiva e realizará un traballo curricular e formativo.

h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante ese tempo, o alumno deberá realizar os traballos ou deberes que se determine para evitar a interrupción do seu proceso educativo.

***Serán competentes para impoñer estas medidas correctoras:***

- O mestre/a titor/a, oído o alumno/a, e dando conta da decisión á Xefatura de Estudos, no caso das medidas ***a,b,c*** e ***d***.

- A Xefatura de Estudos ou o director, oído o alumno/a e o titor/a, no caso das medidas previstas nas alíneas ***a, c, d, e, f.***

- O Director, oído o alumno/a e o titor/a, no caso das medidas previstas nas alíneas ***g, h***.

As medidas correctoras g e h serán comunicadas ás familias antes de que se fagan efectivas, así como a comisión de convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao mes da súa comisión.

As medidas correctoras prescriben aos catro meses da súa imposición. Figurará no expediente do alumno/a a efectos de considerar como reincidencia as faltas similares cometidas posteriormente, pero prescribirán definitivamente ao finalizar o curso escolar.

## A.3.- CONDUTAS GRAVES PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA. FALTAS GRAVES.

Terán a consideración de faltas graves as seguintes condutas:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e ofensas graves, as ameazas e as coaccións graves contra algún membro da Comunidade Educativa.

2. Os actos de discriminación grave contra membros da C. Educativa, por razón de nacemento, raza, sexo, discapacidade, orientación e identidade sexual, conviccións políticas, morais ou relixiosas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. Os actos de desafío á autoridade do profesorado ou ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

4. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

5. As actuacións que constitúan acoso escolar.

6. A suplantación da personalidade e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

7. Os danos graves, causados intencionadamente ou por neglixencia grave, ás instalacións e aos o materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou ás pertenzas doutros membros da C. Educativa, así como a súa subtracción.

8. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.

9. Portar obxectos, substancias ou produtos gravemente perigosos (tabaco, obxectos punzantes, armas brancas…) para a saúde ou integridade persoal dos membros da C. Educativa. Considerarase falta grave a resistencia a entregar os obxectos citados anteriormente, cando estes sexan requeridos polo profesorado. Tal como se recolle no punto terceiro do artigo 11 da Lei

4/2011, o profesorado está facultado a requerir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxectos, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou a integridade persoal ou a dos demais membros da C. Educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. Ditos obxectos serán depositados polo profesorado na dirección do centro, coas debidas garantías, quedando a disposición dos pais/titores legais, unha vez rematada a xornada escolar.

10. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

11. O incumprimento das sancións impostas.

***Medidas correctoras das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia:***

1. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

2. Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes.

3.- Cambio de grupo.

4.- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. En ambos casos o alumno/a debe realizar os deberes ou traballos que se determinen.

5.-. Cambio de centro

***Serán competentes para impoñer estas correccións:***

As medidas correctoras por faltas graves requiren da tramitación dun procedemento corrector, común ou conciliado, e correspóndelle á dirección decidir a súa instrución e o procedemento a seguir.

No prazo de tres días lectivos, contados dende que se tivo coñecemento da conduta, a dirección notificará por escrito á familia o procedemento aberto. Tanto a incoación como a resolución do procedemento serán notificados, tanto á familia do alumno/a, como á Inspección Educativa.

A dirección pode adoptar en calquera momento da instrución do procedemento medidas provisionais (cambio temporal de grupo, suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período non superior aos tres días lectivos), que serán comunicadas aos pais.

As condutas graves prescriben aos catro meses da súa comisión. As medidas correctoras prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

### A.4.- PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO CENTRO EN CASO DE INCUMPRIMENTO DE NORMAS

1.- Actuación en primeiro lugar do titor/a do alumno.

- Utilización do Parte de Incidencias na aula, onde se reflicten as situacións conflitivas e a resposta do profesor/a.

- Deixar constancia na axenda do alumno/a.

2.- Información ao titor/a como primeiro receptor da información sobre calquera incidencia acaecida no seu grupo.

- Comunicación verbal.

- Utilización do rexistro de incidencias.

3.- Actuación conxunta dos profesionais implicados, co titor como máximo responsable.

-Tratamento de medidas de actuación en cada caso particular, seguindo as liñas xerais do centro.

- Comunicación ás familias (telefónica, escrita ou reunión)

- Aplicación das medidas adoptadas.

- Valoración conxunta das medidas adoptadas.

4.- Actuación da Xefatura de Estudos

- Tratamento do caso co mestre/a e os alumnos/as implicados.

- Apercibimento oral ou escrito ao alumno/s, con adopción de medidas.

- Comunicación ás familias.

5.- Actuación do Director

- Tratamento do caso coa Xefatura de Estudos e os mestres/as implicados.

-Imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia, no caso de suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro educativo.

- Apertura e instrución dun procedemento corrector, no caso da comisión de condutas graves contrarias á convivencia.

- Comunicación e tratamento no Consello Escolar (Comisión de Convivencia).

- Valoración conxunta da eficacia da actuación.

## B.- ESTRATEXIAS PARA A PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

### a.- ACTUACIÓNS PREVENTIVAS

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais como particulares da aula.
- Promoción da convivencia, a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a través do Plan de Acción Titorial.
- Programa de Habilidades Sociais.
- Asembleas de aula nas que se establecerán as normas de aula.
- Actividades dirixidas a favorecer a relación coas familias e o centro educativo: fomentar as titorías e a colaboración familia-escola.
- Medidas organizativas que garantan a adecuada vixilancia dos espazos comúns, e dos tempos de entradas, saídas, recreos ou cambios de clase.

.

**b.- ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, DIRIXIDAS A TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA**.

- Sensibilización fronte a casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas ao alumnado dos últimos cursos de primaria.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa a través das escolas de pais e nais.

**c. MEDIDAS DE INTERVENCIÓN: PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS**

- **Mediación entre iguais**

A mediación é a forma de resolver os conflitos entre dous ou máis compañeiros coa axuda dunha terceira persoa imparcial, o mediador. Os mediadores non son xuíces nin árbitros, non impoñen solución, nin opinan sobre quen ten a verdade.

Os mediadores son alumnos/as con formación neste ámbito que regulan o proceso de comunicación cara unha posible solución que satisfaga ás partes en conflito.

A mediación é voluntaria e os mediadores axudan ás partes a chegar a acordos. As partes do proceso de mediación son os seguintes:

1.- Presentación e regras do xogo

2.- Cóntame

3.-Clarificar o problema

4.-Propor solución

5.-Chegar a acordos

Constitución e funcionamento do Equipo de Mediación:

Cada comezo de curso a persoa responsable fará unha selección de alumnado de 5º curso que voluntariamente desexe ser mediador. Mentres estes alumnos se forman, seguimos facendo a mediación co alumnado de 5º do curso pasado, que agora están en 6º; con estes alumnos/as actualizarase a formación do curso anterior.

O alumnado seleccionado recibirá formación inicial en habilidades sociais e de resolución de conflitos a través dun obradoiro impartido pola orientadora ou outro persoal que se decida.

Unha vez detectado un conflito, porase en coñecemento do titor/a e será este quen faga a oportuna derivación á persoa coordinadora para organizar a actuación dos mediadores. Tamén poden acudir os alumnos/as de xeito voluntario, sen derivación polo profesorado.

Os mediadores actuarán en parellas baixo a supervisión dun adulto.

- **Aula de Convivencia Inclusiva**

A Aula de Convivencia baséase nunha visión positiva do conflito, entendéndoa como unha oportunidade para a reflexión e tamén será unha aula de traballo.

A esta aula pode ser destinado aquel alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras e/ou reeducadoras, estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, para os efectos de mellorar o seu reingreso á aula no menor tempo posible.

A Aula de Convivencia será atendida polo profesorado de garda e a xefatura do Departamento de Orientación que tamén colaborará na realización das tarefas escolares encomendadas.

A Dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido na Aula de Convivencia garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais/titores. (VER ANEXO 2)

- **Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais**

***Marco Teórico***

Tal como se establece na Lei 4/2011, de xeito complementario ás medidas correctoras que se impoñan ás condutas contrarias á convivencia, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Este tipo de programa será de obrigada aplicación no caso de aquel alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras se vexa privado do

seu dereito de asistencia ao centro, ou para a súa atención na aula de convivencia inclusiva.

Este programa aplicarase en colaboración co titor/a do alumno e, de ser o caso, cos servizos sociais, procurando implicar á familia e ao resto do profesorado que atende ao alumno/a.

***Obxectivos específicos:***

- Diferenciar entre os diferentes estilos de comportamento.
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha comunicación efectiva.
- Aprender distintas técnicas que facilitan a comunicación asertiva.
- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación practica.
- Diferenzar os diferentes contextos donde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar o modo de dirixirse aos demais.
- Adquirir conciencia dalgunhas habilidades sociais.

***Contidos:***

- Destrezas de supervivencia: pedir axuda, realizar as tarefas, prestar atención, etc.
- Destrezas para facer amizades: presentarse, participar en xogos, compartir, etc.
- Destrezas para abordar os sentimentos.
- Destrezas alternativas á agresividade.
- Destrezas para controlar ó estres.

**d) ACTIVIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DA INTELIXENCIA EMOCIONAL DO ALUMNADO**

Paulatinamente iremos introducindo nas nosas aulas un Programa de Intelixencia Emocional que terá os seguintes obxectivos:

- ✓ Lograr que o alumnado acade unha autoconciencia emocional e un axeitado control das emocións.
- ✓ Desenvolver a empatía como comprensión das emocións dos demais para mellorar as relacións interpersoais.

Dentro das posibles estratexias a utilizar destacamos:

-*Estratexias para a alfabetización emocional:*

* O diálogo como ferramenta básica

* Partir do soporte visual e a partir de aí crear situacións, composicións… sobre cada emoción.

*Os contos, os xogos e a arte para traballar as emocións.

-*Estratexias para facilitar a cohesión do grupo/aula:*

* A escoita activa.

* Os modais.

* Os xogos cooperativos e as dinámicas de grupo.

-*Estratexias de autorregulación básicas:*

* Retirada de atención

* Exercicio físico

* Expresión verbal

*Autoinstrucións( técnicas da tartaruga,…).

* Exercicios respiratorios.

*Relaxación

*Viaxes imaxinarias.

*Expresión artística (plástica, música,…)

* Xogos de simulación, etc.

## 5.2.-ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Formación de alumnos/as mediadores para a resolución de conflitos entre iguais.

- Posta en funcionamento da aula de convivencia inclusiva.

- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar dirixidas ao alumnado dos últimos cursos de primaria, que axuden á prevención.

- Posta en práctica de estratexias que contribúan ao desenvolvemento da intelixencia emocional do alumnado.

- Posta en práctica de medidas e/ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo e a cultura da paz (habilidades sociais, habilidades de control emocional…).

- Aplicación dos protocolos que aparecen nos anexos: absentismo escolar, acoso escolar, aula de convivencia inclusiva,…

## 8.- ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantirá a súa difusión a través do Consello Escolar e a ANPA.

Outros medios para a súa difusión son:

- Nas titorías de pais/nais, sobre todo nas reunións de principio de curso.

- Folletos ou trípticos dirixidos ás familias.

- Exposición das normas de convivencia a través de paneis informativos visibles.

- Uso da páxina web do centro para súa difusión entre a comunidade educativa.

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

## 9.-PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Na concreción anual do plan estableceranse os indicadores de logro e os mecanismos para o seu seguimento e avaliación.

A avaliación será continua e procesual; debe ser realizada de forma coordinada, conxunta e complementaria cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado.

Esta avaliación será levada a cabo pola comisión de convivencia de maneira trimestral e ao final do curso elaborará unha memoria anual.

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de todos os sectores da súa comunidade educativa, arbitrando as canles oportunas para que todos os estamentos da comunidade educativa poidan aportan propostas de mellora.

O consello escolar, por proposta da comisión de convivencia, aprobará ao final de cada curso a memoria do plan de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

ANEXO 1

## PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR

Tal como establece o artigo 22 do decreto 229/2011, do 7 de decembro, absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento do horario lectivo mensual.

Considérase falta de asistencia á clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación dun posible absentismo.

Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

a) Citación que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.

b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.

c) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.

**e)** No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou alumno.

**CONTROL DE ASISTENCIA Á CLASE E REXISTRO DE INCIDENCIAS**

O control de asistencia deberá facerse diariamente por parte do profesorado da área ou titor/a, e será o titor/a quen introducirá ditas ausencias no aplicación informática (XADE).

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

A xustificación das faltas de asistencia realizarase ante o profesor titor/a e por parte da nai, do pai ou titores legais, acompañando, segundo proceda:

1.- Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.

2.- Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

**EXPEDIENTE DE ABSENTISMO**

O expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro, formando parte do expediente do alumno/a.

***Inicio do expediente***

Iniciarase cando o profesor titor/a verifique que un alumno/a presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao 10% do horario lectivo dun determinado mes. Propoñerá, co visto e prace da dirección do centro, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a decisión á xefatura de estudios. O inicio dese expediente realizarase dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o 10% .

***Tramitación do expediente***

a) Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporaraa ao rexistro de contactos, indicando:

- Data de intervención
- Motivo da intervención
- Forma de contacto
- Persoa do centro que realizou a intervención
- Conclusións da intervención e resposta da familia

b) Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará á nai/pai/titores legais a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso . Desa reunión levantará acta o profesorado titor .

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

c) Se coa intervención do profesorado titor/a se reconduce a situación, paralizase o proceso e arquivase o expediente.

d) O profesorado titor/a informará á xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará á nai/pai/titores legais a unha entrevista para analizar a situación creada e buscar unha solución e levantará acta desa reunión. De reconducirse a situación, arquivase o expediente .

e) De non producirse o arquivo do expediente, a dirección do centro notificarao ao Servizo Territorial do Inspección Educativa e ao Concello de residencia do alumno xunto coa listaxe de faltas de asistencia non xustificadas e o rexistro de cumprimentos das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo de trinta días naturais desde o inicio de expediente de absentismo.

ANEXO 2

## AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A aula de convivencia inclusiva é unha estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflito, entendéndoa como unha oportunidade para a reflexión, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. Entendemos que debe ser un espazo de reflexión e un espazo de traballo: espazo de reflexión, porque debe proporcionar ao alumnado a posibilidade de reflexionar sobre o feito que desencadeou que teña que estar nesa aula;e espazo de traballo, porque o neno/a seguirá o currículo coas actividades marcadas polo seu profesorado.

**Obxectivos:**

- Dotar ao Centro de espazos e tempos para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo.
- Establecer un espazo que lle permita ao alumnado distanciarse do foco do conflito e conseguir o tempo necesario para axudarlle a buscar posibles solucións.
- Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, debido á reincidencia das súas condutas contrarias ás normas de convivencia, debe ser privado do dereito á asistencia a aula durante determinadas horas, materias ou días, de xeito que non se repitan sucesos similares.

**Características:**

- Terá unha dobre vertente: reflexiva e de traballo.
- Atenderase a un alumno/a de cada vez; excepcionalmente, dous.
- O profesorado de garda será o responsable da aula, contando coa axuda do equipo directivo e o departamento de orientación.
- A Dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido na Aula de Convivencia garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais/titores.
- Un alumno/a poderá ser derivado á aula ata un máximo de tres veces por trimestre. De producirse mais veces, a xefatura de estudios estudiará outro tipo de medidas correctoras.
- O alumno/a acudirá á AC con material curricular actualizado, que será revisado e calificado polo titor/a despois do período de expulsión.

**Proceso de derivación:**

1. A xefatura de estudos convocará unha reunión co orientador/a, o titor/a do alumno para analizar as condutas, as medidas previas levadas a cabo e as

distintas medidas posibles a adoptar. Deixarase por escrito as conclusións (*FICHA DE DERIVACIÓN A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA*).

2. Unha vez tomada a decisión de derivar ao alumno/ á aula, o titor/a comunicaralle á familia e ao propio alumno/a a decisión adoptada.
3. Unha vez que se teña a conformidade expresa da familia, procederase a informar ao profesorado que atenda ao alumno/a. A xefatura de estudios pedirá ao equipo educativo que atende ao alumno/a que facilite o material de traballo no prazo máximo de dous días, traballo que será entregado na xefatura. O orientador/a elaborará un horario no que se repartan horas de traballo nas distintas materias, horas de traballo de reflexión e tempo de recreo. Este horario colgarase no taboleiro da aula de convivencia.
4. O mestre/a de garda acudirá á aula na hora que lle corresponda. Consultará no horario as actividades a realizar.
5. O/A orientador/a acudirá a aula nas horas asignadas a traballo de reflexión e de habilidades sociais.
6. Ao rematar o tempo que o alumno/a tivo que pasar na aula, reunirase o titor/a, o/a orientadora e a xefatura de estudos para analizar o desenvolvemento da medida.

**Horario, localización, instalacións e material didáctico:**

A aula de convivencia inclusiva non conta cun espazo físico que poida empregarse de maneira exclusiva para dita función. Empregarase a aula da titoría do 2º ciclo, situada no hall de entrado do edificio principal. A aula estará dotada con material curricular así como material específico para a reflexión e o traballo en habilidades e competencias sociais.

O atención da aula de convivencia inclusiva estará a cargo do profesorado de garda asignado e funcionará en horario escolar, de 9 a 14 horas.

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

## FICHA DE DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

| | |
|---|---|
| DATOS DO ALUMNO/A | |
| CURSO | |

| **MOTIVOS POLOS QUE SE ENVÍA (Descrición da conduta):** |
|---|
| |

| **ACTIVIDADES A REALIZAR NA AULA DE CONVIVENCIA** |
|---|
| |

**DURACIÓN DA SANCIÓN:**

**Ribeira, a …………….de …………………de 201..**

**Titor/a** **VºPR. O/A director/a**

**Asdo…………** **Asdo. ……………..**

C.E.I.P. Plurilingüe O Grupo
Avda. Miguel Rodríguez Bautista, 22 15960 Ribeira (A Coruña)
TFNOS : 881866335-881866338 Fax: 881866337
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgruporibeira/

**INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

A Aula de Convivencia é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento da clase. Nesta aula, o profesorado trata de darlle axuda ao neno/a para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio.

A continuación comunicámoslle a seguinte incidencia da que notificou o mestre/a

o día ________________________

Propoñendo a seguinte sanción /corrección:

Realización dun traballo específico e tamén curricular dentro da Aula de Convivencia, o cal durará ____________________________________________________________

Se vostede o considera oportuno, pode concertar unha cita co titor/a para solicitar máis información sobre o seu fillo/a respecto da súa conduta no centro.

Atentamente,

Asdo.: O profesor/a Informado o pai/nai/titor legal

ANEXO 3

## PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

No *Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa*, abórdase o tratamento do acoso. Para os efectos desta lei considerase acoso calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/s, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza.

a) Criterios de identificación do acoso

- A existencia de intención de facer dano
- A repetición de condutas agresivas
- A duración no tempo

b) Tipos de acoso escolar

- Exclusión e marxinación social
- Agresión verbal
- Agresión física
- Maltrato mixto

**Protocolo de Actuación:**

A persoa responsable da dirección do centro, ou calquera membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións.

*Primeira fase*: coñecemento da situación

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar
- Medidas urxentes de protección da presunta vítima
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación

*Segunda fase:* Rexistro de información

- Entrevista individual á vítima
- Entrevista individual ao alumno acosador
- Entrevista individual ás familias do acosado e acosador
- Solicitude de asesoramento e a apoio do Departamento de Orientación
- Solicitude de asesoramento doutros profesionais externos

Terceira fase. Análise de información e adopción de medidas

- Medidas de protección á vítima
- Medidas reeducadoras e correctoras para o agresor/s
- Comunicación á Inspección Educativa

*Cuarta fase:* seguimento e avaliación das medidas adoptadas

C. E. I. P. Plurilingüe O Grupo

# PLAN

# DE

# IGUALDADE

# 2023-2024

**Introdución**

Coeducar ou educar en igualdade supón un modelo educativo que se fundamenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantíndose o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa. A través deste modelo prodúcese o recoñecemento das diferenzas que existen entre mulleres e homes e se impide que estas constitúan o orixe dunhas relacións desiguais e de dominación dun sexo con respecto ao outro. Trátase de educar na cultura na que mulleres e homes vivan libres de ataduras e influencias que impoñen os mandatos de xénero e que incapacitan ás persoas para o desenrolo das súas capacidades en liberdade. Hoxe en día, o ordenamento xurídico español proclama a igualdade de dereitos entre mulleres e homes no ámbito educativo, desenvolvendo instrumentos que teñen como obxectivo a eliminación dos elementos discriminatorios presentes na sociedade e supeditando a actuación dos poderes públicos aos respecto deste dereito.

Os centros escolares son os lugares onde ten lugar a educación formal e se ensinan e aprenden as competencias básicas establecidas pola lexislación educativa vixente. Pero tamén, son un dos principais lugares de socialización do alumnado; mediante a relación cos e cas demais, apréndese a cultura, os valores, as costumes e tradicións dunha sociedade. Os roles e estereotipos de xénero pasan a formar parte do imaxinario colectivo como unha tradición ou un feito socialmente admitido, como parte da cultura e somos socializados/as neles. A ***escola coeducativa*** é un modelo de escola que rompe coa transmisión do imaxinario sexista, xa que significa educar na igualdade de xénero, de maneira que tanto homes como mulleres sexan alleos aos prexuízos e mandatos de xénero.

É necesario facer visible nos centros educativos a persistencia dos estereotipos sexistas da realidade social, que se perciben nos comportamentos e hábitos tanto do alumnado, como do mesmo profesorado. É igualmente preciso que o profesorado faga unha revisión das súas prácticas educativas co fin de detectar e corrixir aqueles sesgos e valores que se transmiten inconscientemente.

O alumnado ten dereito a recibir unha formación integral e coeducadora que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente de convivencia, liberdade e respecto mutuo. Ten dereito ademais de que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais así como respectar a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas ou morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

O presente **PLAN DE IGUALDADE** concíbese como o documento no que se plasma o diagnóstico da situación, os principios orientadores, os obxectivos, as actuacións concretas e as ferramentas de avaliación a través dos que se van a fomentar a educación en igualdade de mulleres e homes no centro educativo. Sistematizar e concretar toda esta información supón unha vantaxe a hora de actuar con eficacia na implantación da educación en igualdade e permite traballar de maneira coherente e coordinada outorgando carácter de unidade ás actuacións a levar a cabo. Por todo isto, este plan considerarase elemento central sobre o que se baseará o proceso de implantación da coeducación nun centro educativo.

A continuación reséñanse algunhas cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa están a funcionar no centro, como son as seguintes:

- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias a convivencia por razón de xénero, concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro, como é o Plan de Convivencia.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización a través do Plan de Acción Titorial.
- Definición das medidas de acompañamento do Protocolo de Identidade de xénero, como é a colaboración con asociacións; como a Asociación Arelas.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro que se plasmarán nas diversas programacións de aula, con carácter de transversalidade o que implica promover a integración da perspectiva de xénero na elaboración, aplicación e seguimento de todas as prácticas educativas.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado, como é a conmemoración de datas sinaladas no calendario escolar oficial como son como son o 25 de novembro (Día internacional contra a violencia de xénero), 8 de marzo (Día internacional da muller), celebracións LGBTI (como o día internacional do orgullo LGBTI), etc.
- Presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto Educativo de Centro.
- Diagnóstico previo da situación de igualdade de xénero e da violencia machista no centro e nas aulas a través de diversas actividades de titoría.
- Temos nomeada á persoa responsable de promover a igualdade no centro. É a mestra Olivia Rodríguez Nogueira.

**2. Contextualización normativa e do centro**

En España, o recoñecemento formal da igualdade de oportunidades entre mulleres e

homes queda patente na ***Constitución Española de 1978***, recoñece no artigo 14 a igualdade de toda a cidadanía española ante a lei sin que poda prevalecer discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Así mesmo, establece a educación como un dereito fundamental.

En Galicia, o ***Estatuto de Autonomía*** senta no seu artigo 4.2 as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, ao recoller a obrigación que lle corresponde aos poderes públicos de "promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A ***Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres*****,** reforzo o compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres y homes e na promoción da igualdade, atribuíndo a maior efectividade posible, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A ***Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero*****,** incorpora, de maneira xeral, a necesidade de establecer medidas de carácter preventivo, baseadas na sensibilización, prevención e

detección de situacións de violencia de xénero e obriga aos poderes públicos con competencias educativas a que fagan frente a todolos obstáculos que impidan o libre desenvolvemento do principio de igualdade.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a ***Lei 2/2014 de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e interserxuais en Galicia,*** que garantiza o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. Establece ademais os principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores públicos e privados.

Na ***Lei Orgánica 2/2006 de 3 maio de Educación (LOE)*** e ***Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)*** recollen como principios fundamentais nos que está baseada a educación, a necesidade de fomentar na escolar aqueles valores baseados na igualdade efectiva de mulleres e homes así como a prevención da violencia de xénero.

O **Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro de Convivencia e participación da comunidade educativa,** establece como principios e finalidade das normas de convivencia a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas", así como "impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos".

En abril de 2016 a Xunta de Galicia publica o ***Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade da identidade de xénero***, recolle que a educación afectivo-sexual, relativa á identidade sexual, así como a diversidade sexual; son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal é imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso de acoso ou transfobia cara o

alumnado transexual.

Con respecto aos **DOCUMENTOS DE CENTRO** que recollen aspectos relacionados coa Igualdade son:

No ***Proxecto Educativo de Centro***…

O ***Plan de Convivencia*** do centro, no que reflexamos a importancia das relacións que se establecen entre todos os membros da comunidade educativa, resaltamos o cumprimento das normas con respecto a identidade de xénero, e recóllese como unha falta leve contraria a convivencia escolar as agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e ofensas, actos de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, exercidos contra algún membro da Comunidade Educativa; sempre que non alcancen a gravidade necesaria para ser tipificada como conduta grave contraria á convivencia.

No ***Plan de Acción Titorial*** tamén figuran como obxectivos a desenvolver nas titorías a atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado así como facilitar a integración do alumnado no centro e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

Todos estes documentos foron redactados dende unha perspectiva de xénero que garanta a diversidade afectivo-sexual e a identidade sexual.

## 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia

O curso pasado 2018-2019 abriuse no centro un Protocolo por identidade de xénero, poñendo en marcha todas as medidas e actuacións en materia organizativa e de resposta do sistema educativo ás necesidades do alumno/a. Durante o curso escolar estivemos moi atentos a calquera incidencia que xurdirá para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa, non producíndose ningún incidente.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo algúns conflitos esporádicos, que se resolven fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor

. Aínda que a situación actual de convivencia por parte do alumnado é boa deberíamos, e poderíamos mellorar os seguintes aspectos:

- As pelexas e insultos como actitudes agresivas, verbal ou fisicamente, especialmente no recreo.
- O respecto ás quendas de palabra, as filas, os materiais alleos...
- Actitudes na comunicación e na interacción (p.ex.: O ton de voz do profesorado e do alumnado que con frecuencia se excede sen decatarnos).
- Coidar o reparto equitativo do espazo do patio: observamos que os nenos son mais activos e inquedos e ocupan o espazo central da pista xa que fan unha gran actividade física (xogan ao fútbol); mentres que as nenas móstranse mais tranquilas, pasivas e ocupan as zonas laterais.

Será preciso observar a situación do centro para detectar o grao de sexismo existente: como se distribúen os espazos e tempos escolares; como isto afecta ás nenas e aos nenos; as relacións que se dan; as desigualdades que se producen; os materiais escolares que se empregan; os coñecementos que se imparten nas aulas; as expectativas do profesorado e do alumnado; os contidos e a linguaxe dos libros de texto; os xogos que se practican; as relacións do profesorado e as familias; as reunións de claustro, de avaliacións; a configuración do horario lectivo, etc. En definitiva, o punto de partida é o estudo do contexto educativo do centro para detectar, mediante unha análise de necesidades, os puntos fortes e as necesidades de mellora do centro en relación coa igualdade entre ambos sexos. (*Ficha de observación ANEXO*)

**4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan en canto aos seguintes temas:**

4.1. **Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

- ✓ Dotar ao profesorado de orientacións para a determinación de obxectivos coeducativos dentro do ámbito escolar así como dos recursos necesarios para o diseño de actividades.

4.2. **Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- ✓ Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a

igualdade de trato entre todos os membros do Comunidade Educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- ✓ Proporcionar ferramentas que permitan facer un diagnóstico concreto da igualdade de xénero dentro do centro educativo.

4.3. **Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- ✓ Diseñar actividades que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual a través da colaboración do entidades externas ao centro que nos aporten información.
- ✓ Coñecemento por parte de toda a comunidade educativa do desenvolvemento do Protocolo de Identidade de xénero, por si fose necesario a activación do mesmo.

4.4. **Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

- ✓ Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestación de violencia, especialmente acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- ✓ Facilitar instrumentos e recursos ao profesorado destinados a detección e prevención primaria nas aula e no centro de posibles casos de LGBTIfobia.
- ✓ Fomentar a coordinación e colaboración cos servizos e entidades do noso entorno (servizos sociais, concello...) para contribuír a construción de comunidades educadoras.
- ✓ Desenvolver a intelixencia emocional do noso alumnado.
- ✓ Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no noso centro.
- ✓ Facilitar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación ao novo centro.

**5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

***5.1. Organización do centro:***

- O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de igualdade sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Algúns medios para a súa difusión serán a través:
  - Nas titorías de pais/nais, sobre todo nas reunións de principio de curso.

- Folletos ou trípticos dirixidos ás familias.
- Exposición das normas de convivencia a través de paneis informativos visibles.
- Uso da páxina web do centro para súa difusión entre a comunidade educativa.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, a través da colaboración co CAFI ou entidades externas ao centro.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro e nas aulas.
- Establecer canles de comunicación con outros equipos, organismos e institucións como:
  - Departamento de Orientación do IES.
  - Equipos de Orientación Específicos
  - Servizos Sociais do concello
  - Asociacións
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar, como son o 25 de novembro (Día internacional contra a violencia de xénero), 8 de marzo (Día internacional da muller), celebracions LGBTI (como o 31 marzo, día da visibilidade Trans, 26 de abril día da visibilidade lésbica ou o 17 de maio día internacional contra a homofobia, transfobia e bifobia), etc.
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro, integrando actividades que faciliten o coñecemento da identidade sexual por parte do alumnado.
- Coidar que en Educación Física non se reproduzan os estereotipos sociais, combinando actividades que requiran forza e competitividade con outras que requiran coordinación, flexibilidade e ritmo.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos

itinerarios na ESO, as modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional, contando coa colaboración do departamento de orientación dos IES adscritos ao centro.

- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participación en Plans de formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero, coeducación desde o currículo, etc.

***5.2. <u>Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes</u>:***

- Analizar a linguaxe escrita que se emprega nos documentos oficiais (comunicacións, boletíns de notas, cartas e escritos, actas, taboeiro de anuncios, etc.) comprobando que non se fai un uso sexista da linguaxe a través de ningún destos canais. (*Ficha observación da linguaxe escrita ANEXO*)
- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber (aportacións das mulleres ás ciencias, historia, cultura, etc.), os saberes asociados tradicionalmente as mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade... A través dun cuestionario sobre actividades típicas de homes e mulleres. (*Actividades típicas de mulleres e homes ANEXO*).
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades). (*Ficha observación e análise do material didáctico ANEXO*)
    - Actividades representadas: ver quen fai que, é dicir, que actividades fan as personaxes femininas e personaxes masculinas para ver si o material incurre na tradicional e discriminatoria división sexual do traballo.
    - Actitudes asumidas polas personaxes no material analizado: actitudes como autoridade, valentía, osadía, solidariedade, iniciativa, etc, e marcar que actitudes se mostran en función do sexo das personaxes.

  - Roles representados das personaxes femininas e masculinas nos libros de texto para ver si existen diferenzas por sexo.
  - Observación da linguaxe que aparece nos materiais e si se fai un uso sexista do mesmo.
- Realizar actividades de sensibilización na aula. Como sensibilización fronte a casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas ao alumnado dos últimos cursos de primaria.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias, contando coa colaboración da ANPA do centro.

***5.3. <u>Xestion dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realizacion vocacional de xeito inclusivo</u>:***

- Crear unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a interrelación entre alumnos/as que este baseada no respecto á diferenza.
- Motivar e dinamizar ao grupo sobre a violencia de xénero de modo que se preveñan este tipo de actuacións, non permitindo que o alumnado utilice expresións, comportamentos e actitudes violentas; xenerando espazos e situacións de diálogo como unha estratexia para a resolución de conflitos. (*Ficha observación das situacións de violencia de xénero ANEXO*)
- Promover lecturas coeducativas e actividades promovidas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real.
  - Visionado de películas:
    - "Quiero ser como Beckham" http://recursosdiversidadafectivosexual.blogspot.com.es/2009/03/pelicula-quiero-ser-como-beckham.html
    - "Billy Elliot" http://recursosdiversidadafectivosexual.blogspot.com.es/2009/03/pelicula-billy-elliot-quiero-bailar.html
  - Aportacións feitas polas mulleres ao longo da historia en todos os ámbitos.

    - Mulleres pintoras
      http://mujerespintoras.blogspot.com...-1593-1656.html
  - Análise crítica de todos os obstáculos que impediron e impiden a igualdade real.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión, fomentando a participación de todo o alumnado nos patios de maneira inclusiva e escapando dos estereotipos sexuais nos xogos do patio. Esta temática será a clave do PFPP que se desenvolve este curso 2019-2020 sobre “Patios inclusivos”. (*Ficha observación xestión da xona de xogo ANEXO*)
- Fomentar actividades deportivas de carácter no competitivo e nas que a participación de alumnos/as se realice de maneira conxunta. Como as Xornadas de deporte escolar que se desenvolven ao longo do curso.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual desde o ámbito da orientación educativa e vocacional, establecendo protocolos de actuación no caso de que se den situacións de acoso escolar u outras formas de violencia relacionadas co xénero, coa participación de toda a comunidade educativa.

***5.4. <u>Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:</u>***

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara a diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realizacion das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.
- Desenvolver actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia..). Mediante campañas, exposicións, charlas, debates, etc., que desenvolvan as capacidades de empatía, previsión de consecuencias e o autocontrol.

## 6. Recursos

- **Intercambia**

É un espazo virtual deseñado para compartir e intercambiar intereses, recursos, coñecementos e información sobre prácticas co-educativas entre nenas, nenos, homes e mulleres na educación. Esta iniciativa surde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través do Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa (CNIIE) e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e igualdade mediante o Instituto da Muller, en colaboración cos Organismos de Igualdade e das Administracións Educativas. Este portal plantéxase como un "centro virtual de recursos temáticos" e permite difundir e acceder a aportacións interesantes para o ámbito da coeducación: materiais, banco de recursos, lexislación, etc. www.educacion.gob.es/intercambia

- **Plurales**

É un Proxecto que ten como obxectivo crear un modelo de intervención que facilite aos centros escolares o diseño e implementación de Plans de Igualdade, como ferramenta para introducir a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas nas aulas. Transmitindo a comunidade educativa a importancia da Educación para a Igualdade. http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/programas/ProyPlurales.htm

## 7. Seguimento e avaliación

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de todos os sectores da súa comunidade educativa, arbitrando as canles oportunas para que todos os estamentos da comunidade educativa poidan aportan propostas de mellora.

Consideramos a avaliación como unha actividade continua e sistemática, integrada no mesmo proceso de desenvolvemento do Plan, que ten por obxecto proporcionar a máxima información para conseguir a mellora de dito proceso, reaxustando os seus obxectivos, revisando criticamente as variables concorrentes, e facilitando en suma a máxima axuda e orientación a todos os implicados.

No proceso avaliador destacamos tres pasos:

- **Avaliación inicial**, mediante a cal faremos un diagnostico, observando e analizando o centro no seu conxunto, prestando especial atención ás relacións, conductas e actitudes que teñen lugar nel de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos e familias). En función dos datos obtidos, defínense os obxectivos deste plan de igualdade. As ferramentas de diagnósticos serán fichas de observación e cuestionarios (ANEXO).
- **Avaliación formativa ou continua**: Valorando o desenvolvemento das actividades a través de rúbricas que recollan a valoración do profesorado sobre a execución das actividades, cuestionarios de alumnado e diarios de aula.
- **Avaliación sumativa ou final**, pola que se valorará a consecución dos obxectivos propostos neste Plan, para asegurarse de que se acadou o nivel desexado e pensar en opcións de mellora. Avaliaremos a través de indicadores de participación e resultado.

Toda a información resultante do sistema de seguimento e avaliación quede recollida nun documentos de memoria final que contará coa seguinte estrutura:

- Introdución.
- Obxectivos da avaliación.
- Resultados obtidos.
- Conclusións.
- Recomendacións de mellora e accións futuras.
- Plan de difusión da memoria final á comunidade educativa.

**8.Anexos : fichas de observación e rexistro**

## FICHA DE OBSERVACIÓN DO USO DOS ESPAZOS E TEMPO DE XOGO

| FICHA DE OBSERVACIÓN DO PATIO E ÁREAS DEPORTIVAS. DEDICACIÓN DO TEMPO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Recreo observado (curso ou cursos): | | | | | | |
| Nome da persoa que realiza a observación: | | | | | | |
| Minutos observados: | | | | | | |
| Data da observación | | | | | | |
| Xogo, deporte ou actividade realizada | Nº de persoas que organizan | | | Nª de persoas que participan | | |
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| Deporte….(especificar) | | | | | | |
| Xogo… (especificar | | | | | | |
| Actividade pasiva (especificar: estar sentados/as, comer bocadillo, etc.) | | | | | | |

| FICHA DE OBSERVACIÓN DO PATIO E ÁREAS DEPORTIVAS. DEDICACIÓN DO ESPAZO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Recreo observado (curso ou cursos): | | | | | | |
| Nome da persoa que realiza a observación: | | | | | | |
| Minutos observados: | | | | | | |
| Data da observación | | | | | | |
| Tipo de zona | Nº de persoas que ocupan ao principio da observación | | | Nª de persoas que ocupan ao final da observación | | |
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| Centro do patio | | | | | | |
| Zona rocódromo | | | | | | |
| Zona lateral 1 | | | | | | |
| Zona lateral 2 | | | | | | |

## FICHA DE OBSERVACIÓN ANÁLISE MATERIAL DIDÁCTICO

| FICHA OBSERVACIÓN DO MATERIAL DIDÁCTICO. ACTIVIDADES REPRESENTADAS | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Título do libro/material: | | | | | | | | | |
| Autor/a: | | | | | | | | | |
| Editorial: | | | | | | | | | |
| Asignatura: | | | | | | | | | |
| Curso: | | | | | | | | | |
| Nome da persoa que realiza a observación: | | | | | | | | | |
| Data da observación: | | | | | | | | | |
| Páxinas observadas: | | | | | | | | | |
| Rexistre o número de personaxes que aparecen relacionados coas actividades sinaladas: | | | | | | | | | |
| Actividades representadas | CONTIDO | | IMAXES | | TOTAL | | | % | |
